



GALICIA E A SEGA EN CASTELA Ó LONGO DOS TEMPOS



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**
Sección de Antropoloxía Cultural

**GALICIA E A SEGA EN CASTELA
Ó LONGO DOS TEMPOS**

INSTITUCIÓNS

Consello da Cultura Galega.
Sección de Antropoloxía Cultural

Consellería de Cultura, Comunicación
Social e Turismo da Xunta de Galicia.
Museo Etnolóxico de Ribadavia

EXPOSICIÓ

Realización da mostra:
Escenonet e Artecom

Realización do vídeo:
Lúa Films

Diaporama de Cuenca de Campos:
Taller de la Imagen

Comisarios:

Xosé Manuel González Reboredo
(Sección de Antropoloxía Cultural
do Consello da Cultura Galega)
e Xosé Carlos Sierra Rodríguez
(Museo Etnolóxico de Ribadavia)

Asesor/colaborador:
José Luis Alonso Ponga
(Universidade de Valladolid)

Documentalista:
Carla Fernández-Refoxo

Asesora de imaxe e audiovisuais:
Bea Pérez

**Documentalista de fondos audiovisuais
do Museo Etnolóxico de Ribadavia:**
Pilar Núñez Rodríguez

Colaboración de:
Colección Etnográfica
de Caja España (Zamora)

CATÁLOGO

Textos:
Xosé Manuel González Reboredo
Xosé Carlos Sierra Rodríguez
José Antonio Fidalgo Santamariña
José Antonio Fernández de Rota
Luis A. Gárate Castro
Marcelino X. Fernández Santiago
Jonás Castro Toledo
José Luis Alonso Ponga
Enrique Gil y Carrasco
Abelardo Moralejo
Alfonso Vázquez Martínez
Xosé C. Sierra Rodríguez

Debuxos:
Rafael Cardoso Cabrero

Deseño e maquetación:
Signum Deseño

Impresión: Litoron

I.S.B.N.: 84-95415-59-3

Depósito legal: C-1584-2002

Agradecementos: Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, Carlos Piñel (Colección Etnográfica de Caja España. Zamora), Centro de Estudos Fotográficos, Compañía da Radio Televisión de Galicia, Elvira Varela, Editorial Espasa, Filmoteca Española, Fundación Caixa Galicia, Equipo de Normalización Lingüística do Instituto de Ensino Secundario de Curtis, Espiral Maior Edicións, Hércules de Edicións, S. A., José Morales Morales (*Joseillo*), Juan Rodríguez, Keta Viéitez, Librería Incunable da Coruña, Miguel Anxo Fernández, Mosteiro de Poio, Museo do Ferrocarril, Museo do Pobo Galego, Museo da Limia (Vilar de Santos-Ourense), Nigra Imaxe, S. L., Publio López Mondéjar, Radio Astorga, Raúl Soutelo Vázquez, Santiago Míguez Amil, Taller de la Imagen, Tania Aneiros, Vicente Navarro Camacho (Arquivo Castellanos, Villarobledo, Albacete), Virxilio Viéitez, Xosé Luís Suárez Canal. Agradecemoslle tamén ó alcalde de Cuenca de Campos a súa amabilidade por recibírnos en varias ocasións para visita-la mostra alí instalada.

**GALICIA E A SEGA EN CASTELA
Ó LONGO DOS TEMPOS**

EXPOSICIÓN



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

ÍNDICE

Xosé Manuel González Reboredo e Xosé Carlos Sierra Rodríguez Introducción	9
Xosé Manuel González Reboredo Segadores e identidade galega	11
José Antonio Fidalgo Santamariña Campesiños galegos e as segas en Castela	27
José Antonio Fernández de Rota y Monter Segadores galegos en Castela	47
Luis A. Gárate Castro Os segadores galegos no contexto da emigración estacional galega tradicional e desde as condicións estruturais que posibilitaron a súa existencia	53
Marcelino X. Fernández Santiago <i>Un vrau a Castela: Os seitureiros da Terra Chá</i>	59
Jonás Castro Toledo Presencia galega en Terra de Campos: o caso de Cuenca (Valladolid)	83
José Luis Alonso Ponga Notas sobre os segadores desde Terra de Campos	109
Enrique Gil y Carrasco O segador	121
Abelardo Moralejo Galegos a Castela	129
Alfonso Vázquez Martínez Galicia e a seitura en Castela	133
Xosé C. Sierra Rodríguez Exposición. Galicia e a sega en Castela ó longo dos tempos	157

INTRODUCCIÓN

No ano 2000 o concello de Cuenca de Campos, situado no corazón da cerealística Castela, levou adiante unha iniciativa loable: presentar unha exposición sobre o tema de Galicia e a sega en Castela, tratando así de evocar unha moi vella relación entre as dúas terras, relación que se prolongou ó longo da Idade Moderna e boa parte da Contemporánea ata desaparecer a partir dos anos sesenta do pasado século XX. Membros da Sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, xunto co xerente, D. Antonio Montero Carro, efectuaron visitas a esta mostra coa finalidade de estudiala elaboración dunha versión galega dela. Razóns como a necesidade de utilizar diversos espazos en Galicia para a súa exhibición, así como adapta-lo discurso xeral a unha perspectiva galega, trouxo como consecuencia a elaboración dunha nova mostra, que é a que se presenta, en fructífera colaboración co Museo Etnolóxico de Ribadavia, dependente da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. De tódalas maneiras, os escritos publicados no catálogo de Cuenca de Campos, elaborados por estudosos galegos e casteláns, foron traducidos ó galego e incluídos aquí xunto coa versión literal dos artigos *Galicia e a seitura en Castela*, de Alfonso Vázquez Martínez, e *Galegos a Castela*, de Abelardo Moralejo, publicados na colección Alicerces do Museo do Pobo Galego, así como outros artigos de nova elaboración. Tamén consideramos oportuno incorporar á mostra un diaporama sobre a Terra de Campos que nos foi xentilmente cedido polo profesor José Luis Alonso Ponga e a empresa Taller de la Imagen. Pola contra, o vídeo sobre Galicia que acompaña á exposición é de elaboración propia do Consello da Cultura Galega, aproveitando imaxes cedidas principalmente polo arquivo do NODO da Filmoteca Nacional, pola Televisión de Galicia e por Miguel Anxo Fernández.

A Sección de Antropoloxía Cultural do C.C.G. e o Museo Etnolóxico de Ribadavia teñen que manifesta-la súa satisfacción polo feito de que o Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura asumisen o reto de sacar adiante a mostra e o presente catálogo,

contribuíndo así a recuperar unha memoria histórica escrita coa suor e co esforzo de moitos fillos de Galicia en pasados tempos. Acollida con interese polo ata hai pouco presidente da institución, o Excmo. Sr. D. Carlos Casares Mouriño, falecido de forma inesperada en recentes datas, atopou novos valedores na xerencia, nos membros da directiva do Consello e no seu actual presidente, o Excmo. Sr. D. Alfonso Zulueta de Haz. Tamén os comisarios desta mostra e catálogo temos que mencionar con gratitude a D. Francisco Fariña Busto, coordinador da Sección de Antropoloxía Cultural do Consello, e ós demais membros da citada Sección, por ter confiado en nós para sacar adiante esta iniciativa.

Unha empresa como a que agora presentamos require a colaboración de numerosas persoas e institucións. Todas elas están debidamente citadas nos créditos da mostra, catálogo e vídeos. Mais non está de máis que os comisarios manifestemos publicamente que sen a súa xenerosidade e dedicación o noso labor sería imposible.

Xosé Manuel GONZÁLEZ REBORDO
Xosé Carlos SIERRA RODRÍGUEZ
Comisarios da mostra

SEGADORES E IDENTIDADE GALEGA

Xosé Manuel González Reboredo
Consello da Cultura Galega

Consideracións iniciais

Por amable invitación do bo amigo e eminente antropólogo castelán José Luis Alonso Ponga, decidín elaborar unhas poucas reflexións sobre os galegos como segadores en terras de Castela, entendidas en sentido amplo. A miña achega vaise orientar prioritariamente cara ó papel que esta actividade, desenvolvida por paisanos meus alomenos desde o século XVII ata ben entrado este século que estamos despedindo, desempeñou na construción dunha identidade galega. Pero antes de abordar este lugar central creo necesario facer unhas consideracións iniciais para situa-lo asunto nun marco adecuado, segundo a miña perspectiva.

Algúns antropólogos, empeñados en salienta-la ambivalencia e carácter polisémico das identidades manifestadas polos diversos actores sociais, tratan de aboli-las fronteiras culturais e crear unha sensación de continuidade cambiante nas culturas que conduce a un certo universalismo etéreo. Recentemente puidemos ler nun traballo, presidido por esta orientación, que as isoglosas das linguas románicas permitirían establecer na Rumania tanto unha nación coma centos de nacións, dado que se poden producir cambios cada 15 ou 20 km (Fernández de Rota, 1998: 359-360). É evidente que as linguas ou idiomas hoxe recoñecidos construíronse nos últimos século a partir de, e por encima de, falas locais. Nese nivel das falas, as fronteiras lingüísticas —o mesmo que as marcadas por outros indicadores de cultura— tenden a diluírse nun *continuum*, nunha ampla e difusa “zona de transición permanente”, que crea no estudioso ou observador unha sensación

de imprecisión, que entusiasmo ós amantes da ambigüidade como manifestación do pensar e obrar humanos. Pero non é menos certo que sobre esa ambigüidade se construíron, con maior ou menor precisión, unhas fronteiras que podemos cualificar de étnicas, culturais ou, nos últimos séculos, nacionais e/ou estatais. E nesta esfera supralocal é na que, plurisecularmente, se vai deseñando unha identidade tendente a clasificar os homes como galegos, casteláns, bretóns, corsos, etc., ou tamén como españois, franceses, etc. Non é momento de desenvolver un amplo discurso sobre as identidades que pode asumir un ser humano inmerso na sociedade, a cultura e o territorio, identidades que se superpoñen ou alternan segundo a circunstancia, aínda que non funcionen de xeito ilimitado e todas á vez, so pena de caer nun caos en que o individuo perda uns referentes mínimos que lle permitan compartir con outros a súa dimensión sociocultural. Mais facíase preciso, ó meu xuízo, puntualizar esta cuestión antes de entrar en materia para evitar singraduras sen compás no avolto mar das identidades de grupo.

Feita a anterior advertencia, sinalaremos que aceptamos como concepto asumible, a pesar dos problemas que comporta, o vello concepto de *etnia*, ou tamén o de *grupo étnico*, para definir unha colectividade humana máis ou menos grande con individuos que poden compartir uns trazos físicos propios, pero que en xeral se define, e é definida, por un cúmulo de elementos de cultura e comportamentos que son percibidos polos seus membros e polos alleos como específicos, converténdose en signos diacríticos de identidade, é dicir, en sinal e/ou símbolo de etnicidade (Hutchinson e Smith, 1996:6; Bonté e Izard, 1996: voz “etnia”; Barfield, 1997: voz “ethnic groups”). A asunción por uns e os outros deses signos diacríticos é independente moitas veces da maior ou menor distancia étnica, cultural, que poida haber entre un grupo e outro, e tamén da escasa distancia formal entre cada un deses elementos. Un exemplo relacionado cos contactos entre galegos e casteláns pode se-la coñecida e disonante palabra *carajo* (castelán) e carallo (galego); entre ambas a distancia lingüística, como se pode apreciar, é moi pequena, pero iso non é impedimento para que os casteláns, onte coma hoxe, poidan perfectamente saber que están ante un galego cando escoitan esta palabra, xeralmente de forma exclamativa, na versión galaica. Así acontecía, seguramente, cos nenos da vila zamorana de Argujillo nos últimos anos do século pasado e comezos do presente, os cales repetían despectivamente ante os segadores galegos que por esta vila pasaban unha frase interxectiva: *¡Barrallo morallo!*, na que a primeira palabra é, evidentemente, unha forma adulterada de carallo (Moralejo, 1997: 39).

A construción da identidade étnica, ou cultural se se prefire, dos pobos da vella Europa é un proceso que se desenvolve ó longo dos séculos, cambiando ou redefiníndose en función das circunstancias. Malia que as teorías primordialistas sobre a etnicidade tenden a sinalar que nos grupos humanos existen uns vínculos “inefables, vigorosos y obligatorios en si mismos” (Geertz, 1988: 222), derivados da contigüidade, das crenzas, costumes e linguaxes de grupo, xa Barth sinalou hai anos que a construción da identidade étnica



Foto cedida por *Taller de la Imagen*

non é un feito, senón un proceso sometido a continuas reformulacións en función da interacción co “outro”, co que temos que negociar, colaborar e mesmo, nalgunhas ocasións, enfrontarnos (Barth, 1974). Creo que é facilmente demostrable que en Galicia se foi construíndo unha etnicidade galega, por encima das diferencias interiores e as similitudes con respecto ós veciños, alomenos desde a Idade Media. En escritos medievais do século XII, como son o *Codex Calixtinus* ou a *Historia Compostelana*, xa aparece Galicia territorialmente definida por unhas fronteiras semellantes ás actuais —soamente con algunhas imprecisións notorias na súa fronteira oriental—, e tamén se repiten en varias pasaxes etnónimos como “galegos” e “casteláns” para defini-la xente que vive nos correspondentes territorios; por moito que pensemos que estamos ante un constructo culto da identidade, non hai razóns para sospeitar que esta construción letrada non responda ó feito de que entre uns e outros se podían entón atopar matices diferenciais, aínda que percibidos de xeito global e manifestados de forma retórica.

Pero Galicia, pola súa localización xeográfica e polos seus vínculos políticos, integrouse no medievo dentro dun marco espacial controlado por unha monarquía que poderíamos definir como galaico-castelá-leonesa, que se consolida no século XIII, cun centro na parte castelá, e se constitúe nunha unidade estatal prenacional que, ampliada posteriormente cara a oriente, mantense durante a Idade Moderna. Este vínculo provocou, nun

principio, unha tenue influencia sobre a cultura cotiá dos distintos territorios peninsulares; a nivel lingüístico, por exemplo, supuxo a introducción paulatina da “lingua do rei”, que podemos clasificar en sentido xenérico como castelán, en certos actos e documentos relacionados coa corte e o estado monárquico, ou en instancias de poder co anterior relacionadas. Mais esta lingua non supuxo unha uniformidade lingüística dos reinos porque, igual ca outros estados europeos, non había necesidade nin intención de que así fose, como ben sinalaron Balibar e Laporte para o caso de Francia (Balibar e Laporte, 1974: 31-32). Iso permitiu que as falas galegas, coma as doutros sitios, sobrevivisen e evolucionasen ó longo dos séculos a pesar da súa reclusión paulatina na oralidade. No caso da lingua, que poñemos aquí como exemplo notorio, sería extensible a outros aspectos da cultura que, independentemente da súa maior ou menor difusión por Galicia, van ser percibidos polos “outros” como signos diacríticos de galeguidade.

En suma, Galicia e os galegos serán catalogados historicamente como un conxunto peculiar —a pesar, insistimos, das semellanzas cara a fóra e das diferencias interiores— e esa percepción vaise manter, coas inevitables adaptacións, ata os nosos días. Pero hai que advertir que moitos galegos, por razóns principalmente económicas, vanse ver empuxados a dirixi-los seus pasos cara a outras terras, por un tempo ou de xeito permanente, e iso tamén vai influír na elaboración de novas dimensión da súa etnicidade, tanto da sentida por eles coma da imaxinada polos seus anfitrións. É neste ámbito no que, nos últimos catro séculos, aparece a figura do segador galego, motivo e razón deste escrito.

“Señores viajeros al tren... y gallegos también”

A sociedade galega do Antigo Réxime, como é lóxico, era unha sociedade estamental. Un sector de grandes señores, fidalgos e membros da clerecía mantiñan nas súas mans os resortes do poder político, social, relixioso e económico. Por debaixo desta minoría pululaba unha masa de campesiños, artesáns, mariñeiros, así como unha moi escasa burguesía comercial. Malia que xa desde o século XVIII se detectan tímidos ensaios de cambio, acentuados no XIX, o certo é que Galicia chegou á Idade Contemporánea, incluso ó noso século, cun fortísimo predominio do campesiñado, un campesiñado sometido durante tempo a cargas forais, sempre abafado por un feroz minifundismo e polas consecuencias dunha superpoboación crónica, o que provocou a aparición de estratexias adaptativas que paliasen a situación. Unhas delas foi a emigración, xa fora definitiva, xa unha “emigración andoriña” temporal. Como mostra do fenómeno sinalaremos que o profesor Mejjide Pardo, nun estudio editado hai anos, sinala que, a finais do século XVIII, había un grande número de galegos traballando como lacaios,

mozos de corda ou vendedores de auga en Madrid, Sevilla ou Cádiz, e no ano 1800 posiblemente estivesen afincados en Portugal a nada desprezable cifra de 80.000 galegos (Meijide Pardo, 1960: 70 e ss.). Ó longo do século XIX e primeira metade do XX esta emigración intrapeninsular viuse amplamente complementada, reforzada, cun importante éxodo transoceánico, e o proceso coñeceu un último episodio, xa de diáspora xeneralizada en moitas comarcas, coa emigración europea, ou cara ós centro fabrís hispanos, nos recentes anos sesenta e setenta —diáspora na que, en cantidade importante por primeira vez na historia, nos fixeron compañía moitos casteláns, entre outros.

Nos casos de emigración puntual con retorno sempre se persegue complementalos recursos dispoñibles na terra de orixe, pero non abandonar definitivamente o solar patrio. E esta posibilidade poténciase cando, a unha distancia non imposible de salvar en tempo prudencial, atópase unha actividade estacional necesitada de man de obra. Así ocorría coa cerealística Castela, onde cada ano, cando o cereal maduraba, era preciso en breve tempo realiza-la súa sega, o que requiría a dispoñibilidade de grandes cantidades de forza laboral de maneira puntual. Por iso unha cantidade de galegos que podemos estimar en 25/30.000 —algunhas fontes do século XVIII elevan a cifra a 60.000 (Dalrymple, 1962: 684)— abandonaban cada ano a súa aldea de residencia e emprendían un longo camiño ata terras de León, as dúas Castelas e incluso Estremadura, onde eran requiridos como segadores e, complementariamente, como recolletores de garanzos ou outros froitos. Non procedían, sen dúbida, de tódalas partes, sendo as localidades do centro e oriente do país galego as que proporcionaban o groso deste colectivo, frecuentemente acompañado de habitantes de aldeas limítrofes coa Galicia administrativa, pero asimilables ós galegos por afinidade de fala e cultura.

A continuidade desta relación de interdependencia xerou, como era de esperar, toda unha serie de mecanismos conducentes a organizar este fluxo. Non dispoñemos de numerosas fontes ou estudos sobre estas moradas do vivir galaico, mais si contamos con indicios suficientes para descubrir algunhas claves organizativas (Vázquez Martínez, 1997; Lorenzo Fernández, 1979: 595 e ss.; Tenorio, 1982: 32 e ss.), das que vou dar conta de maneira breve á espera de que outros estudiosos convocados a colaborar nesta obra saiban pormenorizalas con máis detalle. En efecto, contra maio de cada ano organizábanse cuadrillas máis ou menos numerosas nas aldeas galegas para inicia-la marcha a Castela. Dirixidas por un *maioral*, e formadas por *segadores*, *atadores* —ocasionalmente algunha *atadora*- e *servidores*, reuníanse ó abrente do día fixado nun lugar preciso da aldea para iniciar unha longa andadura que os levaría a terras castelás. A marcha facíase tradicionalmente a pé, aínda que nos últimos decenios do fenómeno se usaba tamén o ferrocarril cando era factible; neste último medio de locomoción desprazouse, en 1936, a terras da provincia de Madrid un informante noso, natural da Galicia central e afincado en Compostela, quen, sorprendido, coma os seus compañeiros, polo comezo da Guerra Civil,



seguiu segando o cereal e retornou máis tarde a Galicia con pasaporte militar. As rutas de saída de Galicia eran as habituais para este e outros asuntos. Las Portillas, entre Galicia e Zamora, Puente de Domingo Flórez, no val do Sil, ou Pedrafita do Cebreiro, entre as serras lucenses e o Bierzo, supuñan unha primeira gran transición do inmediato ó afastado, algo que se ía perfilando paulatinamente desde o momento en que a aldea natal era abandonada. Ademais destas vereas, descritas na literatura etnohistórica ó respecto, tiven a oportunidade de detectar outra hai algúns anos no oriente lucense, en terras do municipio de Navia de Suarna; en efecto, o vello camiño que, desde a aldea de Murias de Rao, leva ó Porto dos Ancares, pasando pola alzada de Pandozarco e a braña da Cespedosa, tamén foi empregada en tempos por segadores procedentes da parte oriental da actual provincia lucense, podendo desde aquí alcanza-lo Bierzo a través de Sésamo, unha vez salvado o alto de Lumeiras na antesala do val de Ancares —ou no seu remate visto desde perspectiva occidental—. De tódolos xeitos, posuímos indicios documentais suficientes para pensar que os nosos segadores non deixaban de sentirse de todo na súa terra imaxinada de referencia ata que superaban o Bierzo e, desde os portos que o separan da meseta castelá, dirixían unha última ollada ás afastadas montañas galaicas e asemade divisaban, ó

oriente, a chaira na que ían desenvolver un duro labor durante dous meses. Por iso había alí marcadores simbólico-rituais da fronteira mental-cultural, representados polo costume de que os segadores principiantes guindaban na Portilla de Padornelo (Zamora) e, sobre todo, na Cruz de Ferro, ó pasa-lo porto de Foncebadón, unha pedra nos *milladoiros* alí formados polas depositadas con anterioridade (Taboada Chivite, 1980: 156; Gil Carrasco, 1964: 1215). Pola mesma razón, non é de estrañar que, á volta, e en agradecemento por un retorno feliz, moitos deixasen as súas fouces como ofrenda no santuario da Nosa Señora das Angustias, situado á baixada do citado porto de Foncebadón (Gil y Carrasco, 1964: 1219); e tamén había outras advocacións marianas nas saídas de Galicia ás que os nosos segadores se encomendaban, como a Virxe do Bo Suceso, en terras do oriente ourensán, ou a de Tuíza (Lubián), en espacio administrativamente zamorano, pero de innegables afinidades coa cultura galego-oriental (Vázquez Martínez, 1997: 27). Non deixa de ser significativo que algunhas destas advocacións aludan ás “Angustias” ou ó “Bo Suceso”, o que indica unha lóxica cultural implícita, en tanto que no primeiro caso a Virxe é avogada dos que, coma ela, están angustiados na ruta cara á incerteza, e no segundo convértese en ente sacro propiciador de éxito na sempre insegura empresa da emigración a outra terra.

“Manso boi galego”

Escasean as imaxes plásticas que permitan compoñer un perfil do segador en camiño. Hai, sen embargo, unha moi divulgada na que podemos intuír os trazos fundamentais da marcha, debida a Alenza e complemento do relato costumista saído da pluma do escritor decimonónico Gil y Carrasco (Gil y Carrasco, 1964: 1216). Esta imaxe, a pesar da súa notoria idealización folclorista, resulta unha plasmación plástica, acorde co texto que ilustra, do que poderíamos cualificar como un manso “boi galego”. Eslombado no sentido da marcha, con sombreiro que protexe da dictadura do sol castelán, o galego parece camiñar pesadamente, descalzo ou semidescalzo, coa fouce na man dereita, cabaça ó cinto e un fardelo ás costas pendente da moca. A súa actitude, aparentemente submisiva e cansada, incita a intuír unha forza física mestura de constancia paciente e de resignación heroica.

Tódolos datos dos que dispoñemos condúcennos a pensar que a única meta do segador galego era obter uns recursos monetarios que lle permitisen mellora-la súa máis ou menos débil economía. E para iso era preciso non soamente negociar uns salarios o máis vantaxosos posible —cuestión que correspondía ó maioral—, senón traballar arreo e sen máis limitacións horarias que as impostas polo cansazo, a necesidade de alimentarse ou a

escuridade da noite. Traballar convertíase así nun acto clave durante as xornadas castelás, soamente abandonado nalgúns momentos puntuais, como a festa do patrón Santiago, que celebraban moitos segadores, ou as celebracións informais que podían ter lugar ó terminar unha contrata. Traballábase de sol a sol, cun descanso a medio día imposto polo sol de (in)-xustiza; pero podíase segar tamén pola noite se o luar axudaba. Salvo excepcións, imperaba sen dúbida unha concepción de Castela como terra para traballar e sacar un xornal. Por iso os segadores, coma outros emigrantes dedicados a tarefas diversas, eran considerados como traballadores sufridos e constantes, valorados pola súa resistencia, pero nada máis. Fronte a eles, os casteláns sentíanse en situación de superioridade, como reflicte o seguinte cantar:

Venga el gallego a segar,
miserable jornalero,
que los hombres de Castilla
tienen el trabajo a menos.

(Lafuente y Alcántara, 1865: 402)

Independentemente do reduccionismo estereotipado que contén esta peza de literatura oral, hai que sinalar que contamos con outros testemuños en que a forza de traballo galega é vista como básica para a economía agraria castelá. Así, un viaxeiro do século XVIII, o militar inglés W. Darymple, descubriu en 1774 que “puede en verdad decirse que los pueblos de Castilla están absolutamente en dependencia de los de Galicia para sus trabajos manuales, y, sin embargo, los tratan de vagabundos y miran con el mayor desprecio”. (Dalrymple, 1962: 685). É precisamente esta característica de “traballador” a que o galego vai aproveitar para situarse nas sociedades de acollida, non soamente no caso dos segadores, senón no de calquera outro tipo de emigración. A título de exemplo diremos que, xa no noso século, tamén os galegos emigrados na localidade brasileira de Bahía eran vistos como esforzados traballadores; segundo nos di un antropólogo estudioso desta comunidade emigrante: “ao galego compete traballar todo o tempo, quase sem descanso...” (Bacelar, 1994: 112). Inmerso nun contexto sociocultural que o integra principalmente como forza de traballo, o galego vai desprezar unha estratexia de traballo duro/aforro intenso ata que chegue o retorno á terra natal. Os nosos segadores, por imperativo material, pero tamén por incitación do “outro”, aproveitarán a capacidade de traballo como o mellor da súa identidade, actuando así de xeito semellante ós grupos estigmatizados ós que se asigna unha pertenza determinada a partir dunha propiedade das que constitúen a identidade social. Pechados nunha categorización e ámbito de competencia concretos, non teñen máis remedio que salientalo positivo da visión que lles ofrecen ós demais para lograr unha clasificación o máis favorable posible (Bourdieu, 1979: 554; González Reboredo, 1995: 160).

“Gallego si no lo haces”

As peculiaridades culturais, lingüísticas e de actividade propias dos segadores e outros galegos emigrantes provocaron que en terras castelás se desenvolvese toda unha concepción estereotipada de Galicia e dos galegos que contén acusados matices negativos. Neste caso, coma noutros, a elaboración do estereotipo negativo baséase en feitos inicialmente “obxectivos”, aínda que parciais; empregando o principio de *pars pro toto* —é dicir, o “galego emigrante” polo “galego en xeral”—, que está na base do tropo coñecido como sinécdoque, elabórase unha peculiar descualificación dos galegos que vai funcionar na mentalidade castelá plurisecularmente. Non se trata, por suposto, dunha argumentación *ad hominem* —o galego individual podía chegar a ser apreciado, e mesmo algúns segadores, aínda que poucos, acabaron afincándose e integrándose en Castela—, senón dun cliché aplicado de xeito global a unha colectividade que é imaxinada como “os galegos”. Aínda que os antropólogos amantes de esvaece-las fronteiras territoriais e culturais poden restar importancia ó feito, non podemos negar que, alomenos desde o século XVI, configúrase unha descualificación estereotipada dos galegos que non ten, pola súa intensidade, equivalente no que se refire a outros pobos da península. Algúns estudiosos ó respecto recolleron importantes mostras do repertorio de cualificacións negativas aplicadas ós galegos emigrantes noutras terras hispanas (Taboada Chivite, 1955). A través deles sabemos, por exemplo, que no século XVII debían estar estendido por Castela o dito “antes puto que gallego”, o que presenta a variante en Tirso de Molina de “antes moro que gallego” (Temprano, 1988: 138). Nos tempos máis recentes, os nenos de Argujillo (Zamora) cantábanlles ós segadores galegos que pasaban por alí diatribas coma as seguintes:

Los gallegos en Galicia
cuando van en procesión
llevan un gato por santo
y una vieja por pendón.

Gallego moruso,
quien te compuso,
tu madre con la rueda,
tu padre con el huso.

(Moralejo, 1997: 39)

É ben sabido que na construción da identidade dun grupo A inflúe de maneira máis ou menos intensa o que outro grupo B di ou pensa sobre aquel, especialmente se o grupo segundo é situado nunha posición de superioridade. Aínda que resulte evidente que non tódolos galegos eran coma os pobres segadores ou emigrantes de diverso tipo que acudían a terras de Castela —igual que non tódolos casteláns eran ricos e poderosos—, a visión de Galicia por parte dos casteláns construíuse a partir deste específico contacto, e o estereotipo elaborado con esta óptica tivo que acabar influíndo no propio

grupo descualificado, o que acaba asumindo unha *autoidentidade negativa* de xeito permanente ou circunstancial. O feito, por outra parte, está ben documentado nalgúns estudos dedicados a grupos étnicos doutras terras de Europa; así, os lapóns da costa de Finmarken, segundo Eidheim, construíron unha identidade estigmatizada a partir do seu contacto asimétrico cos noruegueses, pois tódolos trazos propios da cultura lapona, como a lingua ou os costumes, foron sometidos a unha intensa descualificación (Eidheim, 1976). Algúns datos illados permítennos deducir que a valoración negativa dos galegos debeu provocar unha certa síndrome de inferioridade nos nosos segadores. O xa citado Gil y Carrasco recolle unha historia moi difundida segundo a cal unha cuadrilla que retornaba a Galicia foi roubada por dous salteadores, e eles non ofreceron resistencia ningunha a pesar da súa superioridade numérica porque “como veníamos solos, ¿nos encugimus!” (Gil y Carrasco, 1964: 1218).

“Castellanos de Castilla, orellas de burro branco...”

A citada identidade negativa é un froito salientable das consecuencias dunha relación complementaria, pero notoriamente asimétrica, entre os galegos e os seus anfitrións casteláns. De tódolos xeitos, esta visión do galego en Castela non pasa de ser un reduccionismo que require ser complementado con outros aspectos. Por iso é preciso ampliar a visión antes dada con outros matices que desenvolveremos neste epígrafe.

Unha primeira pregunta que cumpría facerse é se os galegos segadores conseguían cumprir coa finalidade primaria que os levaba a saír penosamente do seu lar natal. E neste sentido as fontes de que dispoñemos parecen sinalar que, en efecto, así era, alomenos nunha parte. O xa citado W. Dalrymple indícanolo no seu libro de viaxes coas palabras seguintes, derivadas dunha conversa cun segador: “Me dijo que había hecho de este modo cuatro viajes a Castilla, y que éste le había valido ciento diez libras; pero que sus camaradas no traían más de sesenta a setenta y tres cada año” (Dalrymple, 1962: 684-685). Algo parecido acontecía nas primeiras décadas do século actual, cando un segador podía obter ata 1000/1100 pesetas por temporada, 400/600 un atador e 1500/2000 un maioral (Vázquez Martínez, 1997: 23). Con mellor ou peor fortuna, parece que o segador galego, como é lóxico, obtiña uns rendementos monetarios que lle permitían mellora-la súa economía persoal e familiar, aínda que ás veces accidentes fortuítos ou circunstancias adversas podían facerlle perde-la ganancia. Con este incentivo, a saída a Castela para a sega, o mesmo que calquera outro tipo de emigración, acaba incrustándose na cultura local e convértese nunha posibilidade asumida pola colectividade, perdendo a aparencia de fenómeno extracultural e perfilándose como un elemento intracultural máis da sociedade rural galega, alomenos como alternativa (Rodríguez Campos, 1984: 37; González Reboredo, 1995: 158).



Foto: Bene. Nigra Imaxe, S.L.

Pero, ademais de beneficio económico, o galego viaxeiro por necesidade a Castela desenvolveu mecanismos de afirmación de identidade cando as circunstancias o permitían, e tamén contraatacou ós que o denigraban, construíndo pola súa vez estereotipos defensivos nos que se manifestan aspectos da tensión vital-cultural na que viviu. A pesar da súa inferioridade estrutural, tiña que buscar fendas polas que intentar reequilibrar unha dialéctica social que lle era adversa. Unha primaria maneira de logralo era a de evocar, se a circunstancia o permitía, a afastada terra de pertenza. Contamos cun testemuño de 1862, debido a Davillier, no que asoma esta dimensión elemental de identidade galega:

¡Y como aman a su tierra estas buenas gentes!. Un día, en medio de las llanuras de la Mancha... nos acercamos a doce segadores gallegos que estaban a poca distancia... Les hablamos de Lugo, de Santiago, de sus montañas. Sus toscos semblantes se iluminaron de gozo, nos cogieron de las manos y tuvimos que empinar la bota para beber un hilillo de vino tinto en honor de Galicia (Alonso Montero, 1974: 200; González Reboredo, 1995: 156).

No tocante á dimensión máis agresivo-verbal, que deixa no patrimonio literario pegadas definitivas, destacaremos que no cancionero popular de Galicia atoparemos

algúns exemplos, non moi abondosos, pero si significativos, desta. É ben sabido que no século XIX a insigne poetisa Rosalía de Castro glosou nun poema unha cantiga galega que dicía:

Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos,
cando van, van como rosas,
cando vén, vén como negros.

(Rosalía de Castro, 1978: 147)

Aínda que Rosalía desenvolveu o tema con gran dureza en contra dos casteláns, o certo é que estes catro versos reducen o seu contido a un lamento ou petición de bondade. Pero tamén atopamos algunha outra composición na que aflora unha crítica ou un desprezo polos casteláns. O primeiro documéntase nunha cuadra na cal os dous primeiros versos serven de título a este epígrafe, e que agora completamos:

Castellanos de Castilla,
orellas de burro branco,
que non dades ós galegos
unha hora de descanso.

(Alonso Montero, 1969: 12)

En canto ó segundo, o desprezo vingativo, advírtese noutra, na que se insinúa que os casteláns han cria-los fillos dos galegos:

Castellanos de Castilla
vós habedes rabear,
os galegos fan os fillos,
vós habédesllos criar.

(Vázquez Martínez, 1997: 36)

Parece probable que esta cantiga aluda a algúns illados amoríos dos galegos en terras de Castela, algo que era difícil, dadas as precaucións tomadas ó respecto segundo un caso no que un segador galego foi parar ó cárcere polo mero feito de dicirlle galanterías á filla do administrador da propiedade en que traballaba. Se os antropólogos dedicados á chamada antropoloxía mediterránea teñen razón ó poñer énfase na dimensión “honor e vergonza” —no caso de Galicia, e no Portugal setentrional, non sería facilmente aplicable o cliché—, non cabe dúbida ningunha de que esta posibilidade suporía, de xeito consciente ou inconsciente, unha notoria vinganza por parte da cultura estigmatizada, pois equivalería a un atentado contra o núcleo central do *ethos* castelán. Sería absurdo pensar que o segador galego estivese obsesionado con tomar esta vinganza, na práctica e premeditadamente, contra quen tiña que servir, pero non é menos certo que a cantiga expresa un ideal retórico de desquite por medio do cal un segmento sociocultural manifesta o seu resentimento cara a aqueles que son vistos como provedores de traballo,

pero tamén como amos superiores. Desta maneira velada, máis contundentemente ofensiva, trátase de equilibrar un pouco unha balanza cultural que, no caso que tratamos, estaba decididamente inclinada a favor dos que eran vistos, de xeito global e estereotipado, como “os casteláns”.

“Viva la cultura de todos los pueblos de la Tierra”

Como se puido apreciar, fun titulando os distintos subepígrafes deste escrito con clixés lingüísticos sacados de relatos, ditos e cantigas que aluden ó aspecto abordado en cada un deles. O primeiro que empreguei, *Señores viajeros al tren... y gallegos también*, procede dunha anécdota que se conta en Galicia, seguramente con base real, segundo a cal así se anunciaba nalgunhas estacións a saída de trens onde viaxaban segadores galegos. O segundo, *Manso boi galego*, é unha expresión que non coñezo en versión oral-popular, pero que si vin usada por algún escritor de Galicia. O terceiro, *Gallego si no lo haces*, foi un dito bastante estendido entre nenos e mozos casteláns para retar a algún compañeiro apoucado no xogo ou na competición. No que se refire ó cuarto, *Castellanos de Castilla, orellas de burro blanco*, está tomado dunha cantiga popular, como xa se dixo. A través deles tratei de dar conta dos distintos matices que a identidade galega, vista desde a perspectiva da interacción entre traballador inmigrante de Galicia e castelán, tivo para uns e outros ó longo dos últimos séculos. Pero é hora de advertir, a modo de conclusión, que esa vella interacción constructora de identidade pertence ó pasado, e que hoxe en día tanto galegos como casteláns temos por diante outros retos cos que enfrontarnos para construí-la nosa identidade presente ou a do noso futuro próximo. Un estudioso do nacionalismo, Gellner, deixou escrito que “aunque es poco probable que la vieja plétora de culturas populares sobreviva, como no sea en forma de recuerdo envuelto en papel de celofán, sin duda seguirá habiendo (afortunadamente) una pluralidad internacional de culturas desarrolladas que, en algunos casos, serán incluso bastante diferentes” (Gellener, 1997: 156). O esforzo debe orientarse, de acordo co arriba manifestado, a conseguir que as nosas respectivas culturas e pobos sobrevivan en diversidade. E para iso é preciso que teñamos capacidade para inventarnos no dobre sentido deste termo, é dicir, tanto na dimensión de seguir descubríndonos no que herdamos coma na de lograr imaxinativamente construír novas esferas de identidade, ou verémonos absorbidos totalmente por un insípido *melting pot* do que quizais, entre outras moitas cousas, algún oportunista estudioso da cultura poida extraer algunha esvaecida ambigüidade para así consolida-lo seu status e o dos seus sipaios, pero que, no fondo, tenderá a enmascarar perigosas e inxustas estratificacións socioculturais. De non facelo así, seremos inexorablemente inventados por outros, e a

nosa identidade étnica, cultural, pasará a engrosa-la colección de recordos envoltos en papel de celofán antes mencionados. É certo que o temos difícil, por iso nesta tarefa necesitamos dunha solidariedade que non enmascare a diferenza, senón que a consolide. Non debe se-la nosa aspiración construír fronteiras de explotación ou de discriminación, senón restablecer lugares mentais e físicos a partir dos que sexamos capaces de levar a cabo un equilibrado intercambio de individuos, técnicas, ideas, afectos e valores. Con esta óptica xa non é necesario elaborar mecanismos defensivos ou descualificativos do outro, coma os que vimos nalgúns epígrafes deste escrito, senón simplemente ser respectuosos coa peculiaridade. Dunha maneira inconsciente, pero tamén contundente, aludía a isto un xeneral do Carnaval na comarca galega da Ulla hai uns anos cando, desde o seu minúsculo universo parroquial, lanzou un típico viva co contido expresivo que empreguei para encabezar este epígrafe final: *¡Viva la cultura de todos los pueblos de la Tierra!*

Bibliografía

- Alonso Montero, J. (ed.) (1969): *Cantigas sociais*. Ed. Castrelos, Vigo.
- Alonso Montero, J. (1974): *Galicia vista por los no gallegos*. Ed. Júcar, Madrid.
- Bacelar, J. (1994): *Galegos no Paraíso racial*. Ed. Iamaná/CEAO/CED, Bahía (Brasil).
- Balibar, R. e Laporte, D. (1974): *Le français national*. Librairie Hachette, París.
- Barth, F. (1976): “Introducción”. En: *Los grupos étnicos y sus fronteras*. Ed. Fondo de Cultura Económica, México, p. 9 e ss.
- Barfield, T. (ed.) (1997): *The Dictionary of Anthropology*. Blackwell Publishers, Oxford, UK.
- Bonte, P. e Izard, M. (eds.) (1996): *Diccionario de Etnología y Antropología*. Ed. Akal, Madrid.
- Bordieu, P. (1979): *La distinction. Critique sociale du jugement*. Ed. Minuit, París.
- Castro, Rosalía de (1978): *Cantares Gallegos*. Ed. Cátedra, Madrid.
- Dalrymple, W. (1962): “Viaje a España y a Portugal”. En J. García Mercadal: *Viajes de extranjeros por España y Portugal*. Vol. III. Ed. Aguilar, Madrid, p. 646 e ss.
- Eidheim, H. (1976) “Cuando la identidad étnica es un estigma social”. En F. Barth (comp.): *Los grupos étnicos y sus fronteras*. Ed. Fondo de Cultura Económica, México, p. 50 e ss.
- Fernández de Rota y Monter, J. A. (1998): “La diferencia desde el punto de vista de la gente”. En H. M. Velasco e J. Prieto (eds.): *Democracia y diferencia. Cultura, poder y representación en los Estados Unidos y España*. Ed. UNED, Madrid, p. 359 e ss.
- Geertz, C. (1998): *La interpretación de las culturas*. Ed. Gedisa, Barcelona.
- Gellner, E. (1997): *Naciones y nacionalismo*. Ed. Alianza, Madrid.
- Gil y Carrasco, E. (1964): “El segador”. En E. Correa Calderón (ed.): *Costumbristas españoles*. Tomo I. Ed. Aguilar, Madrid. p. 1214 e ss.
- González Reboredo, X. M. (1995): “La identidad del emigrante gallego”. *Anthropologica. Revista de Etnopsicología y Etnopsiquiatría*. Barcelona. Nº. 18, segunda época, p. 151 e ss.
- Hutchinson, J. e Smith, A. D. (1996): “Introducción”. En Hutchinson / Smith: *Ethnicity*. Oxford University Press, Oxford-New York, p. 3 e ss.
- Lafuente y Alcántara, E. (1865): *Cancionero popular*. Tomo segundo. Imp. Carlos Bailly Bailliere, Madrid.
- Lorenzo Fernández, X. (1979 [1962]): “Etnografía. Cultura material”. En R. Otero Pedrayo (dir.): *Historia de Galicia*. Tomo 2. Ed. Akal, Madrid.

- Meijide Pardo, A. (1960): *La emigración gallega interpeninsular en el siglo XVIII*. Instituto Balmes de Sociología, CSIC, Madrid.
- Moralejo, A. (1997 [1950]): “Galegos a Castela”. En *Galicia e a seitura en Castela*. Ed. Museo do Pobo Galego, Santiago, p. 38 e ss.
- Rodríguez Campos, X. (1984): “Análise antropolóxica da emigración”. En *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*. Ed. O Castro, Sada (A Coruña), p. 37 e ss.
- Taboada Chivite, X. (1955): “La descalificación de Galicia en la literatura y en el pueblo”. *Douro litoral. Boletim da Comissão Provincial de Etnografía e História*. Porto. Sexta série, VII-VIII, p. 105 e ss.
- Taboada Chivite, X. (1980): “O culto das pedras no noroeste peninsular”. En *Ritos y creencia gallegas*. Ed. Sálvora, A Coruña, p. 145 e ss.
- Temprano, E. (1988): *La selva de los tópicos*. Ed. Mondadori, Madrid.
- Tenorio, N. (1982 [1914]): *La aldea gallega*. Ed. Xerais de Galicia, Vigo.
- Vázquez Martínez, A. (1997 [1947]): *Galicia e a seitura en Castela*. Ed. Museo do Pobo Galego, Santiago.

CAMPESIÑOS GALEGOS E AS SEGAS EN CASTELA

José Antonio Fidalgo Santamariña
Universidade de Vigo: Campus de Ourense

Durante a recollida de datos de campo para a elaboración do presente traballo tiveron ocasión de conversar cun bo número de campesiños orixinarios de Sandiás (Ourense), Friol e Guitiriz (Lugo), Curtis e Sobrado dos Monxes (A Coruña), que lembran con vivacidade as condicións de traballo e de vida sobre os extensos campos de trigo das provincias da actual Comunidade Autónoma de Castela-León e de Estremadura.

A idade en que estes segadores informantes comezaron a ir ás segas de Castela era arredor dos 18 anos; pero nos tempos tradicionais sabemos que o facían xa desde os 15 e 16 anos, e continuaban indo mesmo cumpridos os 50 anos. De acordo coa idade do traballador seranlle confiadas tarefas diferentes. No estudio *Galicia y la siega en Castilla*, A. Vázquez sinala que os segadores tiñan entre os 18 e 45 anos, os atadores entre os 14 e 16 anos, e os servidores entre os 16 e 18 (Cfr. Vázquez, 1948).

Tamén constata este autor o numeroso continxente de segadores galegos que cando chegaba o momento se reunían en distintas vilas de Galicia para dirixirse desde alí a Madrid, Estremadura, as dúas Castelas e Andalucía. Especialmente alude ós “175 o 200 que se reunían en Bande, los 200 de Allariz; los 50 á 60 de Muíños; los de Verín, Ginzo, Villariño en Orense y los que, procedentes de fértiles terras de Ribadeo, Mondoñedo, Villalba, Santabaya, San Lorenzo, San Simón, Santa Marta en Lugo, y Pontes de García Rodríguez de La Coruña y aún Pontevedra, daba su contingente pués Arbo y el partido de A Cañiza suministraba brazos para tal labor, hallando que aquél, en el año 1847, envió según datos oficiales 59 hombres (Vázquez, 1948: 319).

Todos estes colectivos numerosos de galegos en camiño cara ós campos da sega casteláns, o mesmo que aqueloutros que permanecían segando polo interior do País Galego, desapareceron sendo substituídos pola moderna mecanización do campo que

acabou de xeneralizarse a partir de mediados do século XX. Pero nos tempos clásicos desta ambulancia, que é posible que abrangan desde o século XVI, no que xa aparecen testemuños de campeſiños que saen ás segas do reino de Castela, ata a metade do século, cando estas saídas estacionais se reducen ata desaparecer de todo, a presenza de campeſiños segando os campos casteláns foi sempre constante e abundante.

Se lles damos crédito ós datos que nos ofrece L. Labrada na *Descripción económica del Reino de Galicia*, xa no século XVI se contaban por ducias de miles os galegos que se viron obrigados a saír tódolos anos gañar un diñeiro para paga-las rendas, alugamentos e servicios reais e persoais. Tal como especifica o autor, “salían a ganar un jornal a los reinos de Castilla, en número de mas de treinta mil hombres y mujeres, volviendo en el mes de agosto, a hacer su triste cosecha” (Labrada, 1971: 189). Nesta liña sitúase o profesor C. Sixirei ó destacar que, no século XVII, na provincia de Ourense “saía xente a moreas, precedente non só das zonas montesías senón tamén das bisbarras cerealísticas e incluso vitivinícolas, debido á depreciación experimentada polos viños do Ribeiro e Valdeorras. Trives, O Bolo, A Limia, Ribadavia, O Barco e a Terra de Monterrei aportaban anualmente un gran número de segadores e viñadores quen ían traballar a Castela” (Sixirei, 1988: 45-46). A esta provincia seguía-lle a de Lugo nesta obrigada necesidade de alimentalo costume da ambulancia estacional galega e as provincias de Pontevedra e A Coruña colocábanse xa a distancia daquelas dúas.

Os nosos campeſiños ían por tempadas sós ou en equipos de traballadores, sendo habituais e típicas as cuadrillas de segadores das que nos imos ocupar. Permanecían traballando seguido por Castela a Vella e Castela a Nova, Estremadura, Andalucía, máis ou menos un mes, sempre nunhas condicións de traballo e de vida excesivamente duras. A miúdo unha parte destes segadores quedaba máis tempo do habitual axudando noutros labores como a recollida de garavanzos, lentellas e outras leguminosas, ou ben vendimando, recollendo a remolacha, etc., ata que regresaban, ou continuaban desenvolvendo o oficio de afiador, cordeiro e outros polas aldeas e vilas castelás onde seguían ofrecendo estes servicios.

Organización da saída de traballo estacional

Durante os tempos clásicos desta actividade os campeſiños que pretendían ir ás segas debían alistarse con anterioridade para organizaren a saída e a viaxe desde a súa propia localidade. O encargado de facelo era o xefe da cuadrilla, chamado maioral ou capataz, que case sempre era un segador veterano con experiencia no labor. Este informábaos do momento de partir e uns días antes reunía nalgún lugar da súa aldea ós ano-

tados para última-los detalles da saída (hora de saír, lugares onde atoparse, modo de transporte...), de maneira que a viaxe quedara organizada. Este maioral capitaneaba as cuadrillas de segadores grandes e pequenas durante o percorrido e seguía facendo durante o tempo que durase a sega, axudando no campo de traballo, no caso de constituír cuadrillas grandes, por outro segador —o trasmaioral—, que o substitúe na organización e mando dalgunha cuadrilla efectiva de traballo. Sabemos, por algunhas informacións directas e outros estudos sobre o tema, que as datas de saída comezaban a partir da segunda quincena de maio.

No interesante artigo “Gallegos a Castilla”, A. Moralejo constata que na súa nenez víaos pasar durante días pola súa vila de Argujillo, situada entre Zamora e Fontesaúco, a 26 quilómetros de Zamora, “hacia mediados de mayo” e que “el regreso de de los que volvían por el mismo camino solía ser a finales de julio o principios de agosto” (Moralejo, 1950: 441, 443). Pero estas datas varían segundo as comarcas galegas de onde parten as cuadrillas e aquelas outras a onde se dirixen a segar. Por isto, noutro estudio sobre as cuadrillas de segadores que partiron, durante o presente século, desde os concellos de Vilalba, Xermade e Guitiriz, na Terra Chá lucense, indícase que estes campesiños “normalmente saían a finais de maio ou comezos do mes de xuño [...] adoitando situarse simbolicamente no día da Virxe (15 de agosto) como data de chegada ás súas aldeas de orixe” (Fernández, 1995: 186, 200). Varios dos meus informantes protagonistas incidían en que eles mesmos saíran da súa aldea case sempre dentro da primeira quincena de xuño e a súa tempada de sega viña durando entre un mes e medio ou dous.

Realización da viaxe ata os lugares de traballo

Durante o traxecto da viaxe, segundo se ía pasando polas vilas da ruta, o colectivo de segadores en camiño ía aumentando pola inclusión doutras cuadrillas que se sumaban para compartilo labor. Estes equipos de segadores estaban compostos basicamente por tres clases de membros, que eran: “el mayoral, los peones o segadores y los rapaces” (Moralejo, 1950: 441), estes dedicados a tarefas de engavelar e ata-lo cereal, á recollida de restroballos e á provisión de alimentos e auga para as cuadrillas.

O maioral exercía de xefe do grupo ambulante; como é lóxico, durante séculos esta viaxe realizouse andando, en sucesivas xornadas, ata que desde finais do século XIX as remesas de segadores puideron comezar a facelo en tren, en autobús e en camións.

Mentres a viaxe se fixo a pé, o maioral a miúdo adquiría un cabalo para transporta-las fouces que se ían empregar na sega, roupa e provisións —de pan, touciño, chourizos e queixo— necesarias para a viaxe. Xa no lugar de traballo, deste cabalo

servíase o mozo encargado de transportar, desde a vila ó lugar de traballo, a auga e os alimentos diarios que precisaba a cuadrilla. Noutros casos o cabalo proporcionábao o dono da parcela ou era alugado na zona polo maioral. No tocante ós outros membros da cuadrilla, adoitaban leva-la roupa e algo de comida nun fardo, e colgando del unhas sandalias ou zocos de repostro. Os segadores¹ tamén levaban consigo os apeiros de traballo propios do oficio, que eran: a fouce, uns protectores dos dedos de cana, coiro ou mixtos elaborados de ambos materiais, a pedra de afiar, a funda, que pode ser un corno de gando vacún, onde se mete a pedra. O gasto da viaxe era pequeno pero, ás veces, excedía a capacidade económica destes ambulantes, o que obrigaba a pedir diñeiro prestado a un amigo que o segador devolvía cando volvía á casa. Outras veces era o propio maioral o que llo proporcionaba descontándollo ó traballador ó final da tempada de sega.

Na súa viaxe ós lugares de sega estes campesiños galegos empregaban rutas diferentes segundo procederan da zona norte ou sur de Galicia. Aínda que seguisen rutas diversas, algúns estudiosos do tema constatan dúas principais, que son: unha seguida polas cuadrillas de segadores oriúndos das provincias da Galicia norte e outra polos da Galicia sur. Así, A. Vázquez, no seu estudio *Galicia y la siega en Castilla*, identifica estas dúas rutas, especificando sobre os segadores da provincia de Lugo que aqueles provenientes das comarcas de Vilalba e zona centro, Ribadeo e Mondoñedo concentrábanse na capital como fin da primeira etapa de ruta, e desde a cidade de Lugo —continúa detallando o autor— “pasaban a Corcovel y de allí a Trabadelo, centro todavía de la provincia de Lugo, pasando ya la cuarta jornada a Molina, en Ponferrada y entrando en la Maragatería pernoctando en Val de San Lorenzo (...) Bucelo de Páramo, era la 6ª jornada, terminado la 7ª en Cerecinos y siguiendo después por Vega 8ª jornada, Atiques 9ª, Alabajas 10ª, Perito (sic) de Guadarrama (Puerto de Guadarrama) 11ª y última ya Majadahonda o Rozas, según donde comenzaban su labor”. (Vázquez, 1948: 32).

No tocante á outra ruta, que seguen especialmente as cuadrillas de segadores ourensáns, o autor describe a ruta levada por aquel vello colectivo de 200 campesiños que se concentraban en Allariz (Ourense) para compartir xuntos a viaxe, detallando que “hacían su primera etapa de Allariz a Escornabois, en el Ayuntamiento de Trasmirás en donde pernoctaban, despues de una ligera cena, animada por un cuartillo de vino, al precio de 0,15”. Novamente, ó rompe-lo novo día, continuaban a viaxe chegando cedo a Laza, capital do Concello, onde almorzaban para chegar cara ás doce a Eiras en Campobecerros, cunha fonte á entrada da vila na que mitigaban a sede da viaxe.

¹ A aqueles membros dunha cuadrilla que desenvolven o labor de sega-lo cereal, ás veces os informantes chamábanlles segadores, outras veces fouces, outras iguais.



Era a súa primeira comida de viaxe, trala cal, ás dúas, seguían o camiño atravesando a serra Seca polas Ventas de la Tresa, Capela e Cerdeiras, facíaselles noite na Gudiña, onde ceaban “una taza de caldo gallego” que lles custaba —segue o relator— “diez céntimos, acompañado por una pieza de pan de trigo por la que pagaban 0,15 céntimos, añadiendo algo de lo que formaba parte de sus provisiones, y durmiendo en algún parador en su segundo día de viaje. [...] Les rompía el tercer día a la salida de la Gudiña terminando la jornada en Pedrayo durmiendo en Reboredo, los que iban monte través por atajos y senderos, pero los que seguían la carretera, acampaban en el empalme.

A la salida del sol, en el cuarto día, pasaban la barca de Sandín recorriendo la caravana Codesal, Nacional, Otero de Bodas y Valer, llegando a pasar la noche en Puente de la Estrada.

Zamora o Montemarta, fin de la quinta jornada era el término de algunas cuadrillas que allí hacían ya sus labores de siega, concretamente en Lubián, Padornelo y Pobo de Sanabria, etc.

El resto seguía Castilla adelante, hasta Piedrafita, Marganeses, Castro Nuevo, Cerecinos y Villalba en sucesivas jornadas, volviendo generalmente al punto donde estuvieron el año anterior. Otros seguían a Corrales, Morales, de la provincia de Salamanca, así como Peñaranda de Bracamonte”.(Vázquez, 1948: 320, 322).

Como é lóxico pensar, durante a realización destes traxectos tampouco faltaron discusións e enfrontamentos nos mesóns e pousadas da ruta, nos que residentes e membros das cuadrillas se vían ás veces envoltos.

Máis tarde, a partir de 1883, coa apertura da liña de ferrocarril Madrid-A Coruña e progresivamente as demais liñas de tren e autobús, estes grupos de segadores comezaron a deixar de trasladarse a pé polas vellas rutas habituais e a emprega-los diferentes medios de transporte de viaxeiros segundo costume. Así, a medida que o tempo pasa os nosos campeñiños ven facilitada a viaxe ás comarcas casteláns, malia que aínda non fose folgado para eles, nin os liberaran de ter que facer prolongadas camiñadas desde as estacións de transporte ata os lugares de destino. Tal como consta no estudio de M. X. Fernández, aqueles maiorais da Terra Chá lucense que chegaban coordinando un importante colectivo de segadores xa alugaban un autobús para face-la viaxe de ida e volta, que pagaban a partes iguais os segadores decididos a utilizalo. No día sinalado comezaban a viaxe ata o lugar de destino e ó remata-la tempada de sega, na data que o maioral indicaba por carta, o autobús volvía por eles e emprendían a viaxe cara ó fogar (Cfr. Fernández, 1995). Pero este procedemento non era o practicado pola maioría das cuadrillas de segadores do século actual. O máis habitual para trasladarse era utiliza-los medios de transporte público máis baratos que houbera. Así, moitos segadores aproveitaban os camións que percorrían a ruta co transporte de mercadorías, concertando con eles o prezo da viaxe e conseguindo desta maneira abaratalo á custa dunha maior incomodidade. Aínda a mediados deste século



Foto: Arquivo da Emigración do C.C.G.

actual, aqueles membros das últimas cuadrillas de segadores dirixidas polo maioral informante, de Sandiás (Ourense), pagaron cada un 50 pesetas a un destes camioneiros que os trasladou desde este concello ata a cidade de Salamanca, percorrendo a pé o traxecto das dúas leguas que restaban ata Aldealuenga, onde acababa a viaxe.

Tal como especificou o informante, “o camión deixábanos diante a praza de touros e desde alí cada un iamnos andando ó noso destino. Como non había moita distancia, e para aforra-los cartos do coche de liña, iamnos andando ata Aldealuenga que quedaba a oito quilómetros. Aquí, de Piñeira, (Sandiás) fomos tres equipos. Faciamos o camiño sentados nun camión e chegabamos moi cansos, pero compensaba porque no tren tardabamos case día e medio en face-lo percorrido e aínda era máis caro. Nós saíamos entre o 10 e o 14 de xuño e acostumabamos voltar sobre o vintecinco ou trinta de xullo” (maioral informante de San Xoán de Piñeira, Sandiás, Ourense, 1993).

Sobre esta modalidade de traslado aproveitando a ruta dos camioneiros, poderíanse proporcionar outros moitos datos, pero por calquera dos medios que empregasen, as condicións da viaxe destes grupos de campesiños eran case sempre as mesmas, todas elas caracterizadas por unha grande incomodidade e, cando menos, todos estes segadores galegos en camiño, que se dirixían ás segas de Castela, Estremadura, Andalucía e outras


provincias agrarias do Estado, tiñan múltiples ocasións de experimenta-lo trato discriminatorio ó que se vían sometidos, comparado co trato dado ós demais cidadáns dos lugares que cruzaban na ruta. Como exemplo ilustrativo pode servir aquela mensaxe escrita no panel informativo dunha estación de RENFE, recollida por J. A. Durán, indicando o lugar que debían ocupar “perros y segadores” (Durán, 1987: 167), ou o segmento de literatura popular de tradición oral que apunta ó duro traballo destes traballadores temporeiros².

Chegada e primeiros contactos na zona de traballo

En canto os segadores chegaban á zona de traballo en moitos sitios era costume acudir ó alcalde da vila para informar da súa chegada e anuncia-la nun bando para que todos se decatasen e inicia-los traballos da sega de cereais³. O maioral era o encargado de presentalos, de percorre-las leiras cos administradores e donos para axusta-la sega, e de acorda-la cantidade que van cobrar, que variaba segundo o axuste se realizase a seco ou a mantido; no caso de non chegar a un acordo era o momento de solicita-la intervención do alcalde, para que actuase de intermediario, o que adoitaba facer, partindo a diferenca. Tamén estipulaba o salario que os membros da súa cuadrilla ou cuadrillas ían gañar, cobráballes ós donos o acordado, buscaba novos contratos de sega para os segadores que tiña ó seu mando; ademais desta misión, que desenvolven os maiorais a nivel exterior, desenvolven outras no interior da cuadrilla que dirixe. Entre estas están as que especificaba, no seu día, o experimentado segador informante de San Xoán de Piñeira (Sandiás, Ourense) cando matiza o que el facía na cuadrilla que tiña ó seu cargo, durante o tempo que exerceu de maioral nos campos de trigo salmantinos: “A miña misión como maioral —manifestou— era a de ser responsable dos compañeiros, despertalos pola mañán ás miñas ordes, comproba-lo traballo que facían e que ese traballo estivese ben feito. E se a comida non era boa, ou non chegaba, reclamar —ó contratador— para que a arranxaran”.

² Un exemplo deste segmento da tradición oral pode constituílo aquel dito estendido por estas zonas no que se apunta o duro papel asignada a estes ancestrais traballadores galegos, que di: “os galegos viñeron ó mundo para descanso dos animais”.

³ O dato que recollo dos meus informantes pode ter algo que ver co texto de M. X. Fernández no que se le: “Durante a II República continúa producíndose a marcha a Castela, malia os intentos reguladores desta, que parecen non afectar maioritariamente ós segadores galegos, coa promulgación de leis como a de termos municipais, que tiña como obxectivo impedi-la contratación de traballadores foráneos, mentres non estivesen empregados os obreiros do termo municipal” (Fernández, 1995: 176). De actuacións como esta podería derivarse o costume de anunciarlle a chegada da cuadrilla ó rexedor da comunidade.



A organización do traballo nos campos de sega

As tarefas da sega desenvólvense por medio de equipos de traballo que poden ser de varios tipos. Un dos máis correntes era o integrado por sete homes, dos que catro eran segadores ou fouces que deixaban as plantas cortadas tras de si, dous eran atadores, que se encargaban de recompilalos e compoñe-los mollos atados e deixalos espaxados sobre o campo, e un facía de axudante, encargado de transportar comida e auga desde a casa do patrón ó lugar de traballo colaborando o resto do tempo atando ou segando coma os demais. Pero cando a propiedade era o suficientemente ampla como para permitilo, había maiorais que “organizaban varias cuadrillas en frentes de doce o máis segadores, aumentados por los atadores y servidores” (Vázquez, 1948: 324). Tralos atadores, que ían deixando os feixes espaxados polo campo, con frecuencia viñan os membros da casa e criados do amo recolléndoo e trasladándoo nos carros ata o lugar onde se espaxen para face-la trilla.

Estes segadores galegos investían todo o día desenvolvendo a tarefa que cada un tiña asignada e cando finalizaba a xornada, se a vila non quedaba lonxe do traballo, ían pasa-la noite ós palleiros dos amos que os contrataban. Se, polo contrario, a propiedade

distaba moito da vila, pasaban nela a noite durmindo por parellas sobre uns feixes deitados cubertos cunha manta que facía de leito e cubríndose con outra manta. Nestas circunstancias a súa vida sobre os campos de trigo casteláns era escrava e calquera tarefa que realizaban era moi pesada.

Trazos básicos da xornada de traballo

Como norma, unha xornada de traballo debía comezar ó amencer e finalizar cando anoitecía. Pero podía alongarse ou acurtarse un pouco dependendo de como se concertaran os contratos de sega das parcelas que se ían segar. En caso de que a sega dunha parcela fose por contrato a seco ou a mantido⁴, os membros da cuadrilla podían decidir traballar máis horas co fin de terminar antes e continuar noutras parcelas contratadas. Cando optaban por amplia-lo horario, ás veces a cuadrilla finalizaba a xornada de noite, continuando a sega coa luz da lúa. Se, polo contrario, a parcela era contratada a xornal, estes mesmos segadores non amosaban grande interese en prolonga-la xornada máis do normal para ó final cobra-lo mesmo. Neste caso había un consenso compartido por tódolos implicados que consideraban a duración da xornada de traballo desde a saída do sol ata a posta.

En calquera caso, unha xornada de sega vén interrompida varias veces polos tempos que precisan os segadores para comer e repoñer forzas antes de continua-lo traballo. Estas comidas viñan sendo tres dentro do horario de traballo e dúas fóra del. Adoitaban realizalas sobre a mesma parcela que se segaba. Facíase a primeira interrupción do traballo entre as nove e as dez da mañá para comer un bocado e descansar algo; a segunda entre as doce e as trece horas para xantar e descansar; e a terceira parada entre as seis e sete da tarde para descansar de novo e merendar. As outras dúas comidas consistían no almorzo, antes de comeza-lo traballo, e a cea, que facían rematada a xornada antes de ir durmir. A interrupción de maior duración é a do mediodía xa que pola intensidade da calor non se rende no traballo e aproveitan o tempo para descansar. Ás veces tamén había que facer longos descansos imprevistos ou prolongadas interrupcións do traballo pero eran raros e sempre forzados. Facíanos en días de choiva, que impedía ás cuadrillas continua-la sega, ou porque a falta de maduración dun cultivo obrigaba a unha espera

⁴ No contrato a seco a manutención era pola conta dos propios segadores. No contrato a mantido era o contratador ou o dono da leira quen debía proporciona-la comida á cuadrilla de segadores contratados.

indesexada. Tamén circunstancias previstas como a celebración de festas patronais locais que forzaba a facer estes descansos obrigados, que eran máis de desagrado que desexados xa que durante estas interrupcións do traballo os membros das cuadrillas, ademais de non gañar, gastaban.

Por outra parte, naquela esixente sociedade agraria a eficiencia no traballo das cuadrillas de segadores non se mide só polo tempo que os seus membros permanecen traballando, senón, sobre todo, pola cantidade de sega que se considera normal que unha cuadrilla debe realizar durante a xornada de traballo, pois o feito de que boten o día segando para un amo non lle asegura a este a realización dun volume de sega equivalente á cota de salario que debe satisfacer ó final da xornada de traballo. Queda aberta a posibilidade de que a cuadrilla contratada leve un ritmo máis lento do que se espera e que non satisfaga as expectativas de sega que o amo depositara nela no momento de contratala. Por isto, para que a equivalencia do traballo e salario sexa posible, tódolos implicados, en especial os amos e os maiorais, teñen en conta o consenso implícito sobre a extensión que unha cuadrilla debe segar por día de traballo. Esta extensión depende do tipo de cereal ou leguminosa que se vaia segar —trigo, cebada, avea, garavanzos, lentellas, ervellacas, outros—, sendo para os cereais de trigo a extensión dunha fanega de cultivo por cada membro da cuadrilla o normal que deberían segar e preparar. Dado que nestas cuadrillas de segadores hai uns membros que segan e outros que atan o segado, entón os homes dedicados a segar deberán traballa-la fanega daqueloutros membros do equipo que se dedican a atar e estes atar no día todo o segado. Deste xeito, se por exemplo unha cuadrilla estivese composta por nove membros, dos que seis se dedicasen a segar e tres a atar, aqueles deberían segar durante a xornada nove fanegas, é dicir, unha fanega e media cada un e estes atar tres fanegas de trigo cada un deixando os feixes do cereal ben distribuídos sobre a parcela segada. Deste xeito case todo estaba previsto e ben acordado, e a acción de todos axustándose ás expectativas dos outros facía que ninguén puidese baixa-lo ritmo de traballo, sempre intenso durante toda a xornada.

Os maiorais tiñan moi en conta todas estas esixencias e circunstancias á hora de reuni-los membros de veciños para as cuadrillas que eles conducían, de xeito que aínda que integrasen as cuadrillas membros menos eficientes ca outros, a media de rendemento de todos eles debería ser capaz de alcanzar este volume de sega final requirido. Este rendemento medio era o que lles permitía ir incorporando anualmente algún segador de pouca experiencia no sector dos segadores máis experimentados, dándolle a oportunidade de gañar coma eles, despois de acompañalos na cuadrilla algunhas tempadas como atador, ou substituír algún destes por outro mozo con menor experiencia, que se incorporaba no equipo de traballo. Pero tamén é este rendemento medio o que explica o feito de que outros segadores que se sentían incapaces de afronta-lo ritmo dos iguais ou seguidores máis hábiles e experimentados tiveran que permanecer como

medias-fouces ata alcanza-la suficiente experiencia e ritmo de traballo, e que os membros atadores da cuadrilla deban permanecer como tales varias temporadas antes de conseguir eleva-lo seu status a media-fouce ou segador de medio nivel, e a fouce, isto é, segador de alto rendemento que lle proporciona a consideración de home maduro e segador experimentado capaz de competir en volume de traballo con calquera outro segador membro do equipo.

Xerarquía intergrupar e funcións dos membros da cuadrilla de segadores galegos

Das informacións de campo das que dispoño dedúcese que nos atopamos ante uns microgrupos de campesiños, compactos e estruturados xerarquicamente, dentro dos que cada membro ocupaba un preciso e ben definido lugar, que lle proporcionará un rango, unhas obrigas e uns dereitos mentres dura a temporada de traballo, así como unhas funcións polas que percibirá o seu salario esperado ó final.

No interior da cuadrilla ninguén é igual ós demais. Primeiro está o maioral, coas atribucións de xefe de equipo, o que implica certos dereitos pero tamén a obrigación de buscar traballo para todo o colectivo de segadores ó seu cargo, organiza-las actividades no lugar de traballo, velar pola concordia e a vida normal do grupo e se-lo primeiro no traballo marcando o ritmo de tódolos demais membros da cuadrilla⁵.

Logo vén o submaioral ou trasmaioral, que é un segador de confianza do maioral ó que este lle encarga organizar unha ou máis cuadrillas das que ten ó seu cargo⁶. Estes submaiorais podían pasar a maiorais o día que decidisen independizarse do xefe coa cuadrilla ó seu cargo, quer porque os amos que proporcionaban o traballo preferisen tratar directamente con eles os contratos das parcelas de sega, quer porque levados da aspiración de converterse en maiorais conseguirán facerse cunhas cuadrillas de segadores dispostas a

⁵ Tal como apuntei noutro lugar, o maioral era quen se encargaba de espertar ós demais compoñentes das cuadrillas que tiña ó seu cargo. Tamén era o que abría a sega, indo sempre o primeiro segando e marcando o ritmo que deberían segui-los demais para conseguilo obxectivo posto ó final da xornada de traballo. Ademais, o maioral era quen asignaba as tarefas ós membros do equipo de traballo, porque a sega implicaba diferentes ocupacións que os membros das cuadrillas debían acometer.

⁶ O maioral que tiña varias cuadrillas ó seu cargo escollía un segador responsable de cada unha. Era o seu substituto e chámase trasmaioral. Cando cumpre trasládase coa cuadrilla ó seu cargo a outro lugar ou parcela coordinando tarefas de sega.

seguiolos nos campos de traballo. Mentres son submaiorais, as súas funcións consistían fundamentalmente en organiza-la cuadrilla de traballo, espertala ó amencer, abri-la sega, ir sempre o primeiro segando, marcando o ritmo que debían segui-los demais, e velar porque se cumpran as ordes e obxectivos marcados polo maior principal.

En terceiro lugar están os chamados fouces, que son os traballadores coa fouce ou equipo que seguen ó maioral na tarefa da sega. Tamén se chaman iguais pero en realidade non o son, pódese establecer unha diferenza entre eles. Así fálase de: 1ª fouce, que é o segador que abre a sega —maioral ou submaioral— e marca o ritmo dos demais; 2ª fouce, que é o segador que segue ó maioral ou, se é o caso, ó trasmaioral; 3ª fouce, que corresponde ó segador que sega trala 2ª fouce; a 4ª fouce ó seguinte, e así ata terminar cos segadores da cuadrilla. É verdade que todos estes iguais ou fouces son segadores que se ocupan de desenvolver un mesmo traballo, que é o de sega-lo cereal, e cobran todos o mesmo por el⁷. Non obstante, cada un é portador dun dereitos diferenciados que actualiza a diario no campo de traballo, como o de manter, cada un, o seu lugar na quenda de meter na ola común a culler coa que extraen o bocado de comida ou o de conservar unha orde determinada na rolda de bebida do porrón común así como na recepción dos alimentos —pan, carne, outros— repartidos polo maioral, etc. Tales diferenzas de rango que se aprecian dentro do sector dos homes segadores derívanse do maior tempo que un segador leva pertencendo á cuadrilla, da maior capacidade de traballo que ten o segador, do lugar no grupo asignado polo maioral, ou doutras circunstancias que afecten á cuadrilla en cuestión.

A continuación veñen os medias-fouces, que é o nome que reciben os membros do equipo incorporados ultimamente no sector dos segadores. Un segador media-fouce ten aínda pouca experiencia na tarefa de segar e debe a miúdo ser axudado por algún segador experimentado cando queda atrás. Os membros deste sector conservan un rango intermedio entre os segadores iguais e os membros atadores da cuadrilla, o cal se vai reflectir no salario que perciban ó final da temporada de traballo, que sempre é maior có destes pero menor có daqueles.

Na base da xerarquía microgrupal áchanse os atadores e/ou axudantes que se encargan, uns, de confeccionar e ata-los mollos deixándoos sobre o terreo segado e, outros, de transportar auga, comida, mensaxes e outros encargos desde os asentamentos habitados —lugares, vilas— ós sitios de traballo cotiá.

Estes rangos internos relaciónanse con outros tantos dereitos que cada membro que os posúe trata de conservar polo tempo que dura a campaña laboral. Os membros da cuadrilla asimilan o seu rango dentro do microgrupo ambulante e adáptanse cumprindo a función que lles corresponde desenvolver e imponendo os dereitos que lles son

⁷ Nisto radica o feito de que se lles chame iguais.

dados de acordo co lugar que teñen no grupo. Así o maioral será o primeiro que meta a culler na pota común para recolle-lo bocado que leva á boca e despois del farano os demais seguindo a orde que corresponde segundo o rango que se ten no grupo. Tamén é o maioral o primeiro que abre a quenda e o ritmo de bebida do viño, que seguen por orde os demais membros da cuadrilla. E igualmente é o maioral quen atende ó repartimento de alimentos sólidos cortando as racións de pan e de carne, que distribúe aténdose á orde do rango de cada un dos membros da cuadrilla. De acordo coa súa posición o maioral pode asignar para si o mellor bocado e ós mozos atadores e axudantes os peores. Sempre que todo se desenvolva de acordo ó sistema de normas vixentes dentro destes microgrupos profesionais ninguén rexeitará acata-las decisións e as consecuencias da súa propia situación diferenciada. Acátanse as quendas de comida, bebida etc. e calquera transgresión das normas internas por algún membro díscolo de inferior rango será sancionada polos demais membros da cuadrilla, ben sexa con chamadas de atención, ben coa imposición de sancións que eles mesmos fan cumprir.

Pero é sobre todo no momento de reparti-lo total do gañado pola cuadrilla cando os seus membros perciben máis claramente estas diferencias internas que existen entre eles, xa que ó final da tempada de traballo tradúcense en diferencias no diñeiro que vai ser percibido polos segadores. Se ata agora a cada rango lle correspondía desenvolver-lo seu traballo diferenciado, no momento de cobrar a cada traballo correspóndelle un salario igualmente diferente dos demais. Teremos ocasión, máis adiante, de amosar como, unha vez descontados os gastos comúns, as diferencias nos ingresos que percibirán os diferentes membros da cuadrilla poden ser grandes.

Os menús da sega dos segadores galegos a mediados do século XX

No seu estudio das cuadrillas de segadores oriúndos da Terra Chá lucense, M. X. Fernández trata de establecer unha clara diferenza entre o ritmo de vida e costumes do colectivo de segadores lucenses que segaban os campos de cereais de Castela a Nova daqueloutro que se dirixía a sega-los campos de Castela a Vella, dúas áreas clásicas de traballo frecuentadas por estes campeñiños lucenses. Baseándose nos datos extraídos das entrevistas que manexa, constata unhas claras diferencias entre ámbolos colectivos de segadores, no que respecta, por exemplo, a: a) A forma de contratación das cuadrillas de segadores, que manifesta ser diferente en cada unha das referidas Castelas, xa que mentres en Castela a Nova —escribe o autor do traballo— a sega se realiza por contrato, en Castela a Vella a forma de contratación predominante é por xornal; b) A duración da xornada de traballo, pois a consecuencia da modalidade de contratación, en Castela a

Nova serán os propios segadores os que decidan a súa duración, mentres que en Castela a Vella a duración da xornada é marcada polos propietarios das terras ou amos; c) Os espazos e lugares onde dormen os segadores, xa que, segundo o referido autor, en Castela a Nova dormen na herdade, é dicir, no campo de traballo, mentres que en Castela a Vella o lugar onde dormen son os palleiros da casa de quen os contratou e faise o traslado diario desde eles ós campos de sega; e d) A clase e abundancia de comida que reciben nos campos de sega, que era mellor e máis abundante en Castela a Vella que en Castela a Nova (Cfr. Fernández, 1995).

Engadirei, pola miña parte, que os datos de campo dos que dispoño sobre o tema non me permiten confirmar tan claras diferencias consignadas no interesante traballo citado. O máis que se pode extraer deles son algunhas diferencias que se aprecian no interior daquelas zonas onde traballaron os ex-segadores consultados, motivadas sobre todo porque dentro delas os que lles proporcionaron traballo foron moitos e moi diferentes mordomos e donos de explotacións, o mesmo que a extensión da explotación que había que segar, a distancia das parcelas á vila e as modalidades de axuste das parcelas que había que segar. Das manifestacións dos meus entrevistados deduzo que, na provincia castelá que frecuentaron, cando a casa do amo quedaba cerca da leira, ían cear e durmir a un espazo que este lles proporcionaba na aldea, de non ser así aínda tendo posibilidade de pasa-la noite na vila, os segadores galegos preferían durmir na leira envoltos nunha manta e erguerse un pouco máis tarde o día seguinte. Aínda a mediados do século XX, data á que se refire a información que segue, a situación dos segadores oriúndos do concello ourensán de Sandiás seguía sendo análoga á que constata este experimentado protagonista cando dixo: “O traballo foi duro durante algo máis dun mes que traballei para aquel amo, e as condicións hixiénicas e alimentarias deixaban moito que desexar. Pero había que aguantar para traer algún carto co que axudar ó sustento da familia. Nós erguíámonos ás catro da mañá si dormiamos na palleira do amo e as fincas a segar non quedaban demasiado lonxe. Se a distancia era excesivamente importante quedabamos a durmir na finca e entón erguíámonos máis tarde, xa que a esa hora era completamente de noite e non se podía facer nada” (ex-segador de Sandiás, Ourense, ano 1990).

Xa sobre a parcela de traballo, estas últimas cuadrillas de segadores almorzaban entre as nove e as dez da mañá, e o menú diario pouco variaba dun lugar a outro, consistindo case sempre nunha comida similar á que consumían os residentes daquelas vilas onde eles traballaban. Tamén nos dixeron que unhas veces era de mellor calidade e abundancia ca outras, dependendo do amo para o que se traballase, da natureza do contrato de sega efectuado, xa que, como dixemos noutro lugar, había o contrato a mantido e o contrato a seco como fórmulas diferenciadas, e outras modalidades varias como aquelas en que a compra dos alimentos era pola conta dos segadores, pero da preparación e

do servicio na parcela ocupábanse os amos. Con todo, case sempre se trataba duns menús de sega que se repetían día tras día con escasa variación durante todo o tempo que duraban os contratos de traballo. Algúns protagonistas destas cuadrillas da década de 1950-1960 sinalaban da seguinte maneira as horas e os ingredientes daqueles menús servidos sobre os campos de trigo palentinos: “O almorzo traíanos ás nove da mañá. Un prato no que por debaixo poñían unha capa de garbanzos cocidos, no medio sopas de pan, e por enriba algunhas veces un ovo frito, un anaco de touciño, chourizo e un cacho de pan. Sobre a unha da tarde servíanno-la comida, que era máis ou menos o mesmo que ó almorzo, inda que ás veces nos mandaban algunha tortilla. Merendábase sobre as sete da tarde a base de touciño, chourizo, algunhas veces tortilla de patacas, pan e viño; e sobre as once e media da noite nos daban unha cea a base de xamón, lentellas, ensalada, leite con pan, e así” (ex-segador informante de Sandiás, Ourense, 1990).

Outros informantes recordaron os seus menús diarios semellantes ó citado, malia que as horas ás que eran servidos varían un pouco das sinaladas máis arriba. O seguinte segmento de entrevista constata algunhas destas diferencias no horario e na natureza dos menús da sega que lles serven pola mesma data ós segadores dos campos de trigo salmantinos. O informante explicouse así: “O almorzo dábano sobre as dez da mañá. Ás veces eran sopas de allo. Outras veces daban garbanzos cocidos, touciño, chourizos, e pan. O xantar dábannolo ás doce. Era o mesmo menú do almorzo engadíndolle un vaso de viño. Polas cinco da tarde dábannos como merenda un anaco de touciño, pan, e un vaso de viño. Máis ou menos ás dez da noite daban a cea. Consistía á miúdo nun prato de patacas cocidas molladas nunha especie de sopa que sabía a raios” (ex-segador de Piñeira, Sandiás, Ourense. 1990).

As dúas informacións describen a situación no ano 1950 cando está a punto de concluír esta histórica emigración estacional. Había outros menús que elaboraban os propios segadores cando os mordomos ou amos adquirían a obrigaçión de alimentalos. Neste caso, tanto a variedade dos alimentos consumidos como a súa cantidade diminuía aínda máis, pois era algún membro da cuadrilla o encargado de compra-los ingredientes para face-la comida e cociñala no lugar de traballo, sempre axustándose a un reducido presuposto acordado polo grupo para esta actividade. Unhas e outras comidas de sega facíanse, tal como o indican os datos de campo dos que dispoño, no mesmo lugar de traballo igual que se facía hai un século. Pero se deramos un salto no tempo dese século ou século e medio, atopariámonos con esta outra dieta alimenticia diferente da que foi propia destes últimos segadores ourensáns. Segundo sinala A. Vázquez, aqueles segadores galegos da metade do século XIX “realizaban, por la mañana, el almuerzo con la toma de unas sopas de ajo al que añadían algunos, aguardiente y pan, o un gazpacho compuesto de pan y ajo machacado en aceite y vinagre.

Cuando el contrato era a ‘mantido’ recibían a las 7 de la mañana para todo el día, una libra de pan de 16 onzas y una botella de agua con vinagre.

Al mediodía hacían la comida en el mismo campo del labor, a base de un abundante cocido, condimentado con garbanzo o guisantes, tocino y su correspondiente pan y vino, en cantidades de 1/4 de kilo de carne de carnero u oveja, con un poco de tocino.

Por la noche, lo mismo del almuerzo, sopas de ajo, pan y vino”. (Vázquez, 1948: 328).

Como se pode apreciar só me referín ós contratos de sega feitos a mantido, isto é, con comida fornecida polos propietarios ou administradores das leiras de trigo, pois nos demais casos de contratos a seco, nos que a comida tiñan que procurala os propios segadores, os horarios de comida podían variar máis e a alimentación diaria podía ser peor, o que contribuíu a que as condicións de vida destes traballadores temporeiros galegos sobre os campos de sega casteláns fosen concibidas e cualificadas pola mostra de informantes consultados de excesivamente duras ou moi duras.

O final da sega: realización dos pagamentos e regreso ó fogar

Cando remata unha sega o dono debía paga-lo pactado co maioral e cando finaliza a tempada este fará as contas dando a cada membro da cuadrilla ó seu cargo o que lle pertence. As diferencias no tipo de traballo efectuado na sega tamén se correspondían con diferencias no salario. Os segadores ou iguais cobraban máis cós atadores e estes máis cós axudantes. Pero o tipo de traballo e o salario tamén se relaciona coa idade do segador, de xeito que o mozo que decidía ir á sega non se incorporaba directamente de segador. Antes deberá pasar polas fases de axudante e de atador, nas que permanece algunhas temporadas previas á súa incorporación na categoría de segador, que todo membro da cuadrilla aspira alcanzar xa que supón o recoñecemento por parte dos colegas de que xa é un home maduro, logrado, un home “feito e dereito” como se adoita dicir. Así, atopándose toda a cuadrilla reunida, o maioral reparte o diñeiro de xeito desigual segundo un criterio de costume na profesión. Os que menos cobran son os axudantes e os atadores, seguido dos homes segadores medias-fouces e os fouces. En ocasións, o maioral cobraba o mesmo cós fouces; neste caso, os membros da cuadrilla debían engadirlle un sobresoldo en compensación pola súa función de maioral, segundo un pacto establecido previamente cos membros da cuadrilla que levaba con el. Este sobresoldo é denominado maioralía (Fernández, 1995: 199). Quen obtivera en préstamo algún diñeiro do maioral ou doutro membro da cuadrilla para face-la viaxe ou gastar durante a temporada de traballo, debía devolve-lo agora, restándoo do seu salario.

Na obra *La aldea gallega*, de N. Tenorio, aparece recollida a forma de repartimento que, a principio deste século, era usual entre os membros das cuadrillas de segadores procedentes da zona sudoriental de Galicia, cada vez que se acababa un contrato. Di o autor que “concluido el destajo, el mayoral cobra el dinero: separa primeramente la cantidad que se tomó a préstamo, el interés de ella y el coste del mantenimiento de la bestia: lo restante lo dividen por partes iguales, llevando los muchachos la mitad de la cantidad que corresponda a cada hombre, contados los dineros a jornal por día”. (Tenorio, 1982: 34). Pero hai outra variante de repartimento, como a que levaban a cabo aquelas cuadrillas de segadores oriúndas da Terra Chá (Lugo). Neste caso, o repartimento facíase ó final da temporada de traballo mediante un sistema que estes segadores denominan “as pedras e os cortes”. Ó finaliza-la sega o maioral e o trasmaioral percorrían as casas dos administradores e propietarios das parcelas segadas para cobra-lo salario que lles deben e “despois de cobrar tódolos salarios da cuadrilla, reuníase esta, e unha vez descontados os posibles gastos comúns e a maioralía, procedíase a distribuí-los cartos entre tódolos seus membros. [...] Primeiramente, o maioral divide os cartos a partes proporcionais entre tódolos compoñentes da cuadrilla. Colócanse os segadores arredor dunha manta na que van facendo montóns coa mesma cantidade de cartos, tantos montóns como membros ten a cuadrilla. [...] Eran *as pedras*” (Fernández, 1995: 199-200).

Pero o repartimento non acaba aquí xa que ós mozos do equipo descóntaselles unha parte do que lles correspondía, isto é, unha parte das súas “pedras”, que pode chegar ata a metade ou máis. Tamén ós medias-fouces, se o maioral considera que non realizaron o seu traballo como un segador experimentado, se lles pode quitar unha parte do diñeiro da súa “pedra”. A continuación o diñeiro restado vólvese repartir entre os segadores, mediante os “cortes”.

Nesta distribución, o maioral xa non reparte o diñeiro dunha maneira equitativa, senón que o fará de acordo co lugar que cada membro ocupase na estrutura xerárquica do microgrupo profesional. Así, por exemplo, “o último empezaba con 2 pesos, e despois o outro con 4, e o outro con 6, e o outro con 8, cando chegaban ó maioral nunha cuadrilla grande, me cago na [...] porque ós atadores pagábanlles como medio” (Citado de Fernández, 1995: 200).

En calquera sistema de repartimento que se poña en práctica, o certo é que sempre saen favorecidos os membros do equipo con rango e isto posibilita que cada membro chegue a gañar un salario diferente a tódolos demais do microgrupo profesional. O sistema tamén facía posible que os posuidores dos rangos máis elevados do equipo chegaran a recibir, ó final da temporada de traballo, máis do dobre de diñeiro que os atadores e axudantes, que aparecen situados nos rangos máis baixos da rixida estrutura xerarquizada. No tocante ó xefe, o maioral, canto máis ampla fose a cuadrilla ó seu cargo máis diñeiro recibía ó final da sega, feito que posibilitaba a incorporación de nova xente que

llo solicitase no grupo de campesiños que conducía anualmente ós campos de traballo casteláns, e incluso se ocupaba de buscar el mesmo polas aldeas cando recibía a notificación dos amos demandándolle a forza de traballo necesaria para realiza-la colleita anual de cereais.

Ó concluí-lo repartimento cada un recolle o seu e uns membros da cuadrilla volven á terra da mesma forma que saíron, mentres que outros aínda continúan algún tempo na colleita de garavanzos, ervellacas, lentellas e outras leguminosas. Tamén se dedicaban a recoller fabas, cebada e a sega-la herba que secaban e almacenaban para alimentalos animais durante o inverno. Todas estas tarefas agrícolas desenvolvíanas cada ano nas mesmas devesas para maior garantía de traballo. Era unha ambulancia fixa que se poñía en acción cando os maiores das parroquias recibían a carta dos propietarios ou administradores solicitándolles segadores capaces de soportar estas duras condicións de traballo nos campos de labor. Unha vez coñecidos nun lugar, os contratos repetíanse e as cuadrillas de segadores reproducían a tradición volvendo ó mesmo sitio un ano tras outro. Así o fixeron as sucesivas xeracións de segadores galegos ata o momento en que empezaron a desaparecer, desprazados pola mecanización do campo a partir de mediados do século XX. A progresiva difusión das máquinas segadoras irá facendo que estas cuadrillas de segadores non sexan imprescindibles. Nas comarcas agrícolas máis dinámicas, onde se introduce primeiro a mecanización do campo, esta maquinaria agrícola das primeiras décadas do século empeza a competir cos tradicionais equipos de traballo que, posteriormente, ou ben deixan de ir ou ben se dirixen a outras comarcas máis tradicionais, onde seguen tendo necesidade da súa forza de traballo. Cada ano que pasa o proceso de mecanización do campo vaise xeneralizando máis e, consecuentemente, tamén se incrementan as ausencias destas cuadrillas de segadores galegos que xa non teñen unha misión que cumprir sobre os campos de cultivo castelán-leoneses, extremeños, e andaluces. Despois disto moitos dos seus membros optarán por cambiar-las súas tempadas de estada sobre os campos de sega de costume por outras longas e, ás veces, definitivas permanencias nalgún país de Iberoamérica, e a partir da década de 1960 naquelas áreas industriais de provincias do Estado e dos países de Centroeuropa, onde moitos deles continúan residindo na actualidade.

Bibliografía

- Durán, J. A. (1987): *Aldeas, aldeanos y labriegos en Galicia*. Madrid: Xunta de Galicia e Ministerio de Agricultura.
- Fernández, M. X. (1995): “Da Terra Chá a Castela. As migracións estacionais dos segadores galegos no século XX”. *Estudios Migratorios*, 1, pp. 170-202.
- Labrada, L. (1808): *Descripción económica del reino de Galicia*. Ferrol. [Reed. 1971, Vigo: Galaxia).
- Moralejo, A. (1950): “Gallegos a Castilla”. *Cuadernos de Estudios Galegos*, 17, pp. 441-443.
- Tenorio, N. (1982): *La aldea gallega*. Vigo: Ed. Xerais de Galicia.
- Vázquez, A. (1948): “Galicia y las siegas en Castilla”. *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, Tomo XVI, pp. 317-346.
- Sixirei, C. (1998): *A emigración*. Vigo: Galaxia.

SEGADORES GALEGOS EN CASTELA

José Antonio Fernández de Rota y Monter
Universidade da Coruña

É o tema dos segadores itinerantes en Castela unha das evocacións lendarias de Galicia, suxerido a partir do emblemático poema de Rosalía de Castro “Castellanos de Castilla”¹. Pon Rosalía duras palabras en boca dunha muller que acaba de perde-lo seu amado, despois de retornar doente da sega en Castela:

Cando foi, iba sorrindo
cando veu, viña morrendo
a luciña dos meus ollos
o amantiño do meu peito.

Con ton desgarrado e sentimental, concentra a queixa da desafortunada muller nas terras e as xentes do país en que enfermou o seu home:

¡Castellanos de Castilla
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura
e sin entrañas o peito!

Sen embargo, a emigración estacional de galegos na época da sega perdeu de súpeto para min o seu mítico potencial evocador cando coñecín a Francisco nas remotas montañas de Lagares. Francisco, dous anos maior ca min —tería el entón uns corenta anos—, participara nas últimas campañas de segadores en Castela polos anos cincuenta. A través da súa narración descubrín novas sorpresas. Estivera segando en terras de Segovia polas mesmas datas en que eu pasaba as miñas vacacións de verán a uns poucos quilómetros de onde el gañaba con suor o seu xornal. Era para min un novo momento de incómoda reflexión

¹ Sigo o texto publicado por X. Alonso Montero en *Os cen millores poemas da lingua galega*. Ed. Celta, Lugo, 1971.

sobre a situación inxusta manifesta no contraste de posibilidades de dous mozos nados daquela: un, eu, nun ambiente de clase media; el, Francisco, nunha modesta casa rural de montaña. Acompañei nalgunha ocasión (1978) a Francisco “o leiteiro”, que transportaba os seus cántaros de leite con dúas mulas e un burro a través das fragas, mesmo ata o punto de estrada máis próximo, onde llo recollía o camión da empresa comercializadora. Eu facía o meu traballo de campo antropolóxico e intimamos ámbolos dous cunha especial sintonía. O contacto real e achegado cun protagonista das segas sumouse ós coñecementos da organización social e económica que a miña recollida de información me ía permitindo.

Non poucos dos segadores que marchaban a Castela eran solteiróns con pouco ou nulo “capital”. Atopábanse entre as xentes máis pobres. Eran, con todo, máis numerosos e cunha procedencia social máis ampla nas parroquias remotas de montaña, onde estaban os intermediarios que organizaban as “cuadrillas”. De alí partían tamén os fillos novos de diferentes casas, como un dos medios habituais de conseguir algunha entrada económica para a casa. A súa lóxica encádrase no seguinte contexto. Con frecuencia os habitantes das zonas montañosas ou relativamente illadas tiñan que recorrer á emigración temporal como unha das súas poucas posibilidades de conseguir algún diñeiro. As familias que viven preto de vilas ou cidades ou na proximidade das boas comunicacións tiñan a posibilidade de obter algúns ingresos monetarios, indo ó mercado comarcal vender hortalizas, froitas, queixos e outros produtos; tamén podían conseguir algún tipo de salario eventual con relativa facilidade. Por contra, os que estaban lonxe deses centros de fluxo monetario necesitaban dunha ou doutra forma organizarse de xeito adecuado, tendo en conta a distancia e a necesidade de desprazamentos máis prolongados. É frecuente que traballos artesanais como a cerámica, a cestería, diferentes traballos en madeira, a recolección e a venda de cortizas de árbores (cascas de carballo) empregadas no proceso de curtido, a fabricación de coitelos e ferramentas diversas, etc. se realizasen en parroquias ou en barrios afastados. Despois de acumular un certo volume de produtos, os veciños baixaban coa súa carga cara á vila, durmindo unha ou dúas noites nas casas de camiño. Outra das saídas itinerantes constituía a prestación de traballos no campo como xornaleiros. Cando había que facer traballos duros como as cavas do monte, viñan moitas veces cuadrillas de traballadores procedentes de zonas montañosas ou apartadas. En cada comarca adoitaba haber algunha parroquia ou lugar especializados no tema.

Por outra banda, esta oferta de traballo eventual-estacional de tipo agrícola apoiábase nas diferencias de calendario de recolección de produtos que as diferencias climáticas entre comarcas ou rexións proporcionaban. Así, por exemplo, centrándonos no duro traballo de sega e recollida do cereal, nas zonas da costa galega “o pan” maduraba antes, posiblemente cunha anterioridade dun mes ou máis con respecto ás zonas montañosas situadas a 40 ou 60 km cara ó interior. Así, os segadores podían desprazarse



á costa a segar sen descoida-las tarefas de sega e recolección da súa propia casa, que só se podían efectuar un mes despois.

Na práctica podían mesmo aproveitarse dous momentos diferentes en correspondentes localizacións xeográficas. Os homes —sobre todos os novos— podían segar na segunda quincena de xuño nas terras da costa, na primeira quincena de xullo nunha zona intermedia entre mariña e montaña e, despois de ter gañado estes xornais, retornar á súa aldea para colaborar a finais de xullo ou entrando en agosto nas tarefas, primeiro da sega e logo da malla, da súa propia explotación agrícola, e participar en colaboración cos seus veciños na rolda organizada polas casas próximas.

Con isto comezamos a descubrir un marco de referencia fundamental para a nosa comprensión deste fenómeno social. As segas na meseta castelá realizábanse nunha data claramente anterior: principios de xuño ou mesmo finais de maio. Incluso, na mesma Castela, aproveitaban tamén a distribución gradual cronolóxica provocada polos diferentes niveis de altitude, empezando en plena chaira e subindo logo cara á Serra. Tal vez antigamente acudise á meseta xente das montañas próximas. A chegada de medios modernos de comunicación, como o ferrocarril, permitiu o rápido desprazamento nun día ou un pouco máis de “cuadrillas” de segadores de zonas do interior de Galicia cara a áreas da meseta máis ou menos arredadas. Desta maneira podían aproveitar dous ou tres momentos en distintas áreas xeográficas para conseguir prolonga-lo seu traballo asalariado.

Volvamos ás lembranzas concretas de Francisco. Foi a Castela en dúas campañas, cando tiña 15 e 16 anos. Do seu barrio ían 8 ou 9, pero da parroquia de Labrada, pasado o límite da provincia de Lugo, moitos máis; de alí eran os que organizaban e contrataban as cuadrillas. Ían xuntos en tren e o prezo da “expedición” tiña un desconto. Empezaron a sega en Juarros de Río Moros, para iren subindo ata Ortigosa del Monte. El viu Rioseco e outras cousas interesantes e habíalle gustar subir ós montes. Os traslados dun sitio a outro facíanos a pé de noite, de día traballaban de sol a sol. Durmían na palla, nunca na cama, e comían mal: de noite fígado de cordeiro e ó mediodía pan de trigo en sopas e touciño amarelo. Non lle ía a comida e o primeiro ano cando chegou parecía un feixe de ósos.

Foi a Castilla por pan,
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

O segundo ano tivo un accidente e estivo nun hospital en Segovia. Como faltaban prazas, instalárono nun hotel durante 15 días. Coñeceu o acueducto e todo.

Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.



Foto: Arquivo do C.C.G.

O trato que recibían os segadores das montañas foi probablemente moi similar nas casas dos ricos labregos da costa galega e nas terras dos grandes propietarios casteláns. Os xornaleiros adoitan repeti-la idea de que traballaban de sol a sol por pouco máis que a comida. En vez da sopa de pan, o habitual caldo de pataca e verza; en vez de pan de trigo, pan de centeo ou mesturado (centeo e trigo); de merenda touciño e para a cea volvíase repetir o caldo. Era a comida diaria á que estaban afeitos nas súas casas; non había o perigo de que ós segadores novos non lles gustase a comida.

En realidade, tendo as necesidades fundamentais cubertas, o pequeno salario en metálico supuña para unha familia, case sen ingresos monetarios, un importante capital. Certamente a calor e a seca castelá podían engadir unha maior penosidade ó esforzo, pero os protagonistas ós que interroguei non insisten neste punto, como moito asenten ante a insistencia do entrevistador. Para a imaxinación dunha señorita de clase relativamente acomodada como Rosalía, a diferenza de clima e paisaxe de Castela con respecto a Galicia era contemplada cun maior contraste có que tiña para os que o seu traballo na sega era sempre, en calquera caso, incómodo e fatigoso.

Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...

Hai en Rosalía unha carga profundamente negativa na evocación dunha Castela dominadora, desprovista do referente temporal, do “ayer, dominadora,” da poesía dun Antonio Machado, consciente de que había moito tempo que, en todo caso, sucumbira xa a prepotencia do orgullo castelán, se é que algunha vez existiu. Parece Rosalía vivir fóra do tempo ou descoñece-la entón real miseria dominante no campo castelán. É verdade que tanto en Galicia como en Castela había aristócratas e potentes labregos terratenentes. Non era este en absoluto un privilexio exclusivo dos casteláns.

O relevo ecolóxico e social da nosa reflexión permítenos trastorna-lo efecto cruaamente paradigmático da dicotomización poética de Rosalía. Os segadores estacionais na chaira evócanos unha réplica en ton menor da vida seminómade na Península. Afiadores de Ourense, arrieiros da Maragatería, meleiros da Alcarria, pastores extremeños (meiriñeiros) nas montañas de Galicia ou Asturias, pasiegos de Santander, vaqueiros de alzada de Asturias, xitanos de tódalas partes... A maldición de Caín, de andar errante sobre a ancha terra segue marcando unha xerarquía no aprecio da xente. Pero non sempre son os distantes; con frecuencia, a máis crúa expresión de menosprezo observeina entre os seus máis achegados veciños. Aquí ou alá, na igrexa da vila, unha viga no chan separaba ós sedentarios, que ocupaban a zona principal, dos errantes, que debían permanecer na parte traseira da Igrexa. Unha forte barreira moral endogámica acompañaba de cotío a segregación do pobo maldito. A maior distancia moral non a marcaban necesariamente os remotos “Castellanos de Castilla”, senón, no noso caso, os galegos de Galicia. Eran non poucas veces os veciños da veciñanza os que botaban máis ferro á dureza da emigración temporal.

Afastarse ou achegarse, vivir en terra estraña temporalmente ou vivir “estrañado” na propia casa. As xerarquías internas do mundo rural, a xerarquización espacial, económica e de alianza marital entre os máis pobres constitúe un capítulo fascinante na comprensión do xeito en que os homes nos clasificamos a nós mesmos, como nos enfrontamos dialecticamente en dinámicas contraposicións e aceptacións. Sempre é difícil saber quen son “os nosos”, poden cambiar dun día para outro nun ir ou vir. A nosa vida afectiva e social é sempre errante.

OS SEGADORES GALEGOS NO CONTEXTO DA EMIGRACIÓN ESTACIONAL GALEGA TRADICIONAL E DESDE AS CONDICIÓNS ESTRUCTURAIAS QUE POSIBILITARON A SÚA EXISTENCIA

Luis A. Gárate Castro
Universidade da Coruña

O estereotipo elaborado polos homes e mulleres da Castela rural tradicional acerca dos galegos foi en parte un produto fraguado a partir do frecuente contacto que mantiveron con campesiños galaicos desprazados a terras da Meseta para exercer variadas actividades, entre as que destacan o traballo das segas nos campos de cereal. Os segadores galegos contribuíron a forxa-lo imaxinario galaico entre casteláns. Na súa maior parte procedían das provincias de Lugo e Ourense e supoñían unha forma de emigración estacional organizada en grupos. Cales eran as fronteiras que dalgunha forma delimitaban o seu desprazamento é un asunto insuficientemente investigado. A tradición oral e literaria fálanos de terras castelá-leonesas. Alí fórxase o mito. Algunhas fontes engaden Estremadura a esta periódica diáspora campesiña e a prensa local lucense de finais do século pasado fálanos tamén de emigración de segadores a terras andaluzas; a compañía de ferrocarril anuncia nos xornais locais “descuentos para los grupos de segadores que vayan a desplazarse a las siegas de Castilla y Andalucía”, o que sinala un éxodo temporal a lugares máis afastados do que ordinariamente pensamos. ¿Cal foi o contexto galaico desta forma de emigración estacional? ¿Que condicións estruturais posibilitaron o fenómeno? ¿É exclusiva do segador a imaxe que do galego ten o castelán?

A partir da década dos 60, a sociedade rural galega experimenta un conxunto de profundas e rápidas transformacións que en poucos anos han altera-la súa fisionomía secular. A apertura das portas da emigración a Europa e o éxodo urbano que acompaña ó auxe da urbanización en España son factores que, xunto con outros de alcance máis global —a

evolución da agricultura e gandería no ámbito europeo e internacional en xeral—, catalizan un vertixinoso proceso de cambio que termina por converter en recordo profesións e traballos campesiños que ata o momento formaran parte da paisaxe humana do mundo rural galego. Tal era o caso daqueles oficios e traballos estacionais que os galegos durante tempo desempeñaron pola xeografía galaica e unha boa parte da castelá, contribuíndo a elaborar un coñecido imaxinario social sobre a figura do galego: afiadores, canteiros, segadores, telleiros e tantos outros, que no seu deambular por terras de Castela terminaron por formar parte do escenario rural castelán como personaxes que en determinadas épocas facían a súa aparición en escena. Pero a representación que o castelán fai do galego atopa a súa comparación nos imaxinarios que destas terras galaicas se debuxan de Castela. Neste xogo de contraste de imaxes duns sobre os outros, que forma parte do fermento da identidade, a diversidade de Castela e Galicia tende a adquirir rango de homoxeneidade; se para o galego a primeira é un referente lineal, o mesmo acontece para os casteláns: afiadores ou telleiros, canteiros ou segadores... non deixan de ser imaxinados como variacións do mesmo tema: a Galicia pobre e mísera que bota homes laboriosos como escravos, capaces de vivir en difíciles condicións, acostumados a unha existencia en condicións liminares que asombran ó castelán e que este rexeita visceralmente. É o galego que escapa da fame, caracterizado como honrado cumpridor pero tamén como eficaz e bruto traballador. Sen dúbida, a comparación que o recordo de moitos casteláns establece daqueles galegos expresa simbolicamente os significados do estereotipo: “trabajaban como esclavos, trabajaban como animales, trabajan como... gallegos”. O imaxinario supón a interpretación que cada comunidade leva a cabo sobre o outro desde uns referentes culturais concretos. E como todo imaxinario supón unha dose de encontro en tanto que comprensión certa e unha dose de desacordo en tanto que descoñecemento da realidade do outro.

Podemos cualificar de tendencia frecuente o paralelismo que o castelán establece entre os diferentes tipos de oficios, especialistas ou traballadores que exercían formas de emigración estacional a terras castelá-leonesas. Máis alá do tipo de actividade diferencial que os diferentes grupos de galegos desenvolvían no seu contacto estacional na Meseta, aqueles tenden a ser vistos como iguais. Pero se afondamos no que supuxo o fenómeno, esta homoxeneidade imaxinaria que proxecta o castelán dilúese. Vexamos que factores estruturais posibilitaron estas modalidades de emigración estacional, que tipoloxía básica pode establecerse nesta e a que categoría pertencían os segadores.

As diferentes modalidades mencionadas de emigración estacional de galegos poden ser agrupadas en dúas grandes categorías. Por un lado estarían aquelas profesións ou actividades realizadas por persoas de procedencia maioritariamente rural que converteron a súa actividade en oficio permanente e case única fonte de vida. É o caso dos afiadores e dos canteiros. A actividade desenvolvida no seu deambular pola xeografía foránea posúe un carácter de centralidade nas súas economías familiares. Practicamente



Foto: Arquivo do Museo de Ribadavia

non se dedicaron a outra cousa¹. Por outro lado temos aqueles traballos ou actividades que tamén implicaron emigración estacional pero non deixaron de ter un valor periférico nas economías familiares dos protagonistas. Ó falar de valor periférico non nos referimos tanto á súa importancia cuantitativa na economía doméstica (convertéronse en actividades case imprescindibles nesta) como ó feito de que o centro da economía familiar segue xirando arredor do traballo da terra (en contraposición ó caso das actividades que enmarcamos na primeira categoría). Se nun caso temos artesáns de orixe campesiña, noutro temos campesiños que desenvolven actividades artesás durante uns meses ó ano (telleiros) ou simplemente tarefas agrícolas para outros (segadores).

Ámbalas categorías afunden as súas raíces no mundo campesiño galego, pero, como acabamos de mencionar, a súa sorte foi diferente. Aínda así, un e outro tipo responden en principio a unha casuística estrutural común: a incapacidade do sistema

¹ En moitos casos a relación co traballo agrícola é nula. Noutros ten un valor marxinal, o mesmo que hoxe en día podemos atopar no caso daqueles traballadores urbanos de orixe rural que cultivan pequenas parcelas de terreo nos momentos libres. Algúns economistas agrarios denominan a isto agricultura a tempo parcial distinta ó que se entende por pluriactividade.

rural de absorbe-los incrementos demográficos dentro dunha economía estritamente agraria. As solucións dadas ó problema foron diferentes. O caso dos canteiros ou afiadores implicaba unha solución atopada fóra do marco económico rural exercendo actividades artesanais con carácter permanente (o mesmo que aconteceu cos oficios tradicionais non ambulantes como o dos cesteiros, zoqueiros, etc.). Estas eran persoas que malia que mantiñan unha relación xenética co mundo campesiño —en canto á orixe— e tamén cultural —dado que comparten semellantes referentes culturais—, distanciáronse daquel en tanto que, unha vez convertidos en artesáns ou especialistas que exercen un oficio de xeito permanente, en certo sentido saen do sistema económico-social estritamente campesiño. Polo contrario, no caso exemplificado aquí polos telleiros e segadores, a diferenza dos anteriores mantéñense dentro do sistema económico-social campesiño, constituíndo a súa actividade un complemento da economía de autosuficiencia campesiña; é dicir, o que poderíamos denominar unha estratexia de pluriactividade.

Os segadores galegos e telleiros do Baixo Miño que os castelán-leoneses coñeceron ata hai catro décadas exercían, pois, unha actividade inscrita neste contexto de pluriactividade campesiña, no marco dunha economía doméstica que tiña como ideal a autosuficiencia pero cunha praxe que amosaba unha incapacidade estrutural para cumprir co ideal. Vexámola orixe desta incapacidade para conseguilo ideal imposto pola lóxica cultural.

A sociedade rural tradicional galega na súa expresión máis notoria xira arredor da casa como institución e pivota sobre dous eixes axiolóxicos: o ideal de continuidade ou permanencia e o da autosuficiencia. No cumprimento desta lóxica cultural, o sistema non garante que tódolos fillos da casa poidan subsistir a partir exclusivamente da terra. O repartimento hereditario baseado na fórmula da mellora, que prima a un só dos descendentes en detrimento dos seus irmáns, trata de garantir, por unha parte, o ideal da permanencia e continuidade da casa e, por outra, a posibilidade de que alomenos un dos fillos poida vivir da terra de xeito autosuficiente. Esta dinámica —ampla e sistematicamente estudada por Fernández de Rota e Lisón Tolosana— implica que aqueles fillos non beneficiados pola mellora terán que buscar alternativas para afronta-la súa existencia. Nalgúns casos tratarán de atopar un cónxuxe mellorado. Noutros optarán por permanecer como criados na casa do irmán ou irmá que reciba a mellora. Outras veces converteranse en emigrantes que dirixan os seus pasos ó continente americano ou ás cidades españolas. Finalmente, haberá quen opte por aprender un oficio para poder vivir deste. Aqueles non mellorados que permanecen nas súas comunidades de orixe atoparán que a escasa terra recibida por lei no repartimento hereditario non lles permite vivir exclusivamente desta, tendo que buscar alternativas que complementen o que obteñen da terra: ben un oficio, ben traballando periodicamente a xornal para outros ou ben mediante outras alternativas.

Os segadores galegos que obtiveron o dereito a formar parte da paisaxe tradicional castelá-leonesa eran en certo grao campesiños que se atopaban na situación descrita.



Foto: Hércules de Edicións

Pero tamén atoparemos segadores pertencentes a casas situadas nunha posición inferior da xerarquía de casas en zonas de mellora e tamén segadores con propiedades que proviñen dun repartimento igualitario da herdanza paterna (partillas). Polo tanto, o factor da herdanza sen máis non é o único que intervéen como explicación estrutural, xa que houbo segadores de casa melloradas —alomenos na provincia de Lugo— e tamén pertencentes a casas que se configuran a partir dunha modalidade de herdanza baseada nas partillas. É preciso considerar un segundo elemento explicativo a nivel estrutural —aínda que relacionado co primeiro—: unha excedencia de man de obra doméstica sexa cal for o caso en relación co sistema de herdanza.

En efecto, acudir ás segas de Castela pasa pola posibilidade da casa de poder prescindir durante o tempo de máxima concentración do traballo agrícola e polo tanto de maior esixencia de man de obra (o verán) dunha parte desta forza de traballo. A emigración estacional supón unha captación importante de recursos (ademais de tipo monetario nunha economía caracterizada pola escaseza de numerario). Pero, pola súa vez, implica unha perda ou

renuncia dunha parte importante de man de obra para a casa (por outra parte, unha forza de traballo cualitativamente relevante, xa que son os brazos máis vigorosos para o traballo). Isto só é posible naqueles casos en que a necesidade de man de obra é inferior ás esixencias que demanda unha economía doméstica de tipo campesiño. É dicir, naqueles casos en que os traballos da casa poden ser realizadas polos que quedan. Dito doutro xeito, o potencial de man de obra ten que ser superior ás esixencias con respecto á casa. Só así esta poderá prescindir dalgúns dos seus membros, que poderán desprazarse ás terras da Meseta para traballar nas segas. En caso contrario, a casa veríase na necesidade de ter que contratar xornaleiros ó non poder facer fronte ós traballos agrícolas dado que algúns dos seus membros se atopan fóra. De ser así, a vantaxe que suporía ir a Castela perderíase.

Así pois, estes excedentes de man de obra que son susceptibles potencialmente de seren canalizados a outras actividades non centradas na explotación dos recursos da casa estarán moi en relación tanto coa modalidade de herdanza como coa composición demográfica da casa. Os fillos non mellorados que non queden ó servicio do irmán mellorado² e que tampouco teñan a sorte de casar cunha mellorada, ou alomenos con alguén que reciba unha cantidade de terra suficiente para xuntar coa parte da lexítima que eles reciben pola súa vez dos pais, potencialmente poden atopar na emigración estacional a Castela unha válvula de escape. O mesmo acontece con aquelas casas peor situadas na xerarquía rural, nas que a necesidade de forza de traballo é inferior ós brazos dispoñibles para traballar debido ás escasas terras dispoñibles³. Pero se son poucos de familia e a casa ten poucas terras que traballar, o equilibrio dificilmente posibilitará un excedente de forza de traballo. En xeral, cando o traballo requirido dos membros da casa é moi inferior ó que pode mobilizarse, a tentación da emigración estacional será unha realidade.

Esta reflexión sobre as condicións estruturais que posibilitaron a emigración estacional de segadores galegos a Castela arranca fundamentalmente do que foi o fenómeno en determinadas zonas da provincia de Lugo desde a posguerra ata o momento en que este tipo de emigración se extingue. A pesar de todo temos que considerar que a casuística é ampla e que dun momento a outro estas condicións poderían amosar importantes variacións.

Sexa como for, todo parece indicar que o argumento da necesidade dado para explica-lo fenómeno debe ser interpretado en boa parte en clave de estrutura e na mesma liña en que temos que comprender outras actividades que implicaban emigración estacional. As segas en Castela foron unha válvula de escape ás contradicións do propio sistema campesiño derivadas dunha lóxica hereditaria —por outra parte necesaria— e dun desequilibrio entre recursos e brazos para traballa-la terra.

² Tamén aqueles que quedan ó servicio do irmán mellorado sempre que non sexan necesarios.

³ Aquí temos que considerar tanto as casas reproducidas a partir de mellora pero mal situadas na xerarquía local, como tamén aqueloutros grupos familiares con propiedades que arrancan dunha herdanza baseada en partillas cunha cantidade insuficiente de terras para mante-la casa.

UN VRAU A CASTELA: OS SEITUREIROS DA TERRA CHÁ

Marcelino X. Fernández Santiago
Arquivo da Emigración Galega

*Xan de Deza, bon labrego,
que deixaches tanta sona
nas Castillas,
onde, manso boi gallego,
fuche a gala, a fror i a tona
das cadrillas
(Curros Enríquez: O “Ciprianillo”)*

A carón das grandes migracións internacionais de carácter definitivo, existiron tradicionalmente unha serie de desprazamentos de curta duración ou estacional, como foron os dos afiadores de Ourense, os telleiros do Baixo Miño, os canteiros da Terra de Montes, etc. Quizais dentro deste tipo de movementos estacionais, pola súa importancia, habería que destaca-las migracións dos galegos que se trasladaban a Castela para traballar na sega, e que foron motivo das poesías de autores coetáneos destas como Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, etc., pero que, posteriormente, fóra de aproximacións puntuais, non espertaron a atención da historiografía galega. Estes movementos estacionais tiveron unha gran continuidade no tempo e están presentes na tradición literaria e cultural de Galicia e Castela. Así, no folclore galego consérvase actualmente a lembranza destas migracións, permanecendo na memoria oral de moitas comarcas galegas, o mesmo ca en Castela. As migracións dos segadores galegos a Castela forman parte da lóxica do campesiñado e representan unha estratexia para garanti-la supervivencia das súas explotacións, podendo liberar durante un período de tempo unha parte da súa forza de traballo, ante a forte demanda estacional da man de obra agrícola noutras áreas máis ou menos próximas.

As primeiras informacións sobre a existencia destes desprazamentos atopámolas na época moderna, principalmente no século XVIII. Nesta primeira etapa histórica, que foi estudiada por Meijide Pardo no seu libro *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*¹, podemos achegarnos a estes desprazamentos a través dos escritos dos Ilustrados, que amosan unha continua preocupación pola existencia destas emigracións, sinalando a necesidade de buscar novas saídas que permitan o desenvolvemento económico de Galicia, gracias ás cales os galegos non necesitarán saír da súa terra. Autores como Lucas Labrada, Pedro Antonio Sánchez ou Campomanes sinalan a persistencia da marcha temporal dos galegos para dedicarse á sega como unha mostra máis do atraso da economía galega e o réxime de propiedade da terra, que conducen á miseria do campesiñado: “De aquí, que naqueles meses en que lles falta o pan vanse en tropas a Castela, máis por alimentarse que por gaña-la paga da renda do propietario. De aquí que un ano de escaseza en Galicia produza necesariamente a extrema miseria xeral, as despoboacións e as emigracións dos labradores”².

Pero a existencia destes movementos migratorios tamén responde a causas políticas, xa que, a pesar das críticas, estes desprazamentos son promovidos fronte a outros, como os que se dirixen a Portugal, país que recibe unha maior corrente emigratoria, debido ós abusos que se cometen en Castela cos segadores. Mostra destes abusos son os peores salarios ou o recrutamento dos segadores para as milicias, o que provocará a necesidade dunha Real Orde na que se prohiben os ditos alistamentos. Por estas causas, que privarían a España dunha forza de traballo moi importante para o seu desenvolvemento, xorde tamén a idea de prohibi-las migracións ó país veciño e a necesidade de mellora-las condicións dos segadores na meseta castelá.

Aínda que non temos datos sobre o número de persoas que participaban nestas, hai que destaca-la súa importancia numérica. Cornide cifra en máis de 25.000 as persoas que se desprazaban a Castela; Lucas Labrada calcula que “máis de 30.000 homes e mulleres [...] saían tódolos anos polo mes de abril ou maio a gañar un xornal ós reinos de Castela”³, mentres que outros autores como Dalringle, Withelford ou Buñuelos incrementan estas cantidades ata chegar a cifra-la existencia duns 60.000 segadores.

A pesar da primacía das provincias interiores galegas, atopamos referencias á presenza de segadores que ían a Castela practicamente en tódalas comarcas de Galicia, segadores que se dirixían indistintamente ás dúas mesetas castelás, e atopamos mesmo, a finais do século XIX, referencias á existencia destas migracións en comarcas como Ferrol, na que “moitos braceiros do campo pasan a Castela e a outros puntos nas épocas das segas”.

¹ Meijide Pardo, A.: *La emigración intrapeninsular gallega en el siglo XVIII*. Madrid, 1960.

² Sánchez, Pedro Antonio: *La economía gallega en los escritos de...* Vigo: Galaxia, 1973, p. 259.

³ Labrada, Lucas: *Descripción económica del Reino de Galicia*. Ferrol, 1804 [reed. Vigo: Galaxia, 1971, p. 189].

A pesar da importancia do movemento migratorio desde Galicia a América, sobre todo desde mediados do século XIX, continuamos atopando numerosas referencias sobre a presenza de segadores ó longo deste século, así como no primeiro tercio do XX, presenza que tamén é sinalada en memorias oficiais, que indican a marcha de “muchos miles de hombres que van a trabajar a las Castillas, Portugal y las Andalucías, que no hallan donde emplearse en el país”⁴. Mesmo durante a República, a adopción de medidas tales como a Lei de termos municipais, que ten como obxectivo manifesto impedi-la contratación de traballadores foráneos, mentres non estivesen empregados os obreiros agrícolas do concello, e que provocará a aparición dalgúns problemas; tal e como sinala Santiago Álvarez, que foi segador durante a súa mocidade, non tivo grandes efectos sobre estes movementos. Incluso o comezo da Guerra Civil suporá para algúns segadores que estaban na provincia de Madrid a imposibilidade de volver á súa terra ata a fin da contenda bélica.

A situación creada pola Guerra Civil, con boa parte da poboación mobilizada, as necesidades alimenticias e a destrución de maquinaria, son factores que provocarán que o goberno da zona nacional estea interesado en potenciar estas migracións, polo que se declarará obra de utilidade nacional a colleita dos cereais. Ante esta situación, os gobernos civís das provincias galegas desempeñarán un papel activo na potenciación destas emigracións, facilitando a formación e o desprazamento das cuadrillas: “campesinos solían faenar siega a Castilla, ante requerimiento de este Gobierno Civil se decidieron como años anteriores aceptar contratos en Salamanca, Toledo, Zamora, Ávila, Segovia, Valladolid y Palencia, habiendo autorizado hasta hoy lista de embarque de 2.000 obreros”⁵.

Nos anos 40 déixanse senti-las consecuencias da Guerra Civil; a falta de man de obra para realiza-las tarefas agrícolas, xunto coa destrución de boa parte da maquinaria agraria —ata o ano 1949 non se alcanza o número de tractores dos anos 30—, así como a imposibilidade de emigrar cara ó exterior, son factores que explicarían un breve rexurdir destas correntes migratorias. Pero o renacer destas migracións é só algo pasaxeiro, e así, na década dos 50, o feito de que o réxime franquista, unha vez abandonados os intentos dunha economía autárquica, aposte pola adopción dunha política económica capitalista, explica que desde os anos finais desta década o número de segadores a Castela mingue significativamente. Situación que continúa nos anos 60, nos que, a pesar de persistir algunhas cuadrillas, son un fenómeno anecdótico en comparación con outros períodos. Nesta década asistimos a unha importante febre de mecanización do campo castelán: “da fouce e do arado romano [...] saltouse sen solución de continuidade ás modernas segadoras mecánicas, ás malladoras, colleitadoras e tractores”⁶.

⁴ Comisión de Reformas Sociales: *Reformas Sociales: Información oral y escrita, 1889-1893*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1985.

⁵ *La Voz de Galicia*, 17-1-1937.

⁶ Prieto, E.: *Agricultura y atraso en la España contemporánea*. Madrid: Endymion, 1988, p. 144.

A utilización da nova maquinaria en tódalas áreas cerealeiras vai supoñe-la definitiva desaparición das cuadrillas galegas no campo castelán. Pero este proceso de substitución vai ser gradual, e mesmo nalgunhas áreas vese retardado a causa do interese dos propietarios agrícolas casteláns de maximizar no posible as súas colleitas, polo que requiren o traballo dos segadores para face-los raís polos que se introducirán posteriormente as máquinas colleitadoras. A estes cambios na agricultura castelá únese a aparición de novas correntes emigratorias en Galicia cara a Europa e ás áreas industriais do Estado español.

Esta situación de diminución real da importancia das migracións non quere dicir que nalgunhas comarcas escasamente mecanizadas non se seguise demandando o traballo das cuadrillas de segadores, practicamente desaparecidas, como pode observarse na comarca de Camino Viejo (provincia de Guadalaxara), na que os propietarios, ante a inexistencia dos segadores, vense obrigados a “saír ó seu encontro e mesmo ocorre ás veces que os hai que buscar e andar atrás deles por diferentes lugares”⁷.

Sobre estas viaxes atópanse numerosas referencias nos escritos da época, e a través deles pódese segui-la presenza de segadores galegos por unha serie de camiños preestablecidos desde o século XVIII, polos que confluía a comezos de mes de xuño un importante número de segadores. A. Meijide Pardo describe as principais rutas dos segadores:

- O camiño do Sil, utilizado polos emigrantes da banda do norte de Ourense, sur de Lugo e os pertencentes á antiga provincia de Santiago. Iniciábase na capital ourensá e seguía o curso do río Sil pola comarca valdeorresa para penetrar en León ó sur de Quereño, proseguindo o seu percorrido polo camiño Real ata Benavente e La Bañeza.

- A ruta central ourensá. Partía da cidade de Pontevedra, proseguía polo Carballiño, Maside, Amoeiro e Ourense, desde alí cruzaba en diagonal as terras centrais da provincia, pasando por Seixalbo, Reboredo, Noalla, Ponte Ambía, Tamicelas, Laza e A Gudiña. Entraba na provincia de Zamora polo paso das Portelas para chegar a Puebla de Sanabria e Benavente. Unha ramificación desta ruta desviábase preto de Calvos para segui-lo camiño de Taboadela, Allariz, Xinzo de Limia e Verín, onde confluía con outras rutas.

- A ruta do sur, que era a utilizada polos habitantes da antiga provincia de Tui e do sur de Ourense. Discorría moi próxima á fronteira portuguesa a través de Outeiro, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, Verín e A Gudiña, que se configuraba como un punto moi concorrido de emigrantes, ó confluír coa ruta central.

- O Camiño Real. Percorrido que era a vía normal de saída da provincia de Lugo cara a Castela e seguía o trazado da vía romana Braga-Astorga. As primeiras concentracións de segadores iniciábanse en Guitiriz e Melide, para percorrer Trasparga, Rábade, Outeiro de Rei, Lugo, Nadela, Corgo, Becerreá, As Nogais e o porto de Pedrafita, proseguindo o seu percorrido polas terras do Bierzo.

⁷ ABC, 23-7-1963. Citado por Pérez Díaz, V.: *Estructura social del campo y éxodo rural*. Madrid: Tecnos, 1937, p. 67.



Foto: Arquivo do C.C.G.

- O camiño francés, que era tradicionalmente utilizado polos peregrinos que se dirixen a Compostela. Iniciábase en Arzúa e Melide, e, tras percorrer Palas de Rei, Portomarín, Sarria e Triacastela, entraba en Castela.

O desprazamento desde Galicia ás zonas cerealeiras castelás iniciábase a finais de maio e na primeira quincena de xuño: “Os da Nova saían a últimos de maio, e nosoutros alí polo quince de San Juan”. Tradicionalmente os desprazamentos efectuábanse a pé, nunha viaxe que, segundo a tradición oral, se prolongaba durante “quince días, porque claro, iban e levaban, pois iban máis cargados, levaban comida para os camiños e paraban a facer de comer, e ó mellor á noite descansaban e de día andaban se non facía moita calor, e senón andaban de noite e paraban de día según. E para alá quince días e para aquí, doce”.

Trala apertura da liña férrea entre Galicia e Madrid cobra protagonismo como medio de transporte o ferrocarril, e nos últimos anos, nun intento de diminuí-lo prezo da viaxe e reducir paralelamente o tempo de traslado, xorden outras alternativas como o alugamento de autobuses e camionetas para face-lo desprazamento por estrada, ou mesmo o aproveitamento das viaxes de retorno dos camións que levaban o peixe ó mercado madrileño.


Ó chegaren a Castela dedicábanse exclusivamente á sega de diferentes cultivos. Cuantitativamente os cultivos máis importantes eran os cereais, entre os que destacaba o trigo, aínda que tamén recollían unha importante cantidade de cebada e en menor contía de centeo e avea; participaban tamén na recolección de leguminosas como as ervellacas, as ervellas bravas, pedrelos, garavanzos e lentellas. “O máis trigo, no outro botaríamos un par de días de todo iso, de algarrobos e heros e iso; pero no outro ó mellor na cebada botabas 20 días, e no trigo botabas 25 aproximadamente”

O labor de corte era iniciado polo maioral, ó que seguían os restantes membros da cuadrilla. “(O maioral) estaba diante, despois iba o trasmaioral, despois iba ‘o dos tres’, iba ‘o dos catro’, iba ‘o dos cinco’ [...] E despois iban, de cada dous homes iba un chavaliño, amarrando, amarrando o trigo”.

Entre as obras que tratan sobre estas migracións atopámo-la peza *Un vrau a Castela*, pequena obra teatral, da autoría de Xosé Cuba Restrebada e Rosende Bernardo, que se desenvolve na Terra Chá de comezos do século XX, cando este tipo de emigración comeza a ser marxinal, fronte ó grande desenvolvemento da emigración a América.

Nela os autores realizan, desde un claro postulado rexionalista, unha dura crítica ás migracións e destacan a importancia da man de obra no traballo campesiño fronte á emigración, que representaría unha perda da forza de traballo necesaria para a supervivencia da pequena explotación agrícola. Tamén se denuncian as malas condicións de vida e os abusos a que son sometidos os segadores galegos que se desprazan tódolos anos durante o verán a Castela, aínda que defenden este tipo de migracións fronte á emigración a América, xa que esta supón un afastamento longo da casa, mentres que os desprazamentos a Castela aparecen como períodos curtos e transitorios; os emigrantes incorpóranse, de novo, á economía doméstica.

A través desta podemos aproximarnos á organización dos segadores en cuadrillas; preséntano-la súa xerarquía interna, que xa se observa no propio repartimento, onde aparecen os diferentes cargos da cuadrilla: o *maioral*, o *trasmaioral*, o *dos tres*, os segadores..., ofrecendo ó longo da obra exemplos das diferentes funcións que desempeñan na cuadrilla e do seu funcionamento interno: a preparación da comida (da que se encarga o *avieiro*), o repartimento do viño... (diso ocúpase o *dos tres*), o sistema de repartimento dos cartos, o proceso de formación das cuadrillas en Galicia, etc. Hai que ter en conta que unha das características típicas dos segadores nos seus desprazamentos a Castela é a súa organización en cuadrillas, que se forman nas aldeas galegas na primavera, cando o maioral elixe entre os seus coñecidos as persoas que van forma-la cuadrilla e o posto que desempeñarán nela, xa que unha das características das cuadrillas é a súa organización fortemente xerarquizada. Durante a época moderna caracterízanse por ser cuadrillas moi numerosas. Nelas participan homes e ás veces tamén mulleres, tal e como se deduce das numerosas prohibicións das autoridades que condenan a saída destas últimas.



Gravado de *La Ilustración Gallega y Asturiana*

Xa no século XX resulta difícil atopar este tipo de cuadrillas, pois tenden a ser máis reducidas. Están formadas polos segadores, cun número de membros que oscila entre 9 e 12 homes, ós que habería que suma-los atadores, nunha proporción dun atador por cada dous ou tres segadores, aínda que tamén podemos atopar cuadrillas formadas por cen persoas ou máis, as cales presentan características particulares, xa que ó chegar a Castela subdivídense en cuadrillas menores; ó lado destas atopamos cuadrillas formadas unicamente por 6 membros (4 segadores e 2 atadores).

Á fronte dos segadores figura o maioral: “[...] era o jefe, era o que contrataba, o que buscaba a sega, era o que ordenaba [...]”, e o trasmaioral, que desempeña un papel subsidiario con respecto ó primeiro e pode substituír a este nas súas funcións. Dentro do grupo dos segadores, ás veces tamén denominados “homes” ou “iguais”, existe unha nova diferenciación. “Despois do maioral había o trasmaioral e o dos tres, o dos catro, o dos cinco, o dos seis,...”.

No nivel inferior figuran os atadores, rapaces novos, que se dedican exclusivamente a recolle-lo cereal segado e a face-los feixes ou mollos que se encargan de atar, e desempeñan tamén a función de *aviadores*, pois ían busca-la auga e a comida cando era preciso; para esta última función Xocas distingue unha nova categoría, *os servidores*. Os medias-fouces ou fouzáns son as persoas que realizan a súa primeira campaña como segadores; sería un tránsito entre os atadores e os segadores.

Este nivel de xerarquización repercutirá especialmente na distribución das ganancias que se efectúa ó remata-la tempada da sega. Repártense seguindo o sistema das *pedras* e os *cortes*.

Primeiramente, o maioral, unha vez descontados os gastos que tivo na organización da cuadrilla e a *maioralía*, divide os cartos en partes proporcionais ó número de integrantes da cuadrilla: as *pedras*. “Ou sea, por exemplo, levaba unha cuadrilla de 18 ou 20 homes, e entonces, pois eramos 20, poñíamos 20 pedras, ou sea, 20 montóns [...], todos iguais”.

Posteriormente, ós atadores e ós medias-fouces, se se estima que non realizaron o traballo como un igual, retíraselles unha parte proporcional do que lles correspondeu na pedra. Este remanente vólvese repartir, os *cortes*, segundo o posto que ocupan no interior desta, sendo os máximos favorecidos os principais cargos da cuadrilla, mentres o resto dos segadores van cobrando proporcionalmente. “O último empezaba con dous pesos, e despois o outro con catro, e outro con seis, e outro con oito, cando chegaban ó maioral nunha cuadrilla grande, me cago na hostia,..., porque ós atadores pagábanlles como medio”.

Pero tamén a xerarquía está marcada polas diferentes funcións que desempeñan e que vai influír noutros aspectos como a organización do traballo ou a comida: “O dos 3 ese era o que botaba o viño, o trasmaioral facía a carne, e o dos 4 era o que se preocupaba da perola que viña para comer, e ó dos 5 chamábanlle o costal, o costal do pan, e o dos 6 era o do cántaro, o da auga”.

No interior da cuadrilla hai unha mobilidade interna que permite ás persoas poder ir accedendo progresivamente a cargos de maior relevancia. Un rapaz que comeza como atador nunha cuadrilla desempeñará esta función durante un par de anos; outro ano irá como media-fouce, comezando a participar no labor da sega, para ir nos anos posteriores como un igual, desempeñando os diferentes cargos dentro dela e mesmo pode chegar a ser maioral e forma-la súa propia cuadrilla, tal como nos relata A. R., segador chairego que comeza a ir a Castela nos anos corenta: “Foi cando fun a atar, 42 e 43, e despois no 44 xa fun segar de *media-hoz*, e no 45 xa fun ós 3, e no 46 xa fun trasmaioral, e no 47 xa fun de maioral”.

A estrutura da peza teatral que reproducimos é moi simple, pois consta dun acto e catro xornadas, que representan respectivamente os preparativos da saída, o desprazamento, a estadía en Castela e o regreso.



Foto: Arquivo Histórico Provincial de Lugo

A primeira escena desenvólvese nunha casa campesiña, na que son presentados os protagonistas, unha familia labrega, na que o fillo realiza os preparativos para marchar a Castela, mentres os pais e outros personaxes realizan unha serie de reflexións sobre as emigracións, sendo o ton xeral da obra de denuncia da situación dos emigrantes e de crítica ós que a promoven, que se “dedican á explotación de rapaces novos”. No mesmo acto asistimos ó proceso de conformación da cuadrilla e á preparación dos segadores para inicia-lo desprazamento a Castela, os utensilios que levan, a roupa, os alimentos para o camiño, etc.

A segunda xornada representa un alto no camiño e serve, igualmente, para presenta-los diferentes apeiros de traballo que levan os segadores: as fouciñas, feitas ex profeso para o traballo da sega en Castela, as pedras de afiar, as *xunlleiras*, etc.

A terceira xornada desenvólvese en Castela. Nela os autores destacan as malas condicións laborais e de vida dos segadores durante a súa estadía nos campos de Castela. Así, as escenas primeira e segunda resaltan a dureza do seu traballo, a mala calidade da comida (o gazpacho de auga, vinagre e pan), o escaso tempo de descanso, o durmir no

medio do campo e as duras condicións laborais. Pola súa banda, a escena terceira representa a fin da sega e o repartimento dos cartos, no que se utiliza o sistema das pedras, o que lles serve de novo ós autores para amosa-la explotación dos segadores, descontentos coas súas escasas ganancias despois de traballar todo o verán.

A xornada catro sitúanos en Galicia, e representa a volta da cuadrilla, xustamente cando se está a face-la recolección dos cereais nas explotacións familiares galegas, traballo que é posto en contraposición coas condicións de traballo dos segadores en Castela.

UN VRAU A CASTELA

COMEDIA

N'un auto e catro xornadas

ORIXINAL

DE

XOSÉ CUBA RESTREBADA E ROSENDE BERNARDO

OS OUTORES: (fotos) Xosé Cuba Restrebada, Rosende Bernardo

REPARTO:

Xustina. 18 anos
Antoña. 50 anos
Marica. 18 anos
Manoel. 20
Avieiro. 20
Xulián. 55
Farruco. 35
Mayoral. 35
Xacinto. 25
Rebordiños. 25
Casabella. 30
Pedriño. 30
Dostrés. 30
Trasmayoral. 30
Un cativo. 12.
Catro segadores de 25 a 40 anos.

*Ó noso amigo Manoel Mouriz, en prova de afeuto.
Os autores.*

Foy estrenada n' o treatro ... o día ... de ... po-los Actores segentes:

Acto único

1ª XORNADA

A escena representa a cociña d'a casa d'o tío Xulián e Antoña, pais d'o Manoel, composta d'a seguinte maneira: unha mesa n'o medio, con catro tallos ó redor; ó pé da porta d'o fondo unha artesa, enriba dela unha sella co'a su'a ferrada, un candil n'a chimenea e un cullereiro donde millor conveña, dúas portas de cada lado, dreita y esquerda d'o espeitador.

Aparecen Antoña e Xulián, ó redor d'a mesa vestidos de traxes popuares e de zocas.

Xulián.- Non sei qu'é diaño ll'e pasa o noso fillo que dende que se xuntou c'o Antón das Pedras Altas non foe mais que falar de facer un viaxe.

Antoña.- A mi non me gusta moito, pero xa qu'él se empeña no'nos vai quedar outro remedio que deixalo ir.

Xulián.- Pero muller, qué vai a ser da nosa casa si nos falta o Manoel?, ¿quén nos vai a traballar n'a orta?, ¿quén vai a feira?, ¿quén vai a mercál-o gando cando faiga falla?

Antoña.- Direich'e, que nos fai falla, seino; pero ti'e mais eu ainda podemos traballar anque véellos e todo, en tanto el non manda algún carto pra botar dous ou tres xornaleiros ee...

Xulián.- Sí, as túas ilusiós son boas ¿pero si non sucede como pensas ti?

Antoña.- Qu'non vai suceder, home, vai a ser el distint'os mais; pois xa sabes que d'a quí d'a parroquea levan ido moitos e todos foron mandando algo; ademais o noso fillo e bon e ten boas calidades pro traballo; ti debes acordar qu'o ano pasado aróu el solo n'un día unha fanega de terra.

Xulián.- Ben'o sei por eso cho digo.

Antoña.- Pois mira, cando veña, si non cambiou de pensamento avemos deixal'o ir c'o Farruco do Loureiro qu'anda xuntando homes pra ir as segas de Castela, e d'ese modo non faltará moito tempo da casa, e sempre traerá pol-o pouco cen duros.

Xulián.- Cala, que creo qu'vén ahí.

ESCENA 2ª

(Ditos e Manoel, qu'entra polo fondo)

Manoel.- ¡Cándo deixarei d'andar cos bois!

Antoña.- ¿Qué tés Manoel que ves con tan mala cara?

Manoel.- Qué vou a ter.

Xulián.- ¿Pasouch'algo n'o camiño?

Manoel.- Non.

Antoña.- E logo ¿por qué ves así?

Manoel.- Cando viña prá casa atopeime c'o Farruco d'o Loureiro...

Antoña.- ¿Qué che dixo?

Xulián.- (Nada ven sería).

Manoel.- Pois díxome que mañán saían pra Castela, e anda xuntand'os homes pra facer unha cadrilla pagándolles vintecinco reás cada día.

Xulián.- (Non'o decía eu);

Antoña.- E logo, ¿ti querías ir con él?

Manoel.- Eso non tén que preguntar, sea vostede o sabe.

Xulián.- Mira ven o que fas, non so baya metel'o demo n'o medio.

Antoña.- Home, tamén ti non pensas máis que n'o malo.

Xulián.- Non, el que faig'o que queira pero pol-o meu gusto non é.

Manoel.- Miña mai, veña axudarm'a poñer os sacos n'o carro pra levar ó muiño.

Antoña.- Vamos logo.

Manoel.- Meu pai.

Xulián.- Qué queres

Manoel.- Agardeme aquí un pouco, que temos que falar d'o meu viaxe.

Xulián.- Bueno, non tardes moito qu'eu teño que facer.

Manoel.- Vamos, miña mai.

Antoña.- Cando queiras, meu fillo. (*Vanse polo fondo*).

ESCENA 3ª

(*Xulián solo, logo Pedriño*)

Xulián.- Eu non sei que vay a ser de min sí se me vay o Manoel, e non vou a tér outro remedio que deixá-lo ir. ¡O qu son as malas compañas! Nunca'o meu fillo pensou tal, astra que se xuntóu con ese demo d'o Antón, porqu'é diferente en todo, está como si se lle metese o demo n'o corpo: boeno, con sólo pensar isto dáme ganas de...

Pedriño.- (*Chegando pol-o fondo*).- ¡Bos días, tío Xulián!

Xulián.- Bos días, Pedriño.

Pedriño.- ¿E qué lle pasa que non'o encontro como outras veces.

Xulián.- ¡Ay, Pedriño! con sól-o pensalo dame ganas de chorar.

Pedriño.- E logo, ¿tan grave é a causa?

Xulián.- Algo mais d'o que ti podes pensar, mira si é grave, e'o único fillo que teño os malos conselleiros metéronlle n'a cabeza que fora con eles a Castela qu'alí se ganaban moitos cartos, e mira se'o meu fillo é xan que cre'o que lle din os que se dedican a esprotación de rapaces novos, pois ti sabes ben que, mediante Dios o meu fillo non ten falla

ningunha d'ir aló, porque aquí traballando non moito sempre foise ganando pra comer e ter catro ou cinco duros n'ó peto.

Pedriño.- (*Con admiración*).- ¡Qué me dí tío Xulián!

Xulián.- Pois eech'tanta verdade como ch'ó conto.

Pedriño.- Elle ben milagro c'ó convencesen, pois agora xa non vai casi ningún aló, dende que se deu aquel mitin rexionalista en Penascorbeiras qu'aconsellaban o pobo pra libralo d'a escravitude d'ó tirano, foi tan acollido o mitin aquel c'a agora van poucos pra fora;

Xulián.- Sempre queda algún, Pedriño, mira-o meu fillo, xa non cre os consellos dos país.

Pedriño.- Pois mire, sab'ó que lle digo, deixo ir por cos homes somos comas pedras: en canto non lles dan martelazos non abrandan, crea'ó meu consello e adiós, astra mañán, que me están esperando n'a casa.

Xulián.- Boeno, Pedriño, xa que te vas, adiós logo.

Pedriño.- Sí, adiós, e non se esquezna d'ó que ll'e dixen. (*Vaise polo fondo*).

ESCENA 4ª

(*Xulián solo, logo Antoña*)

Xulián.- Sei que ten razón o Pedriño, e mais vou déixalo ir pra que aprenda e pra que algún día se acorde dos consellos que lle daban seu pai.

Antoña.- (*Chegando polo fondo*).- ¿Qu'éstás facendo?

Xulián.- Estou esperand'ó Manoel;

Antoña.- Pois vaiche boa, cando saímos d'ó muiño eu vin sola pra casa e él foise despedir d'a Xustiña.

Xulián.- Pero xa non tardará moito.

Antoña.- Home, moito non debe tardar, porque tan lonxe non foi.

ESCENA 5ª

(*Ditos e Manoel*)

Manoel.- (*Chegando pol-o fondo*) Xa estou d'e volta.

Xulián.- Sin tempo non era.

Manoel.- E logo ¿tardei moito?

Xulián.- Mais d'ó qu'eu pensaba, e qué ¿sigues pensando n'ó teu viaxe?

Manoel.- Eso xa e vello, si non hay tropezo vámonos pola mañán, xa os mais teñen n'os atos feitos e as fouciñas empalladas.

Antoña.- Boeno, ¿e ti qu'as levar?

Manoel.- Pois eu ei de levar unha pouca roupa, dous pares de zocas, un pedazo de xamón, unha bola de broa e dúas fouciñas;

Antoña.- ¿E non será pouco?

Manoel.- Non, porqu'a Xustiña logo a de vir axudarlle a face-lo ato e díxome que m'iba tragner un queixo de San Simón, un neto de viño e un touciño enteiro que ten colgado n'a chimenea, e con isto ben chega.

Antoña.- Boeno, vouche xuntando as cousas que xa son as catro d'a tarde. (*O vello*). Xulián, ven axudarme.

Xulián.- Boeno logo. (*Vanse segunda esquerda*).

ESCENA 6ª

(*Manoel solo, logo Xustiña*)

Manoel.- Son as catro da tarde e d'a quí ás cinco d'amañán faltan trece horas, aínda teño tempo pra ir mercar unhos aros pra Xustiña; pero non, mellor me'é traé-los de Castela, por alá debe haber millores cousas, e ademais como gane ben cartos voulle tragner unha sortella e un pano de seda pra cabeza, pra que cand'o a vexan as demais mozas rabeen coa envidia...

Xustiña.- (*Chegando pol-o fondo*).- ¡Manoel!

Manoel.- ¡Xustiña! Xa penséi que non viñas.

Xustiña.- ¿Por qué? Tardei moito.

Manoel.- Tardache.

Xustiña.- ¿Xa che arreglaron as tuas cousas?

Manoel.- Estamas arreglando, miña mai.

Xustiña.- Toma, pois dall'eso pra que ch'o garde n'o ato e esto levo ti. (*Dalle un bulto e un sobre*).

Manoel.- (*Collendo'o*) ¿E qué me das?

Xustiña.- Abre pra que vexas.

Manoel.- Pois vámolos abrir logo a ver qu'é. (*Abriendo o bulto*): un queixo de San Simón, dous netos de viño e un touciño. ¿E neste sobre qué me traes?

Xustiña.- (*O ped'o oído*) Un retrato que saquei antonte cando fun a Vila, e doucho pra que t'acordes d'e min.

Manoel.- ¿E qué mais más de dar?

Xustiña.- ¿E t'i qué mais queres?

Manoel.- ¿Xa non t'acordas?

Xustiña.- Non, porqu'enon teño mais nada qu' che sirva pra levar.

Manoel.- (*Con malicia*).- Ter, telo, e que non queres.

Xustiña.- Non teño, Manoel;

Manoel.- ¿E non sabes o que ch'e pedín?

Xustiña.- Abofellas non.

Manoel.- ¿Queres facert'a desentendida?

Xustiña.- Non faigo, miña vida, non.

Manoel.- ¿Non t'acordas fai tres días cando me dixeches: ¡cala! que te oyen meus pais.

Xustiña.- Pois non me acordo.

Manoel.- ¿Queres que ch'o diga eu?

Xustiña.- Dim'o a ver qué.

Manoel.- (*Ó ped-oido*).- Un biquiño pra saída.

Xustiña.- Ay, non, qu'me da vergonza.

Manoel.- ¿E de qué, muller?

Xustiña.- D'o que vai decir a xente.

Manoel.- Pero se aquí non hai nadie.

Xustiña.- É verdá, pero...

Manoel.- Anda, muller, un así pequeniño.

Xustiña.- A verdá non m'atrevo.

Manoel.- Anda muller, agora que non ve nadie.

Xustiña.- (*Mirando a todas partes*).- Boeno, voucho dar, pero un solo.

Manoel.- Sí, un solo pero gallado. (*Xustiña vai darll'o bico pero n'esto chega Antoña e non pode*).

ESCENA 7^a

(*Ditos e Antoña que chega pol-a 2^a esquerda c'o ato feito*)

Antoña.- ¡Manoel! Hola Xustiña, xa viñeche.

Manoel.- (Mal raxo, pra qué viría agora).

Xustiña.- (*Turbada*).- Sí... vin traerll'esto o Manoel pra que o leve n'o viaxe. (*Señaland'o bulto*).

Antoña.- Pois trae qu'o vamos gardar n'o ato. (*Poñense as duas a gardar o bulto n'o ható*).

Manoel.- Boeno, vou mudal'a roupa que xa vai chegand'o a hora de sair.

Antoña.- Sí, eso e o millor.

Xustiña.- Non tardes moito qu'e tarde. (*Vaise Manoel pol'a 2^a esquerda*).

ESCENA 8^a

(*Antoña e Xustiña, logo Farruco, pero non chega a verse, porque fala de drento*)

Antoña.- ¿E qu'che parece d'o viaxe d'o Manoel?

Xustiña.- Ay, señora Antoña, que quer que lle diga, gustar, no'me gusta moito.

Antoña.- ¿E por qué non che gusta?

Xustiña.- Porque teño oído decir qu'os que van pr'a lo pasan moitos traballos.

Antoña.- Tamén eu'o teño oído, pero por máis e'o pai-e-mais eu ll'e dixemos non pudimos convencelo e agora xa non ten remedio.

Farruco.- (*Chamando*).- ¡Manoel! ¡Manoel!

Antoña.- Mir'a ver quén chama, Xustiña.

Xustiña.- (*Abriendo a porta*).- Farruco d'o Loureiro.

Antoña.- (*Indo pra porta*).- Pasa e'o Manoel x'a vai saír.

Farruco.- Non, dígalle qu'o agardamos no alto d'o camiño;

Antoña.- Boeno, xa ll'o direi. (*Volven as dúas pro medio da escena*).

ESCENA 9ª

(*Ditas, Xulián eManoel, entran pol'o 2ª esquerda*)

Manoel.- Non, meu pai, non, con dez xa teño bastante.

Xulián.- Millor é que leves vinte porque ainda non sabes como é aló.

Manoel.- Boeno, diamos logo;

Xulián.- Sí, millor será, tomos. (Dalle vinte pesos);

Manoel.- (*As mulleres*).- ¿Xa me teñen todo amañado?

Xustiña.- Xa está todo.

Antoña.- Xa veu o Farruco á porta e dixo que t'a gardaban n'o alto d'o camiño.

Manoel.- Boeno, pois vou saír adiós todo astr'a volta.

Xulián.- (*Triste*).- Adiós meu fillo.

Antoña.- Astr'a volta, Manoeliño.

Manoel.- Adiós Xustiña, astr'a vista.

Xustiña.- Adiós logo, meu neniño.

Antoña.- (*E Xustiña chegan con el astr'a porta*).- Escribe axiña que chegues.

Xulián.- ¡Probe meu fillo! ¡Cántos traballos t'esperan!

2ª XORNADA

ESCENA 1ª

A escena representa unha parada n'o camiño de Castela; a decoración d'un paisaxe posto n'o medio d'o escenario pra poder simular unha carretera e n'a veira d'ela dous ou tres paos donde se sentan os segadores galegos que chegan pol'a esquerda cos hatos ó lombo e cantando a Negra Sombra.

Cando miro que me deixas
negra sombra que m'asombras
o pé dos meus cabezales
facéndome burla e mofa.- (*un aturuxo*)

Farruco.- Ei rapaces, vamos parar un pouco e tomar un neto.

Todos.- Vamos.

Rebordiños.- Dostrés, a'vela bota.

Un.- Bot'a unha rolda.

Dostrés.- (*Repart'o viño un a un*).

Rebordiños.- Bota máis, hom, deixáchem'o xarro a medias.

Manoel.- Non que non, vai chegar pra todos.

Rebordiños.- Como non vai chegar si est'a bota chea.

Dostrés.- (*Deixando a Manoel sin viño*).- Calade, o que fale perd'a rolda;

Farruco.- (*Berrando*).- ¡Rapaces! levades todos fouciñas e pedras pr'afiar?

Un cativo.- Eu inda levo as xunlleiras d'o ano pasado.

Farruco.- A ti naide che perguntou eso; e tí levas, Rebordiños.

Rebordiños.- Levo, home levo, aínda levo tres pedras e catro fouciñas.

Farruco.- E os demais.

Todos.- Levamos.

Farruco.- Boeno, pois a viaxe que vai sendo noite.

*(Todos collen os atos o lombo e vanse pol-a dereita cantando a Negra Sombra);
(Fin d'a 2ª Xornada).*

3ª XORNADA

ESCENA 1ª

A escena representa un trigal en Castela visto a media noite; vai amecendo pouco a pouco e vanse vendo os segadores galegos durmindo n'o chan, nunha esquina hay unha cazola d'e barro, un saco con pan, unha gazpacheira de barro tamén con vinagre e un xarro con auga, todos estos ouxetos son pra facer o gazpacho pr'o desaíno.

Maioral.- (*Levantándose e mirando a hora*).- ¡Lévemo demo de pao! son as catro e esta xente aínda non se levanta.- (*Berrando e tocando as mans*).- Arriba, rapaces, que xa e tarde.- (*Pónse a facer un cigarro e os máis siguen durmindo*).- ¡Rapaces! ¡Avieiro! fai ese gazpacho.

Avieiro.- (*Levántase a facer o gazpacho e os mais pónense afiar as fouciñas*).

Trasmaioral.- *(O redor d'a cazola estirándose).* -E seique non sabedes qu'acabamos hoxe o vran, e non vamos tragner unha arroa.

Dostrés.- Sí, home sí, anque seña a bota chea.

Mayoral.- Deixádevos de contos, e vamos acabal-o cornexal que nos falta.

Dostrés.- Si, e' o millor; que quede aquí o Avieiro recollendo todo en canto imos segar.- *(Todos vase a segar con grande boureo).*

ESCENA 2ª

(Avieiro solo recollendo os cacharros e cantando)

Avieiro.- Os que veñen de Castela
e os que de fora van vindo
vanse brancos com'a soles
e volven com'a chamizos;

Non sei cómo teño ganas de cantar pasando os traballos que pasei en todo o tempo d'a sega, e o traballo inda pode pasar o peor é dormir n'a terra con pedras a cabeceira comendo gazpacho d'auga fría e vinagre pol-a mañán, eso sin contar o ter que traballar a mais d'a noite, sin poder lavar a roupa, e moitas veces nin a cara, tiñan razón meus pais en non deixarme vir. nunca n'a miña casa pasei tal, cantas veces me teño acordado d'a queles xarros de leite fervida que me daba miña mai pol-a mañán e d'a quela cama con catro mantas e o colchón dond'e u me deitaba; pero, en fin, qué lle vamos a facer, o feito, feito está; pero o que outro vran aquí no'me collen, porque na miña casa si traballara tanto com'a quí, podía ter moitos cartos, porque e aínda traballando pouco mais que mitá d'o día e dándome unha vida de príncepe tiña un peso cando chegaba unha festa e mais contento que...

ESCENA 3ª

(Tod'os segadores chegan cantando porque acabaron o vrau)

Anque son d'a mariña,
anque son mariñán
traigo a pucha ven posta
é unha moca n'a man;

Rebordiños.- *(Berrando).*- ¡Avieiro! ¿Xa recolleche todo.

Avieiro.- Recollín, home recollín.

Mayoral.- Trasmayoral, Dostrés, veñan qu'e vamos a cobrar.

Trasmayoral e Dostrés.- Vamos.- *(E vanse os tres).*

Rebordiños.- Si, vaya e volvan axiña qu'eu vou estender a manta pró reparto.- (*Os segadores pónense unhos a cantar eos outros a estendela manta pró reparto*).

Mayoral.- (*De volta*).- Ei rapaces, pónanse todos o redor d'a manta que vamos partir os cartos.

(*Maioral pón os cartos diante de cada un todos conformanse menos o Avieiro*).

Avieiro.- (*Recramando*).- Pero non me tocan máis que trinta duros.

Mayoral.- Nada mais; xa ves qu'ós mais non lle toca máis cantidade.

Avieiro.- E por ese diñeiro vimos aquí traballar noite e día e comer con auga fría.

Mayoral.- Home, pois os demáis non se queixan e pra dous meses paréceme que está ben.

Avieiro.- Pois mire que si éu ll'e soupera tal quedábame n'a miña casa, que pra ganar trinta duros en dous meses non m'e facía falla vir aquí.

Mayoral.- E pra qué viñeche entonces.

Avieiro.- Eu vin porque vostede cando me buscóu díxome c'o xornal era vinte-cinco reás cada día.

Mayoral.- (*Enfadado*).- Mira, si te convén así, ben, é si non...

Avieiro.- (*Enfadado tamén*).- Si non qué.

Rebordiños.- (*Apartando a Manoel*).- Manoel deixa eso c'a mín tamén me pasóu'o mesmo pero xa estou contento porque volvo pra miña casa;

Avieiro.- Tés razón Rebordiños, e xúroche pol-o que mais quero que é miña mai, que antes morto que volver saír d'a miña casa.

Trasmayoral.- (*Berrando*).- Ey recordio, xa que vamos marchar, vamos record'a la terra...

Todos.- (*Berrando*).- Veña gaita.- (*Vanse indo pouco a pouco bailando o son d'a gaita menos Manoel, que se vai triste xunto con Rebordiños*).

Avieiro.- ¡Ay miña mai! ¡pra quén traballei dous meses!

(*Fin d'a 3ª Xornada*).

XORNADA 4ª

ESCENA V

De volta a Galicia.

A escena representa o lugar ou a cortiña d'o tío Xulián; representa unha horta, un paisaxe con ramallos, unha terra de centeo con segadores e atadores, un carro con mollos e mais dous ou tres medeiros e un facéndose pol-os dous homes, Xacinto e Casabella; Xustiña, Antoña e Marica están atando n'os mollos e Xulián está muy triste sentado n'a espiga d'o carro facendo un cigarro.

Casabella.- (*Berrando*).- Mollas mulleres que estamos agardando.

Marica.- Agarda, home, agarda, non señas tan asado.

Casabella.- Éch'que teño présa porque oxe...

Marica.- Sí, non me digas mais que xa o sei todo, cando menos queres ir pra casa d'o Perrugueiro.

Casabella.- (*Rindo*).- Ja, ja, e qué me dis a mín con eso.

Marica.- (*Rindo pol-o baixo*).- Non te faigas de novo, que ben ch' conozco as tuas olladas

Casabella.- (*Deix'o medeiro e vaise pra xunto d'o tío Xulián que sigue triste*).- ¡Tío Xulián!, qu'é o que lle pasa qu'o vexo mui enfurruscado.

Xulián.- Cousas d'a vida, velliño.

Casabella.- E non se pode saber qu'é.

Xulián.- Estáme dando mala espiña o meu fillo, por qu'os máis chegaron onte á noite e él inda non chegou oxe e xa son as dúas d'a tarde.

Casabella.- Teña pacencia home, teña pacencia, d'a cadrilla del non chegou ningún quizais tivo que mercar algunhas cousas pra traerllas a vostedes.

Antoña.- Eso é o qu'lle decía eu, porque él cando se foi díxonos que nos iba traer moitas cousas.

Xulián.- Sí, sí, moito vai traer, por iso os qu'e van traen tanto.

Antoña.- Traendo salú, trae o bastante; a nosoutros no'nos fai falla mais nada porque...

Xacinto.- ¡Tía Antoña! son as dúas;

Antoña.- Ay é verdá. (*a Xustiña*) ay muller, vai facendo un sitio qu'eu vou busca-la merenda.- (*Vaise pola dreita*).

Xustiña.- (*Pónse a facer un sitio co'a palla*).

Xacinto.- ¡Xustiña!

Xustiña.- ¿Qué queres, hom?

Xacinto.- ¿Vouche axudar a facel-o sitio d'a merenda?

Xustiña.- Vone logo.- (*Xacinto axúdalle a facel-o sitio e unha vez acabado séntase nel e tiralle un carabullo a Marica*).

Marica.- Estáte queto, Xacinto.

Xacinto.- (*Tiralle outro*).

Marica.- Déixame atar hom.

Xacinto.- ¡Marica! ven acá.

Marica.- ¿Qué queres?

Xacinto.- Ven acá muller, que algo che quero.

Marica.- (*Indo pra xunto d'él*).- A ver, conta logo;

Xacinto.- Séntate aquí.

Marica.- (*Sentándose*).- Qu'é o qué me queres.

Xacinto.- ¿Vas a ir á festa ó San Xulián?

Marica.- ¿E por qu'mo perguntas?

Xacinto.- Por ir eu tamén.

Marica.- Pois non te mollas, eu vou, pero non contigo.

Xacinto.- ¿E por qué, Marica? Mira qu'eu atí quérote moito.

Marica.- Sí, quéresme moito agora, pero non decías eso onte, cando falabas co'a Rosiña.

Xacinto.- Sí, muller, falei con ela por qu'a encontrei n'o camiño, pero xúroche que non falarei mais nin con ela nin con outra, xa...

ESCENA 2ª

(*Ditos e Antoña*)

Antoña.- (*Entra pol-o dreita coa merenda*).- ¡Xulián xa está a merenda.

Xulián.- A sentarse todos.

Todos.- Vamos.- (*E séntase a merendar*).

Xacinto.- (*Vendo xente*).- E aquela xente que ven pol-o alto d'o camiño.

Xulián.- (*Indo a mirar*).- Dónde, hom.

Xacinto.- Miren aló, a mais parece que veñen de Castela que traen'os atos o lombo.- (*Todos van a mirar*).

Antoña.- A mais abofé.

Xustiña.- ¡Ay! si viñera ahí o Manoel.

Casabella.- E mais sí, alí ven o Farruco diante.

Antoña.- Sentádebos, que vou a ver si os son.- (*Vaise pol-a dreita cos mais uns pónense a comer e os outros siguen mirando*).

Xustiña.- Xa veñen ahí.

ESCENA 3ª

(*Ditos eos segadores que volven a galicia, veñen descoloridos e andraxosos*)

Manoel.- (*Qu'chega correndo e saudando a seu pai*).- ¡Hola! meu pai.

Xulián.- (*Abrazand'o fillo*).- Ai fillo d'o meu querer, cómo ti ves abrasado, non te conocía meu filliño.

Manoel.- ¿Dónde está Xustiña?

Xulián.- Eche ben seguro que non t'e conoce, a mín parecícheme mais cativo que antes.- (*Siguen falando baixo*).

Rebordiños.- ¡Xustiña! Mir'o Manoel.

Xustiña.- (*Señalando c'o dedo*).- ¿Quén, ese?

Rebordiños.- Ese mesmo.

Xustiña.- Ese non e o Manoel, o Manoel e mais xarafeiro e sempre andivo millor vestido.

Rebordiños.- Pois echo e'o mesmo, o tal d'aguillada, o que non e o mesmo e o colambre pro eso e pol-o seguinte; ti sabes qu'as rosas cando as sacan d'a sua roseira desmorécense d'e camiño, exempro e dos qu'e imos de xentar cachelos pol'a mañán, chegamos a Castela e dannos gaspacho d'auga fría e anda Xanciño tira pol-o gancho cría color no medio dos trigales noite e día.

Manoel.- (*Saudando a Xustiña*).- ¿Cómo che vai, Xustiña?

Xustiña.- ¿Tí eres o Manoel?

Manoel.- ¿E tí non me conoces, Xustiña?

Xustiña.- (*Conocendo*).- ¡Ay, Manoeliño! si non me falas así, non t'e conozo. ¿E cómo che foi por'aló?

Manoel.- Inda non ch'e oubo queixa.

Xustiña.- Non me fales así Manoeliño, eu vexo que non che foi ven que ves moi acabado.

Manoel.- ¿E xa non me queres Xustiña?

Xustiña.- Sí, Manoeliño, sí, o que quero e que non che pase pol-o imaxinación o sair outra vez a Castela.

Manoel.- Non, eso non, e si faigo o que teño pensado...

Xustiña.- (*Con interís*).- E qué tí tés pensado!

Manoel.- Non m'a trevo a decircho, porque paréceme que si cho digo non ch'a de dar no xenio.

Xustiña.- E logo ¿non m'o dis?

Manoel.- Deixareino pra outro día.

Xustiña.- Dimo, hoxe.

Manoel.- Boeno, pois direicho logo, quero ca...

Farruco.- (*Despedíndose*).- Boeno, hastra outro día, que xa nos vamos.- (*Collen os atos e vanse*).

Manoel.- Boeno, adiós logo hastra vista;

Antoña.- (*O fillo*).- Manoeliño, vouchee perparando a cena que tí debes de ter fame.

Xulián.- Sí, é mellor, vouche axudar.- (*Os noivos*).- Boeno non tardedes moito c'a cena faise de seguida.- (*Vanse os dous vellos*).

ESCENA 4ª

(Manoel e Xustiña)

Xustiña.- Contam' o que me ibas a decir.

Manoel.- *(Facendo unha mueca).*- Quérome casar contigo pra non sair mais d' a casa.

Xustiña.- Moita gana xa non teño.

Manoel.- ¿Xa non che gusto com' antes Xustiña?

Xustiña.- Non é eso.

Manoel.- Xa mo parecía a mín, e mais algunha razón tés, porque si non fora a Castela, perder dous meses de traballo, e o color rosa que nos d' a nosa terra xa estaría casado.

Xustiña.- Non t' afixas, poida ser qu' o día de mañán ch' e día o si, porque sempre nos quixemos moito, non porque hoxe te...

Manoel.- ¡Xustiña! dam' e sí, eiche querer moito sempre, sereiche fel tod' a vida.

Xustiña.- ¡Sí, Manoel! Douch' o si, pero antes tés que xurarme que non volverás saír d' a casa.

Manoel.- ¡Xúrocho! dam' a man.

Xustiña.- *(Dándolle a man).*- Boeno, agora vamos cenar e contarll' a teus pais o que pensamos facer.

Manoel.- Sí, vamos, pero antes temos que despedirnos destes señores.

Xustiña.- Ay, é verdá, xa nom' a cordaba.

Manoel.- Un aprauso lles pedimos

Xustiña.- Si' é qu' o queren dar, Pois tan caro non lles costa

Manoel.- E a nos gústanos máis.

(Fin da Comedia).

(Propiedade dos autores).

PRESENCIA GALEGA EN TERRA DE CAMPOS: O CASO DE CUENCA (VALLADOLID)

Jonás Castro Toledo
Cóengo arquivista de Valladolid

De volta ás raíces

Non hai un ano reuniámono-los irmáns, aínda en número de oito, con fillos e netos, xunto á Quesera e o *rollo* de Villalón para unha foto colectiva de familia. Celebrabamos con este encontro os 100 anos do nacemento de Leocadio Castro Pastor, que tivo lugar en Gatón, o 9 de decembro de 1898, véspera do Tratado de París, polo que España perdeu Cuba e Filipinas, ano en España de especial recordo. Comemos nunha adega de Cuenca, preto da igrexa de Santa María, e terminou a visita, como era obrigado, na casa natal de Gatón. Moito se fala de volver ás raíces. As raíces afondan ou transplántanse, pero a árbore non dura máis cá terra. Explícome nas seguintes liñas.

Os meus dous apelidos proceden de Cuenca de Campos. Aquí vexo o Castro compartido con outros apelidos desde que hai partidas sacramentais, aínda que as miñas procuras non exceden o século XVII. De Cuenca era o meu avó paterno, quen pasou a Gatón en 1878 por vía de matrimonio, e o meu bisavó materno, un Toledo que fixo o mesmo en 1836, tres xeracións ata el afincadas en Cuenca, aínda que procedían de Villalón, e antes de Cisneros (Palencia). Por este arraigamento nun lugar concreto, ós meus maiores retívoo a terra, máis como labregos ca como gandeiros, aínda que houbo outros da familia que foron prestes, xuristas ou indianos, entre ascendentes e colaterais. Media árbore xenealóxica fonde as súas raíces en Cuenca e outra media pola Terra de Campos

nun circuíto de 25 km. A pesar diso, tanto o apelido Castro coma o Toledo non figuran na Guía Telefónica, vilas de Cuenca e de Gatón. O dito, que as familias pasan, non as casas e o campo.

Emprego os libros do Arquivo Diocesano de Valladolid, por estaren ó meu cargo; algunhas ramas seguirán en arquivos doutras dioceses, investigación que non ten présa. Tratando dos Galegos en Cuenca, podo dicir que, dos meus 32 primeiros apelidos, 3 deles son galegos: Liste, n.º 13, de Santa María de Ordes (Santiago); Balboa, n.º. 18, de Alexes (Galicia), e Mantecón, n.º 30, de Prada do Bolo (Ourense). Homes nados alá, entre 1622 e 1724 emigraron a Castela ou trouxéronos de nenos e casaron en Cuenca. Polo número de galegos que viven aquí podemos supoñer que a maioría eran segadores. As vellas partidas de bautismo só anotan ministro, país e padriños: se din o oficio será por diferenciar entre nomes iguais. Despois dos visitantes mandan poñer avós e lugares de orixe. Moitas veces cumpren poñendo “todos vecinos de Cuenca”. Acaso nas partidas de fillos e netos ou buscando en casados e defuntos. Coñecemos os seus nomes; naturais ou forasteiros, gústanos sabe-lo seu oficio.

É un mandato bíblico: “Cando fagáde-la seitura dos vosos campos, non seguedes tódolos recantos do eido, nin fagáde-la rebusca das espigas caídas. Tampouco non farala rebusca da túa viña, nin aproveitara-los acios. Serán para o pobre e o forasteiro. Eu son o Señor o teu Deus” (Lev 19, 9-10). Jacob, o patriarca, tivo 12 fillos, un deles chamábase Xosé. Este soñou que vía 12 gavelas; a súa mantúñase dereita e as outras inclinábanselle. Os seus irmáns foron a Exipto dúas veces buscar trigo, e despois quedaron alá; ó cabo de séculos volveron á súa terra de orixe. Na xenealoxía de Cristo, mil anos antes del, hai un Booz, dono dun campo, e unha Ruth forasteira, que chegou a Belén cando comezaba a sega das cebadas. Unha historia de amor, espigas por medio. Como as mozas de Cuenca e os segadores do campo; á inversa por seren eles os visitantes.

A presenza galega en Castela é un movemento de poboación que pide un sitio na historia. Os pobos nómades buscan o seu alimento ou pastos para o gando; detéñense cando cultivan os campos. Con malas colleitas, a fame lévaos a outras terras; o espacio é vital para eles. Navegan os fenicios fundando colonias para cambiar produtos. Os gregos fan do mar un lago interior de mercado e cultura. Tamén os romanos, pero sumando pobos ó Imperio; hai mobilidade entre provincias, incluso o emperador pode saír de calquera delas. Coas súas calzadas, tódolos camiños levan a Roma; motivos militares ou transporte de produtos. Rompen as súas fronteiras os pobos do Norte, bárbaros segundo os clásicos; para os alemáns *Völkerwanderungen* ou migracións de pobos. Cinco séculos de aventuras por Europa, sexan hunos, viquingos e normandos. A España chegan suevos, vándalos, alanos e visigodos, e máis tarde os árabes polo sur.

Recordar para comparar: a diáspora xudía do século I, os mozárabes do século X, os sefardís do oriente europeo, os mouriscos repartidos por Castela. A colonización indiana, a

trata de escravos africanos, a procura do Dourado, a conquista do afastado Oeste, os hugonotes de Norteamérica, a colonización de Serra Morena polos alemáns. Neste século deportacións en masa, emigración interior e exterior a zonas industriais. Os galegos teñen orixe celta. Estes de agora non conquistan a terra, non deixan obras de arte, son só man de obra. Gañan o pan coa suor da súa fronte, traballan de sol a sol, co salario axudan á súa familia distante. Xa non é unha anécdota, ocupan un cuarto de milenio e os vidos cóntanse por millares ó ano. Emigran por necesidade, a súa terra non pode alimentar a tantos. Nin acaban aquí as súas saídas ó exterior, antes e despois houbo outros destinos. Por conxuntura é historia. Castela despoboábase, faltaban brazos no campo. Castela foi gañando en habitantes, non pola súa visita temporal, senón quedando como veciños destas localidades.

Fai falta un traballo sobre a Terra de Campos; o caso dunha vila concreta abre unha ventá para unha visión de conxunto. O que vexamos aquí é aplicable ós demais. Xa me dirán se non é unha migración de pobos, nómades temporais que pasan a veciños permanentes. Falando de raíces, nunha visita a Cuenca de Campos preguntei a un veciño que vin na rúa polo seu apelido e respondeume amablemente. Díxenlle que descendía dun galego vido á vila no século XVIII. El engadiu que tal apelido é o único que queda na vila. Logo comecei a súa xenealoxía e vexo que o dito apelido se repite por parte da nai, levando tamén outro de orixe galega, o n.º 13 dos meus.

O home e o seu medio

A) Tempo antigo

Historia é a narración e exposición verdadeira dos acontecementos pasados e cousas memorables, feita aténdose a unha orde cronolóxica. Tratando dun pobo, hanse narra-los sucesos da vida dese pobo. Hai historias locais onde se tocan feitos da historia nacional ou alomenos fala dos edificios máis notables. Hai tempo que a historia grande se escribe facendo dos seus homes os protagonistas. No local ha se-lo mesmo. O caso de Cuenca é o doutros lugares, xentes cos seus oficios e traballos, campos de boas ou malas colleitas, ese pan que comen ou que xaxúan, gandos con pastos escasos ou abundantes, sustento á fin para o home. Os labregos e pastores supuñan un tanto por cento de poboación moi elevado e non é cousa de ignoralos. Dos tres capítulos: agricultura, industria e comercio, máis longo será o primeiro. Pouco supón un obradoiro mecánico ou un comercio de alimentos. Cando do campo saía todo, as nosas poboacións tiñan vida e tivérona durante séculos.

Gracias a don Andrés Pérez García, Cuenca de Campos dispón do seu libro de historia. Del ímonos servir, pero pasou un século sen máis estudio de conxunto. Non vexo que fale dos que viñeron do reino de Galicia. Pode falar de veciños e oficios e non contar con eles por ser de xente de paso, unha cuadrilla para dous meses, estantes ou asistentes, veciños por non distinguir, ou “vecinos al presente”, como se le tamén. Esta Exposición de Cuenca de Campos fainos recordar a todos que nestas faenas estiveron ocupados os nosos pais e avós, senón o estivemos tamén os maiores de hoxe. Importa menos que os nenos o vexan como un mundo estraño e primitivo. Que tomen boa nota diso, ese mundo de onte supón un todo invariable de séculos. O que eles van manexar vén con paso acelerado, maquinaria de usar e tirar, coma os xoguetes.

A palabra Cuenca indica que é unha chaira, ó abeiro de tódolos ventos, sen un río para desaugar, con perigo de inundación; a saída natural está no río Sequillo. Ó norte da poboación domina un outeiro onde estivo a fortaleza, lémbrao a titular da igrexa matriz, Santa María del Castillo, altura que ocupou a ermida de Santa Bárbara, hoxe sitio chamado Conjuradero. Da dita santa lembrábase nas tormentas. Un pazo por alí converteuse nun convento, como pasou noutros lugares. Algunhas adegas quedan pola aba con nostalgia de vendimas. Deixémo-lo de Conca ou Cauca dos vacceos, pero lembren que, dentro dos límites da Gallaecia romana, na vila de Coca (Segovia) naceu o emperador Teodosio; dito en latín “in finibus Gallaeciae”. Esta provincia foi máis extensa, espacio dado á Lusitania e á Tarraconense. Os suevos despois cederon tamén ó empuxe dos visigodos, por iso se chaman estes campos onde estamos, os Campi Gothorum.

Terra de Campos ou campos de terra. Había unha industria de adobe para vivendas e accesorios, materia prima máis económica, barro con palla secado ó sol. De palla-barro eran as paredes de máis señorío, desde igrexas a pombais; o mesmo os cercados que cinguen a vila. O ladrillo era máis caro por falta de leña, así marcábanse as diferencias sociais. Baixo terra gardábase o viño, nun espacio chamado *bodega*. Atopamos silos desde a Idade do Ferro, onde metían os cereais. Subsolo ou adega, alleo ó cambio de clima, terra esta tan exposta a fríos e calores, a cámara máis fresca da casa ou despensa sen varia-la temperatura. Almacén de alimentos e, en caso de asedio, de subsistencia. Houbo neveiros para garda-la auga. Pozo con peitoril de pedra e unha figueira en cada curral. Casas cor de barbeito ó pé dunha lagoa a falta de río. Así creceron Villaramiel, Villalón e Cuenca, vilas romanas de orixe ou casas de campo, chairas antano, o celeiro do Imperio.

Falando de camiños, Cipriano Martínez y González estudou en 1874 a calzada romana de Benavente a Palencia, como tramo da de Astorga a Zaragoza, facéndoa pasar por Becilla, Cuenca, Gatón e Villaramiel. En sentido transversal e mirando a Roma. Xa dixen, vía militar e logo de transporte. Desde hai un século, estrada de Palencia a Castrogonzalo con cambios de trazado que marxinaron a Cuenca e Gatón; non era así o



Foto: Museo Etnológico de Ribadavia

proxecto orixinal. Máis ó norte, en paralelo, pasa o Camiño de Santiago por Sahagún, asento dun mosteiro con priorados e igrexas en Terra de Campos: Selices, Santervás, Villadrades, Villarramiel, Vilada. Fúndano uns emigrados de Al-Andalus iniciado o século X. Repáranse vellas ruínas e nacen outros poboados. Hai máis cenobios de orixe mozárabe. Do Beato de Valcavado, aquí a lámina dos anxos que segan e vendiman a terra, un cadro de época. Ó aparente deserto anterior, no século X séguelle a repoboación xeral con nomes que denotan a procedencia.

Temos na provincia un topónimo de recordo galego en exclusiva, sen dúbida como xente repoboadora. Galegos no val do Hornija, unha das aldeas da vila de Torrelobatón. Máis preto de Cuenca, dentro da Terra de Campos, atópase Galeguillos (León), onde a repoboación chegou máis cedo, e máis alá Villagallegos, por Valdevimbre. Hai 15 Gallegos no mapa, o abano da súa saída repoboadora. Falemos tamén da Ruta dos Foramontanos, unha vía meridional como a Reconquista mesma, aqueles que saíron das montañas a poboala chaira, tema tratado con encanto por Víctor de la Serna. O conde Gatón foi repoboador de Astorga. Non o relaciono coa miña vila xa que houbo un Villagatón na terra de Saldaña, e queda outro igual camiño de León, o que se cita en días de néboa. Gatón era un nome máis daquela xente. Villarramiel apunta a Herramel Álvarez, orixinario de Álava, segundo o P. Luis Fernández, xesuíta e amigo.

No século XI incorpora Castela as terras entre o Pisuerga e o Cea e con elas restáurase a diocese de Palencia. Por aquí, o río Sequillo é límite; o que queda á dereita segue sendo de León e á esquerda dásele a Palencia, excepto Capillas e Boada. Século XII, en igrexas chégase a un románico de ladrillo con artesoados de madeira, sinxeleza de obra con valor de monumento en Terra de Campos. Zona controvertida polos reis de León e de Castela, explícase que en 1180 Afonso VIII date “en Campos, en la villa que se llama Gatón” a entrega do castelo de Malagón á Orde de Calatrava. Rodrigo Gutiérrez, mordomo maior do rei, é tenente de Gatón, Montealegre e Torremormojón. Os labregos ocúpanse da fortificación; o pan convértese en pedras, as casas de palla en castelo e as torres de igrexa teñen ameas. O conde don Nuño Pérez de Lara, tenente de Cuenca e Tamariz, cede en 1170 á igrexa de León as tercias de pan, viño e legumes da vila de Cuenca, os nosos productos. Houbo paz cos Tratados de Rioseco e de Todehumos.

Sábese dun foro que lle deu a Cuenca en 1115 a raíña dona Urraca; hai texto do que lle deron Gutierre Díaz e a súa muller a Villabaruz en 1181. Ese fala de poboadores vidos e por vir. Veciños e caseiros que poden cambiar de vila, sexa Cuenca, Tamariz ou Villarramiel. Están exentos de fonsadeira, caso que o rei non estea cercado. Deben facer unha serna ó mes, un día no campo para o señor, quen lles dará pan e viño ata saciárense. Os cabaleiros seis veces ó ano, e tres días con pan, viño e carne. Hai palabras como realidades: concello, gando no campo, un carneiro de multa, carros de palla. Era rei de León, Fernando II, e de Castela, Afonso VIII; o conde Fernando en Cuenca e Tamariz,

Rodrigo Gutiérrez en Gatón e Tello Pérez en Meneses. Zona importante por xira-la súa nobreza arredor dos reis, como a familia dos Ansúrez, nos castelos en Villacilda, despoado de Villalón. En Autillo de Campos, feudo da familia dos Girones, dona Berenguela pasa a coroa de Castela ó seu fillo Fernando III.

Este dá Montealegre en arras a dona Beatriz, a súa muller, e ambos frecuentan a vila na viaxe de vodas. En 1221 Nuño Sánchez, señor de Besalú e Cerdaña, véndelle a Elo Álvarez unhas herdades en Castela, excepto en Cuenca e Tamariz. O dito rei concede a Villalón un mercado os sábados en 1250, como centro de oferta e demanda. Afonso X co *Concejo de la Mesta* favorece ó gando. Os campos necesitan brazos ou están baldíos pola guerra. Peor era talar bosques, queima-la seitura. Un exemplo, as 300 raposas de Sansón con teas nas colas: “[...] e guindaron as raposas contra os cereais dos filisteos, de xeito que queimou desde os palleiros ata as colleitas, e mesmo as vides e as oliveiras” (Iud. 15, 5). Os gregos e romanos usaban as rodas falcadas, con fouces nos seus radios. Para a igrexa foi pecado reservado queima-la seitura. Os rabaños esixen menos xente, con pastos producen máis e hai camiños propios para facelos. Aquí, a Real Cañada leonesa. Cuenca e a súa transhumancia ós rasos de Villalpando; Villalón e os seus queixos, unha fama baseada nos pastos da terra.

Tres localidades hoxe esquecidas, Herrín, Gatón e Molillas, están en mans da familia real, sérvenlle de consolo ós infantes da Cerda e outro infante ó morrer pásaos ás Huelgas de Burgos en 1319. En Cuenca fúndase o Hospital de Sancti Spiritus, ano 1327. As herdades do cóengo de Husillos serven para fundar unha casa onde alberga-los pobres e as súas bestas, sinal de que non falta xente de paso. As candeas da noite de Santo Estevo continúan a estrela de Nadal e a igrexa de Santa María do Castelo convértese nun Belén quente. Moitos galegos pobres acolleranse nel, asistidos de médicos e comadroa propios. Para preitos, o rei Afonso IX en 1339 manda que Villalón, Cuenca, Moral, Villafranca, Valcárcel, Bembibre, Ponferrada e demais lugares acudan coas súas apelacións á cidade de León. Son nomes de vilas que anticipan aquela trasfega de xentes entre a Galicia emigrante e a Castela acollidora.

Na Idade Media afírmase o nome de Campos, vémolos no século XII cando menos. A mediados do XIV, segundo o Becerro das Behetrías, existe unha Merindad de Campos; na súa parte máis oeste están Villalón e Cuenca coa veiga do Sequillo desde Herrín a Tamariz. O adiantado maior reside en Palencia, é dicir, a capital. Castela organizada por comarcas. Vendo Villalón e o seu contorno, non hai señor con máis de dous lugares en exclusiva. A terra é apetecible e todos queren a súa parcela. “No se llame señor a quien en Castilla no tenga un terrón”. Houbo mercado en Cuenca, proba de que lle interesou ó señor, sexa da casa de Lara ou dos Fernández de Velasco. Os nobres rebélanse e os reis afirman o seu poder como podemos ver en crónicas. Sobrarían citas desta terra, vexamos un exemplo.

Crónica de Pedro I, ano 1354, cap. XXV: “Cómo el conde y don Iuan Alfonso y don Fernando de Castro fueron en Cuenca de Tamariz, y lo que ende acaesció”. “Y quando amanesció otro día sábado estaban a la puerta de Villalón, que era villa de don Tello. E desde llegaron a cerca de Villalón, supieron ende cómo los infantes de Aragón y don Tello eran avenidos y de buen acuerdo, y que estaban en Cuenca de Tamariz con pieça de gente de armas. Luego embió el conde tres de cauallo ginetes, que estuviessen por atalaya en vn llano, que es entre medias do parecía Cuenca. Y mandaron a todos que *comiesen y diessen cevada en unas parvas que estaban ay acerca; y ésto era en el mes de agosto*”. Don Pedro é señor de Lara ó morrer don Tello sendo neno, niso van Villalón e Cuenca. Enrique II cede esta vila á súa irmá dona Juana de Castro cos seus termos e dereitos, por algúns lugares seus que lle tomou. Despois tena Moisés Beltrán de Claquín, quen a permuta con Pedro Fernández de Velasco polos arrabaldes de Soria e 2.000 dobras castelás.

Os Fernández de Velasco aséntanse en Cuenca no século XIV; a casa de Alburquerque, condes de Benavente despois, no eixo Villalón-Mayorga; os almirantes de Castela meten a súa cuña por aquí. Para rendas de igrexa, Villalón: o cardeal Fernández de Frías, o arcediago de Valderas, un bispo de León nado aquí, o cardeal Torquemada. Tamén gañan igrexas, conventos e hospitais. O mercado chama a xente. O concello dá cartas de veciñanza a xente de diversos lugares. Contratan físicos, gramáticos e alarifes xudeus. Para vacas fracas, Ordenanzas de 1423: “Que andaluz alguno ni portugués ni de tierra de Ávila saque trigo alguno de esta villa salvo los montañeses que suelen traer mercadería”. Tres anos de carestía enchen a vila de pobres e vanse os veciños pola peste. Unhas rogativas ó lugar de Fuentes forzan o milagre. De alí vén a auga por obra de canteiros. O poboado xa non existe, pero o 8 de setembro van en romaría de Villalón e arredores.

O mercado de Villalón adquire importancia gracias ós condes de Benavente, don Rodrigo Alfonso Pimentel, avó e neto; os reis favorécenos con privilexios sempre que están ó lado do poder. Enrique IV confirma as feiras e mercados de Villalón por carta real de mercé de 1465, que confirman os Reis Católicos en 1488. Chámanlle o Gran Privilexio das Feiras. A vila de Cuenca en 1482 a petición de Villalón fixo un contrato para que non houbera feiras nin mercados naquela. Se Valladolid non quere feiras vinte leguas ó redor; o conde tampouco en Cuenca a tres cuartos de legua. Unha carta de compromiso de 1282 entre Villalón e Cuenca sobre diferencias que tiñan considera traidores ós que quebranten a tregua, 200 anos despois a competencia mercantil é outra guerra. Xa se gaban as nosas vilas e campos como se foran as Américas. A Medina de Rioseco, polas súas ricas e célebres feiras anuais, chamábaselle India Chica (Antonio Ponz). O campo de Gatón é fértil e as vilas achegadas chámanse as Indias (Ortega Rubio).

Para sabe-lo valor da feira de Villalón véxase o estudio de P. Luis Fernández onde se fala das perdas que tiveron en 1521 a causa da Guerra das Comunidades. Sen dúbida, tamén perden as vilas de arredor, non só os escribáns polos contratos que non asinan ou

os colleiteiros de viños polas cántaras que non venden. Ó estancarse as mercancías, a vida parálizase e termina acabándose. O conde de Benavente estaba cos imperiais, era de pensar que a súa vila fose unha illa de paz nesta guerra xeneralizada; nada diso. A Terra de Campos sentíase comuneira, tanto Villalón coma outras vilas e cidades. Non valía o recurso de comprar noutras feiras, porque en Medina de Rioseco pasaba o mesmo, aínda que o almirante fose gobernador do Reino. Con ese bloqueo atacábase o poder real. Peor aínda, Medina del Campo sufriu o grande incendio de 1520 a mans dos imperiais.

Limítome a copia-lo extracto do documento que obra no Arquivo Municipal de Villalón. De 1521 é o “Seguro concedido por el Emperador don Carlos a los mercaderes que vinieran a la feria de Cuaresma de Villalón, de las ciudades de Burgos, León, Granada, Sevilla, Córdoba, Cuenca, Segovia, Ávila, Salamanca, Zamora, Palencia y Guadalajara, y de las villas de Valladolid, Medina del Campo y Madrid, y demás villas y lugares, a consecuencia de haber llegado a noticia de dicho Emperador que los mercaderes que viniesen a las ferias de esta villa, la cual daría principio en febrero, serían presos, detenidos y embargados sus bienes y mercaderías, por algunas cosas que les puedan ser opuestas y demandas por razón de los dichos alborotos”. Sobra o comentario. Hai máis documentos tocante ó tema.

Medina de Rioseco, Medina del Campo, Villalón e Valladolid ocupan o século XVI loitando por unhas feiras que viven o seu Século de Ouro. A decadencia chegará despois. Imos con galegos. De 1506 é un “Testimonio dado en la ciudad de Lugo en Galicia de la validez del privilegio de portazgos”. Da mesma data, un “Certificado de un escribano de la ciudad de Betanzos, de cómo se había allí pregonado el privilegio de las ferias de Villalón”. O privilexio de non pagar portádego, excepto en Sevilla, Toledo e Murcia, teno Villalón desde 1303; supón unha franquía á expansión dos produtos que van e veñen ó mercado. Chócase a miúdo con vilas, conventos e igrexas que teñen a mesma concesión. É tempo de pensar en igrexas e mosteiros que se renovan ou amplían, a trasfega de canteiros e alarifes, madeira para teitos e artesoados, retablos e esculturas. O ouro e a prata de América permiten renovar todo. Mesmo xorden igrexas e torres de pedra.

Artistas. Non sabendo onde naceron, algo din os seus apelidos. Velaí unha lista suxestiva: Simón de Colonia (*rollo* de Villalón, esc. burgalesa), Diego de Riaño, Rodrigo Gil de Hontañón (Santiago de Rioseco), Gaspar de Solórzano (Santa María de Rioseco), Juan de Herrera (n. en Camargo), Diego de Praves (San Miguel de Villarramiel), Pedro de Mazuecos (Santa María de Rioseco), Felipe Bigarny, Juan de Valmaseda, Juan de Juni, Cristóbal de Andino, Enrique e Juan de Arfe, Gregorio Hernández (galego). Como artistas locais, o Mestre de Palanquinos (San Juan de Villalón), Alejo de Vahía, Alonso, Pedro e Inocencio Berruguete (natural de Paredes). Igrexas e torres de ladrillo. A torre de San Miguel de Villalón e de Gatón, pedra máis que ladrillo. Igrexa de Rioseco, as catro catedrais. Artesoado de Cuenca e outros lugares. Sen canteiras nin bosque, os materiais veñen de fóra. A pedra, dos Montes de Torozos ou máis alá, e a madeira, dos piñeirais de Soria.

Os Santos Patróns e o campo. **Cristo de Castilviejo* (Rioseco). Seca, procesión xeral. Milagre, 8 de xuño de 1602. A Imaxe súa auga, límpaña cun pano, que conservan. Vello poboado romano. Ermida. **San Bernardino de Sena* (Cuenca), 1450. “Fuese éste a segar y apenas había hecho quince gavillas”, o viño que trae faise sangue e cae morto sobre una gavela. Resucita e constrúen a ermida alí. Ermida. **Santa Marina* (Fontihoyuelo), 18 de xullo. Despoboado. Na igrexa. **Virgen de Carejas* (Paredes), 4 de xullo 1621. Tempestade de auga e lóstregos. Campá que toca soa. Despoboado. Ermida. **Virgen de Fuentes* (Villalón), agosto de 1423. Seca, falta de pan e peste. Despoboado. Ermida. **Virgen de las Angustias* (Villarramiel). Cultos en Pentecoste. Ermida. **Virgen de las Nieves* (Gatón), 5 de agosto de 1486. Pola cobiza de segar arde a torre dúas veces. Novena de Pentecoste. Na igrexa. **Virgen de Serosas* (Montealegre). Dubidosa etimoloxía. Festas en San Pedro. Campos ó segar. Os pastores e o lobo. Ermida.

A relixión está marcada pola vida do campo e a devoción faise máis forte cando a sarabia ou a xeadá poden acabar cunha colleita en ser. Cultos de primavera: San Marcos, Santo Isidro, sobre todo Pentecoste: agora dá igual un Cristo, unha Virxe ou un Santo. Vemos en case todos unha vila que desaparece, cun titular de igrexa, logo ermida, que acaba por ser patrón da vila que asume o termo do despoboado.

B) Tempo moderno

Tres reis enchen o século XVII español, final da Casa de Austria e decadencia case xeral. Cervantes, o manco de Lepanto, é un notario do cambio. O *Quixote* ve xigantes e exércitos, soña co pasado; para Sancho Panza son muíños e rabaños, vive o presente. A realidade imponse. Dicían de Felipe III: “Con todos en guerra y en paz con Inglaterra”. Expulsando ós mouriscos danouse o agrícola en Castela. Con Felipe IV o éxito militar vai seguido de reveses en Europa, Cataluña tenta separarse por non darlle ó Estado o quinto das súas rendas, Guerra dos Segadores (1640); un día do Corpus sublévanse as fouces que se ían contratar. “Els Segadors” cántase aínda. Portugal consegue a separación o mesmo ano. Quevedo critica o momento político, ó conde duque de Olivares, sobre todo. De Castela saen sen reserva homes e diñeiro. Pedro de Valencia: “Piénsase que el dinero mantiene las naciones y no es así: las heredades labradas y los ganados y pesquerías son las que dan mantenimiento”.

Por outra banda, a Relixión triúfa en igrexas, retablos e imaxes, nas nosas vilas hai bos exemplos. O século XVI foi etapa de prosperidade xeral, tamén en Galicia, cunha poboación que crece un tercio a pesar do tirón de América e as guerras de Italia. O XVII trae o declive e a inseguridade. A piratería marítima, a alza de prezos e a subida de rendas para unha propiedade fraccionada e escasa, nobreza e clero á parte, fan imposible alimenta-la súa poboación, que agora é maior, e obrigan á emigración esta-

cional a Castela e Andalucía para face-la sega. Saen das provincias interiores, zonas de montaña sobre todo, máis ca da Galicia atlántica. Castela perde xente coas guerras, pagadas con impostos e outros recursos como a venda de *villazgos*, títulos e oficios. A máis fidalgo, menos peiteiros. En cultivos nótase a falta dos mouriscos. Os nobres van á Corte, as súas terras producen menos con rendeiros, ás da Igrexa pásalle-lo mesmo. Véndense baldíos, cávanse montes. Castela necesita brazos para a sega e a vendima, por se-lo máis urxente.

Hai bos estudos económicos e demográficos. Quen teña a man a *Historia de Castilla y León* de “Mundo”, que vexa un gráfico de Yun Casalilla, a dúas cores: Producción de cereais e número de bautismos na Terra de Campos, 1500-1840, p. 787. De Elena Maza un Gráfico de Bautismos de Villalón, 1544-1712, p. 768. De Guillermo Herrero: Bautizados en Castromocho (Palencia), 1550-1840, p. 770. En todos o vértice máis alto, a finais do século XVI con tendencia a descender, só remonta xa mediado o XVIII, sen chegar ó anterior (o cadro exposto dos bautizos de Cuenca vén dici-lo mesmo). O demográfico dalgunhas vilas e cidades castelás, p. 763, sinala que Valladolid a mediados do XVII perdeu o 63%; Medina de Rioseco, o 50,9%; Mayorga de Campos, un 59,1; Arevalo, Medina del Campo, Segovia e Burgos superan o 70%. Así enténdese o ocaso das feiras, das fábricas de panos e da produción trigueira.

Carlos Duque Herrero no seu libro *Mucientes: Historia y Arte*, p. 209-211, dá unha lista de 246 apelidos de veciños da vila, con data de aparición, procedencia e documento, dos cales 11 veñen de Galicia. Non son tantos para unha vila con páramo, aba e val, terra máis de viñas, lugar próximo a Valladolid. Nos libros sacramentais de Cuenca de Campos buscamos galegos e o seu número é moi superior. As cuadrillas de segadores facíanse presentes cada verán e ó cabo de dous meses volvían á súa terra. Para quedar escrito o seu nome ten que darse o caso familiar dun bautizo, se é que lles permiten vir ás mulleres; son máis numerosas as vodas, ricas en detalles as defuncións, aquelas porque se quedan e estas porque se moven. Anos habería de nada. De entrada, vou tratar sobre o caso da Mudarra, do cal dín que foi fundado por galegos que viñan á seitura. Non tanto como fundación, pero caso especial si.

Fala diso Corral Castanedo, *Villa por villa*, 1984, I, 244, sen tomar partido; acaso o tome de Ortega Rubio, *Los pueblos de la provincia*, 1895, II, 143-144, con cita de Antonio Ponz, *Viaje de España*, 1787-94, XII, 122. Antes ca estes tratouno o P. Feijoo, galego insigne, discurso XII sobre a Agricultura, do seu *Teatro crítico universal*, 1739. Di “Salen muchos millares de gallegos a cavar las viñas y segar las mieses a varias provincias de España”, o cal necesita de reforma. Se teñen terra en Galicia, que traballen alí, se non, que se separe a xente pobre que sobra, “y fórmense de ella algunas colonias donde hay grandes pedazos de tierra inculta por falta de labradores. Esto traería juntamente la conveniencia de impedir en muchos montes y páramos la infestación de los ladrones. Buen

ejemplo de una y otra utilidad tenemos a la vista en el lugar de la Mudarra, sito entre Rioseco y Valladolid, que no sé por qué accidente se formó a la entrada del monte de Torozos de un puño de gallegos”.

Xa sabía de ladróns. No Arquivo da Catedral de Valladolid gárdase unha Real Provisión de Felipe IV (Valladolid, 17.6.1664), para que as xustizas de Rioseco, Torrelobatón, Peñaflor, Vadenebro, Villalba del Alcor e Villanubla vexan un auto aquí inserto e o garden e cumpran. Din que andan moitos ladróns polos camiños que van de Valladolid e de Torrelobatón polo Monte de Torozos á cidade de Medina de Rioseco, particularmente os días próximos ó xoves que hai mercado na dita cidade. As xustizas destas vilas tiñan que corre-los camiños e monte coa xente e arma necesaria, ofensivas e defensivas, os mércores, xoves e venres de cada semana. Sinala que días lle toca a cada vila, recoméndalles ter cárceres e prisións seguras, pousadas que non sexan mesóns e mantementos necesarios a prezos xustos e moderados.

Segundo *Crónicas de antaño*, Felipe II incautou ó concello de Rioseco 1.300 *iguadas* de baldíos, que a vila pagou a prazos hipotecando as súas rendas, despois de dar miles de ducados para gastos de guerra e da corte. Sen dúbida, baldíos do Monte de Torozos, extenso páramo de aciñeiras, compartido con Montealegre, Vilalba, Valladolid, Tordesillas e Torrelobatón. Felipe IV deu título de cidade a Rioseco o ano 1634 en atención ós bos servicios de don Juan Gaspar Enríquez, IX almirante de Castela e V duque de Medina de Rioseco, o ausente aquí con casa en Madrid por estar xunto á Corte. Rioseco, sendo ducado e cidade, acordou cavar parte do Monte para alimenta-la veciñanza e chaman a xente de fóra. La Mudarra, unhas casas de vixilancia con rango de arrabalde, fíxose co terreo pagando 80 fanegas de trigo ó ano. O chamado “lugar de Villamudarra” desde entón comezou os seu libros parroquiais en 1679, sinal de que era unha parroquia á parte. Os seus fregueses naceron nas vilas do contorno e no reino de Galicia.

Viñeron darlle outro impulso. Por quedar La Mudarra fóra de Terra de Campos, só unhas notas e catro datas. A Casa do Monte ten “asistentes” galegos, tamén hai galegos vivindo en casas propias, tal vez novas. Ano 1679, o defunto n.º 2 é galego: “Se alló en el Monte de Torozos un hombre muerto de un arcabuzazo que unos ladrones le dieron, que se llamaba Antonio de Revilla, vezino que fue de la ciudad de Segovia, según parece por un testimonio fecho en la ciudad de Orense”. Ano 1682, entérrase “a un hombre que se alló muerto en el Monte de Torozos, propio de la ciudad de Medina de Rioseco, el qual parecía soldado de la Armada... por una carta que pareció ser dada en Vigo”. En 1684 confirman en Rioseco a máis de 12 nenos deste arrabalde; os dous primeiros da lista son fillos de galegos. En 1702 enterran a un pobre galego que ía de camiño: venderon as súas roupas para terlle unhas misas. Casos como estes vémoslos en Cuenca.

O caso de Cuenca

Ve-la lista xeral exposta. Anótanse os bautismos, matrimonios e defuncións por orde cronolóxica, os primeiros cun asterisco (*) e os últimos cunha cruz (+). Os lugares levan entre parénteses o nome das dioceses de entón. Así consígnase de ordinario, sobre todo cando os papeis de voda dun galego tiñan que pasar pola súa vigairía de orixe. Galicia dividíase en sete provincias: poño ás veces as actuais para saber que a vila é galega. En Cuenca había cinco parroquias ata 1783, data en que San Juan se agregou a San Mamés, e San Pedro a Santa María. San Justo foi soa ata 1899, en que Santa María queda como parroquia de termo, absorbe as outras, rexidas por un coadxutor. Hoxe a titular é La Asunción, aínda que se use o templo de San Justo. Para localiza-las partidas no dito elenco, abrevio os 5 nomes con dous signos: San Juan, Jn; San Justo, Jt; San Mamés, Ms; San Pedro, Pº, e Santa María, Mª. Outras siglas comúns, enténdense axiña: natural, veciño, residente, fillo, pai, nai, avó e os seus plurais.

No caso de que falten pódense engadir máis nomes. Distingo entre partidas antigas, medias e modernas, séculos XVII, XVIII e XIX. Hai máis datos co tempo, desde a anotación elemental a unha acta completa. A xerarquía deu normas para mellora-lo formulario e obrigaba a repeti-las partidas defectuosas, mandatos que non sempre se cumprían. En toda época houbo curas preguiceiros, cumpridores e detallistas. Non bastaría coa fala para tomar a uns por galegos. Suponse que estes dirían a verdade, ó carecer algúns de cédula persoal ou de veciñanza. Vemos defuntos dos que non sabemos se eran casados ou solteiros, inscribíanos para que constara a súa morte. Non faltan pais que non saben onde naceron os seus sogros. De consta-la súa natureza, xa é difícil localizar tanto lugar, freguesía e concello nun mapa antigo do reino de Galicia. Valla recorda-lo que uns xitanos de Sahagún dicían na clase: “¿De donde son Uds.? –De Según. ¿Cómo de Según? –De según se va a León. ¿Nombre de la madrina? –La Morena”. E non os sacaban de aí.

Moito se pode dicir coa lista por diante. Procurarei non enredarme cos nomes e datas dando paso ás impresións que me produciu esta busca. Unha primeira pregunta. ¿Merece Cuenca de Campos que nos fixemos nela para un tema de galegos? Como sede da Exposición, si, pero hai máis méritos. Do antigo partido xudicial, Villalón é a vila máis poboadada mediado o século XIX, son 4.674 almas; segue Mayorga, con 2.000; logo Cuenca, con 1.301, e Becilla, con 824. As do contorno non pasaban de 250, excepto Villarramiel con 3.605, xa fóra de provincia. Cuenca ocupaba o terceiro posto na táboa. Villalón prestaríase a confusión polo seu mercado, un polo continuo de atracción, de xentes de moitas partes; por razón do comercio había máis variedade de oficios. Non todo galego é segador, non todo segador é galego. En Cuenca, a maior parte dos veciños dedicábase á agricultura.

Esta visión homoxénea de oficios diversificase lendo partidas a oito. Primeiro contamos con cinco igrexas de padroado dos duques de Frías: San Juan, San Justo, San Mamés, San Pedro e Santa María del Castillo, que é a matriz, isto supón un clero abundante, patrimoniais

en xeral, cun cabido maior presidido por un abade. Ás veces un dos curas é arcipreste do partido. Tiña os seus sancristáns e organistas. Tamén unha ermida cun ermitán (un antepasado meu foino), a de San Bernardino, nome frecuente en bautizados, un Santo que lles dan como avogado, apelido obrigado se o neno apareceu exposto alí. Temos un convento de clausura, da Orde de Santa Clara, tamén dedicado a San Bernardino, con mandadeira e demais serventes. De vello, o Hospital de Sancti Spiritus, atendido por un hospitaleiro, ten médico, cirurxián, boticario e comadroa. Fálase de cuadrillas para enterrar.

Como vila de señorío hai un alcalde maior, dous alcaldes ordinarios cada ano, varios rexedores perpetuos, o fiel de feitos o escribán e o notario; a falta destes un clérigo pode autorizar testamentos. Vemos gardando o campo a un galego e gardando o gando maior un tamén de fóra. De gandeiros e pastores, rabadáns e pegureiros non podemos esquecernos, dada a fama dos nosos queixos. En xeral, a vida de Cuenca desenvólvese por si mesma: avogados, mestres das primeiras letras, barbeiros, zapateiros, xastres, canteiros, telleiros, traballadores que fan o pallabarro, albaneis, chapineiros, borceguileiros, curtidores, zurradores, carpinteiros, carniceiros, carboeiros, arrieiros, carreteiros, muiñeiros e prateiros; meros soldados do rei e graduacións máis altas. Comisarios ou familiares do Santo Oficio, algúns co apelido Castro.

Tamén é vila aberta. Hai pouca consanguinidade. Con galegos e sen eles sempre vexo xente de fóra, malia que a maioría procede do cuadrante noroeste, en número inverso á distancia: as vilas do arredor, Terra de Campos, comarca de Benavente, páramo e montañas de León, Maragatería, provincias de Palencia, Burgos, Santander e Oviedo. Non faltan casos illados: uns xitanos de Zaragoza que traen un neno a bautizar; un arrieiro de Ciempozuelos morto en 1724; don Miguel de Alegría, administrador de rendas reais, natural de Los Arcos (Navarra), morto en 1730; don Baltasar de Jalón y Brizuela, natural de Madrid, xuíz subdelegado para a Única Contribución, en 1752 bautiza unha filla porque reside el aquí; don José Calafate, médico de Cuenca, é natural da cidade de Parma (Italia). Os Vibot proceden de Astorga e León e veñen á vila mediado o século XIX. Destes casos un cento. Os duques de Frías teñen ás veces servidores oriúndos das súas terras.

Nacer en Cuenca. Conteí os bautizos de San Justo desde 1592 a 1899 por medio dos seus índices e foron 4.265, máis algún outro libro que os ten; despois as demais partidas, todo de 25 en 25 anos. En total son 16.305 partidas. Con isto pódese facer unha boa gráfica. Sempre houbo alegrías ó nacer un neno. Chama a atención a cantidade de bautismos de socorro en perigo de morte, hai tamén algunhas nais que morren de parto. Pais descoñecidos, unha triste realidade tanto social como moral, por non poder crialos ou por ocultala orixe. Número alto de nenos expostos ás portas das igrexas, ermida de San Bernardino ou casas particulares, hai anos con máis de dous; dábaselle-lo apelido da igrexa ou ermida onde aparecían. Casos de nais solteiras que calaban o nome do pai ou o declaraban sen recoñecelo. Ás veces viña despois o matrimonio, outras discutíase nos

tribunais. Polos casos de socorro podemos face-la lista de médicos, polos nenos expostos e mortos sen identificar, a lista de alcaldes, sempre que interveña a xustiza.

Fillos de galegos hai 25 apuntados. Bautizábanse como os demais. Cando os pais son galegos sen estar casados aquí, ou son veciños novos de Cuenca ou lles nace un fillo cando están traballando. Se un deles é galego e o outro de fóra, o matrimonio que puido facerse noutra saída no verán. Houbo tempo en que lles prohibían vir ás mulleres: despois de 3 bautizos en 13 anos ó principio, pasan 40 anos sen bautizar. Tamén se anotan bautizos onde hai padriños galegos. Entre as testemuñas podía esta-lo amo dos segadores ou compañeiros da cuadrilla. Casos concretos, o de 1689, fillo de astorgano e galega, el residente aquí e tendeiro de mercadorías miúdas; o de 1701, filla de “una muger que benía buscando su vida; su padre dixo no saber cómo se llamaba”; en 1724, o fillo do boticario de Cuenca, natural de Galicia. En 1757 vemos xemelgos bautizados de socorro e fillos de pais solteiros.

Casar en Cuenca. As partidas comezan con tempo suficiente para recolle-las vodas dos que veñan á sega, emigración que arranca a partir do século XVII segundo tódolos autores. As partidas antigas dan contraentes, nome dos pais se son solteiros ou do cónxuxe se son viúvos, sen máis orixe nin procedencia. Logo engaden a natureza e veciñanza dos contraentes, porque hai obriga de amoestalos onde naceron e foron veciños, para garanti-la súa liberdade ou solteiría. Natural, veciño, residente, estante ou asistente, por cousa de xurisdicción parroquial. Raro é que figure o oficio. Os segadores están aí malia que non se diga. Máis veces ponse a profesión, por releve social ou vontade do cura. En San Pedro non hai vodas; explícase pola súa escasa freguesía, non pasou de doce familias. Déixase a busca ó mingua-las vodas con galegos. Cambio de circunstancias. Aquí seguen os fillos e netos de galegos, mentres a América independente chama por eles para a aventura.

Os datos que traen os Libros de Casados de Cuenca serven para falar dos galegos que quedaron. Quedaron como fregueses destas parroquias e como veciños desta vila polo entroncamento familiar que supón o matrimonio. Hai casos de mulleres que casan con galegos ó enviuar doutros galegos. Por volver ano tras ano ó lugar coñeceríanse mellor, non dando paso ó descoñecido. Os nomes de nados en Cuenca que se relacionan con Galicia, quen sabe se aquilo os leva alá por parentesco contraído anteriormente.

Reconto de vodas. Santa María e o século XVIII, con máis vodas de galegos.

Parroquias, séculos:	XVII	XVIII	XIX	
San Juan:	3	3	0	= 6
S. Justo:	3	10	1	= 14
S. Mamés:	7	10	4	= 21
Santa María:	13	13	2	= 28
	26	36	7	= 69

Falando da orixe. En xeral, abundan os casos onde fala só de galego, de Galicia ou do Reino de Galicia. Por bispados: *Oviedo* ten 1, na prov. de Lugo, que non di. *Astorga* ten 4, 2 deles na prov. de Ourense. *Ourense*, 4, cos 2 engadidos por prov. *Mondoñedo*, 7. *Lugo*, 12, *Santiago*, 22. Saen 61 de orixe definida. Vilafranca do Bierzo era unha abadía exenta. Con viúvos non dan a orixe senón o nome da muller anterior ou son galegos coñecidos por outras partidas. Procurei buscar en Madoz os nomes das vilas cando dubidaba se eran galegos. Algúns terei deixado ó paso por non caer na conta do problema entre dioceses e provincias de fronteira, como Oviedo en Lugo, Astorga en Lugo e Ourense, Lugo en León. Santiago con enclave en Vilafranca do Bierzo. O seguro é contar as partidas, facer unha lista completa de topónimos e miralos un por un. Se se trata de Galicia, alomenos, dá o lugar, a freguesía e o municipio.

O límite oriental das provincias de Ourense e Lugo fixouse en 1833, como os demais das provincias españolas. Nos séculos XVII, XVIII e XIX non era o mesmo, segundo o mapa das gardas da *Gran Enciclopedia Gallega*. Polo norte, a divisoria natural era a ría do Eo, como agora. Case en directo baixaba ata preto de Vilafranca do Bierzo e non tanto de Ponferrada. O Bierzo, máis poboado e rico, foi provincia en 1823, coa capital en Vilafranca; xuntárona con León en 1833, zona aínda de fala galega. O partido de Vilafranca compartían as dioceses de Astorga, Lugo e León; a vila de Cacabelos e a vila de Trabadelo eran de Santiago. Lese en Villalba de los Alcores: “jueves, 10 de junio de 1660, murió un pobre natural de Galicia. Dijo que era del Bierzo”. Polo sur dábase vista á Puebla de Sanabria. O oeste do partido, rexión da Cabrera, puido ser galego; como zona deprimida, tivo tamén a súa emigración.

A primeira data é unha voda e merece un comentario. Ano 1600. Un veciño de Cuenca casa con Inés Fernández, natural de Mondoñedo. Por azar, no Libro de Capelanías e Aniversarios de San Mamés vin copiada unha cláusula do testamento de Lázaron Rojo, datado en Villalón no ano anterior, onde se manda a Inés Fernández, veciña de Villalón, unha casa na praza de Cuenca con certas obrigacións; se morre sen sucesión herdara Juan de Angulo, sobriño do testador. Engade: “Y si la dicha Inés Fernández se quisiese ir a su tierra, que es en la ciudad de Mondoñedo, mando que dicho Juan de Angulo la dé ocho ducados con que se vaya”. Hai que busca-lo testamento enteiro; pode tratarse dunha galega que tiña servindo, a quen lle deixa a casa por estar solteira. Ó morre-lo señor, pode querer volver á súa terra, entón, con oito ducados, ten para a viaxe ou pode se-lo importe da casa. A decisión foi quedar e casou pronto cun de Cuenca. Sinal de que non tiveron fillos é que o aniversario fundado gózaos despois Juan de Angulo, o seu sobriño.

Morrer en Cuenca. Sería útil facer tamén un reconto dos defuntos das cinco parroquias para sabe-lo índice de mortalidade infantil, os moitos que morreron sendo párvulos. Así mesmo falta fai unha táboa de idades, onde ve-las expectativas de vida que se tiñan en Cuenca. Fillos de familia ou mozos solteiros. Nenos e mozos que non deixa-

ron sucesión para restar ó número total de bautizados. Santa María del Castillo tivo no seu distrito o Hospital de Sancti Spiritus. Cumpriu ben co espírito do fundador; por el desfilaba a humanidade doente, os necesitados de fóra e case tódolos galegos que temos sinalados cunha cruz. Por outra parte, as partidas de defunción son ricas en detalles e circunstancias. Morrían en calquera sitio; na casa, no campo, nas obras, escoitando misa, no mesón, no hospital sobre todo. Mortos por un raio, por un carro, por un cabalo, de morte repentina. Poucos de morte violenta. Segando pans, cavando viñas.

Pedro González, natural de Paredes, viúvo de María Fernández Abastas, caeu da estada da obra do convento de Santa Clara, como mestre de *Architectura*, e rebentou. Bernardina Barbero, veciña de Melgar de Fernamental (Burgos), non recibiu sacramentos polo súbito do accidente e por estar segando. 16.7.1779. M.^a Agustín Paniagua, veciño de Cuenca, morre en El Puente de Bibeí o ano 1800; aquí fanlle as exequias e inscriben a súa partida, detalle de atención. ¿Por ser un Paniagua; ía de visita, negocio ou romaría? María Pérez, casada con Antonio Pérez, morreu estando segando, 1847. Jt. En 1834 San Mamés rexistra 26 mortes polo cólera. A cifra total interésanos. As partidas falan de vómitos e outros síntomas, que non acabaron no 1834 senón que duraron varios anos; incluso nos bautizos se nota unha baixada.

Os galegos anotados son 26. Advirto que algunhas mortes engádense ós seus nomes na data de casamento por non repetir. Hai mortes de nenos e mozos empregados en traballos improprios da súa idade. Sabemos que axudaban na sega, eran parte do grupo forasteiro, tal vez ó coidado dos seus pais. ¿Por que un neno rebentado por un cabalo é pobre de solemnidade? Isto indica que os pais non respondían por el. Había labores para eles como sabemos por experiencia. Danse nomes de xefes de cuadrillas: Esteban Cabañas declara sobre as roupas e ganancias dun. Casas onde estaban hospedados: a de Santiago Toledo, o meu antepasado. Veciños de Cuenca que pagan o enterro, acaso os seu amos do verán. Cavando, enténdese viñas, ocupación temperá onde tampouco faltaban. Case todos morren pobres ou entérranos de esmola, non fan testamento por non ter de que. Moi poucos fan testamento, algún aínda sendo pobre. Morrían no Hospital, porque lles chegaba alí a morte, galegos que andaban pedindo polas vilas.

Tanta pobreza non é mala sorte. Habería que ve-lo que lles pagaban. Máis adiante dou uns datos de Cuentas de Fábrica, o gastado na seara dunha igrexa. Hai dúas cantidades normalmente, o xornal por unha parte e o importe do pan por outra. Pode entenderse isto como mantemento diario. Tamén podía se-lo pan que levaban para a súa terra. Poño o exemplo que recordo de neno. Por facer pallabarro, non sei cantos, cen pesetas e un pan. Coñecendo os casos un a un, saberíamos quen foron os que tiveron sorte na vida. Máis estaría ó lado dos que casaron aquí. Cito a Pedro de Lama López, pai de familia numerosa, que casou en 1727 coa filla dun zapateiro de vello, veciño de Cuenca. Del descende o bo home que atopei na rúa e ó que lle preguntei o nome.

Para segadores hai outras fontes, mellores fontes; trátanse os asuntos sen contar palabras estilo partida sacramental, como un preito que sostivo Villalba del Alcor en 1712 co mosteiro de Valdebusto (Arch. Rl. Chanc., Zarandona, 2.358-7), estudiado polo prof. Mucientes Balado; agradézolle estes datos de testemuñas:

Por Villalba del Alcor, “Andrés-, natural del Reino de Galicia, valle de Ginzo, mozo de labranza de 3 años a esta parte de Pedro Blanco, familiar que fue del Santo Oficio. *Pascual Martínez*, del Reino de Galicia, que efectúa siegas desde hace 6 años. *Sebastián Fernández*, de la feligresía de San Vicente de Burgo, obispado de Lugo, guarda del campo. Por Valdebusto. *Gregorio de Pereda*, de la feligresía de San Martín de Moaña, jurisdicción de Meira, obispado de Santiago, Reino de Galicia, 26 años, segador del convento. *Domingo Fazanes*, 28 años, secretario de la feligresía de San Martín de Moaña, jurisdicción de Cangas (?), obispado de Santiago, labrador de pan coger. Declaró haber asistido de 15 años a esta parte en los veranos a la siega de los panes en Castilla”.

En San Mamés, Cuentas de Fábrica (1732-1851):

Iten sesenta y vn rrs. que costó el segar la senara de la iglesia, los zinquenta llevaron los segadores y los onze de pan para segar la senara... 2.074 mrs., ff. 39-40.

Iten zientto y beintte y siete rrs. y medio que se gastó en recoxer la senara como fue en trillar, alimpiar, acarrear, barrer, alçar, binar y sembrar y entrar el trigo en la senara... 4.355 mrs.

Iten setenta reales menos quartillo que costó la siega de la senara de la iglesia, en que entran diez reales menos quartillo que se dio de pan a los gallegos... 2.372 mrs. ff. 41-42.

A desamortización de Mendizábal

Este feito histórico está tratado por Germán Rueda, *La Desamortización de Mendizábal en Valladolid (1836-1853)*. Divide a provincia por zonas, unha é a Terra de Campos. Falando de fontes documentais, p. 73, do Arquivo Municipal de Villalón cita un Padrón completo da vila de Cuenca de Campos, ano 1835, que non vin. Na p. 101 di que a desamortización non afectou ó convento de Santa Clara. Apóiase en Madoz, que cita a súa existencia, isto é, non se suprime pola exclaustación. Os femininos tiveron esa vantaxe. Fala de proporción de labregos e xornaleiros, aqueles entre o 25% e o 30%, p. 228. A sociedade é mais equilibrada se hai grandes ofertas de traballo fóra do campo. Como en Ataquines. Da Terra de Campos e de Cuenca de Campos en particular di que existía unha organización social desequilibrada, chea de desigualdades, miseria e un futuro incerto para moitas persoas. O número de xornaleiros era dun 70% a un 75%. Saca en conclusión que os máis pobres non se favoreceron coa desamortización de Mendizábal.

Na parte Labradores pequenos e medianos que compran terras en Cuenca, p. 238, cita a Fernando Castro, Hipólito Miguel, Juan Pardo e Simón Ruiz; estes uníranse a outros veciños formando de feito unha sociedade para compras de propiedades desamortizadas.

As compras fanse en 1843, ano en que teñen 46, 32, 44 e 66 anos respectivamente; ningún deles ten criados, o que os delata como medianos ou pequenos labregos, tampouco teñen moitos fillos, un Fernando Castro e Hipólito Miguel, catro Juan Pardo e ningún Simón Ruiz. Os tres primeiros son naturais de Cuenca e probablemente os seus antepasados xa viviron alí. Simón Ruíz é natural de Paredes pero casa cunha de Cuenca e faise labrego. Juan Pardo adquire tres hectáreas, os outros seis ha cada un.

Parentes que cita. *Fernando Castro Cifuentes*, avó do meu avó, nace en 1796, casa con Isabel González Alegre e ten moitos fillos, ó morrer só deixa 6 herdeiros. *Miguel Fernández Alegre*, labrego de Cuenca, elector en 1846, compra 6 ha no ano 1843, p. 257. Máis importante é o fabricante e comerciante *Juan Fernández Alegre*. Nace en Cuenca (lugar onde os seus irmáns Manuel e Miguel, labrego e propietario, adquiren terras), emigra a Valladolid, onde se instala como comerciante e chega a ser vocal da Xunta de Comercio en 1850. Ten dous criados na casa. É elector en 1846 e accionista de ferrocarril. Instala dúas fábricas de fariñas, unha sobre o Canal de Castela —a número 40— e outra na rúa Panaderos, a fábrica “El Campillo”; nos sucesos de xuño de 1856 é protexida pola Milicia Nacional, xa que intentan incendiala. Entre 1833 e 1843 compra 217 ha nos Montes de Torozos, paga por elas case 752.000 rs. (245% de cotización).

Na p. 426 coloca a todos co que compran e o que pagan. Cadro Anexo. Na p. 460, as ha catastradas, desamortizadas, etc. Na p. 516, propiedades rústicas e urbanas dos diferentes termos. Na p. 538, antigos propietarios de propiedades rústicas. Cuenca: Cabido Eclesiástico, Clero, Culto e Igrexas de San Justo e Pastor, San Mamés, Sta. María. Total 113. Villalón total 348. Estructura da poboación activa en Cuenca de Campos (1835). Bo cadro, p. 360. A falta de terra dos xornaleiros non se soluciona coa desamortización, son os grandes capitais os que poden saír á poxa ou, como no caso de Cuenca, agrupándose os pequenos e medianos labregos.

A presenza de galegos diminúe no século XIX e desaparece alomenos na nosa terra. Castela presentou un proxecto de escudo para Galicia. Sosteno unha serea de cabelo rubio e longo. Trae por armas unha estrela vermella que rodea unha fouce en alto, cunha orla que di: “Denantes mortos que escravos”. Non prosperou a súa idea, senón o cáliz de Lugo e sete cruces, lembrando as provincias antigas.

Datos de Pascual Madoz. *Diccionario* (1849), VI, 258

Cuenca de Campos, a 4 km de Villalón, cabeza de partido, ten 3 igrexas, un hospital, un convento e unha ermida. A Casa do Concello é un edificio suntuoso. A escola de instrución primaria con 130 alumnos, de ámbolos sexos, ten un mestre cunha dotación de 1.000 rs., o aproveitamento de 7 *xugadas* de terras e 6 celamíns de trigo por cada discípulo. 340 casas, 331 veciños e 1.301 almas. O termo municipal linda ó N. con



Foto: Museo Etnolóxico de Ribadavia

Villalón; ó L. con Moral de la Reina, Villabaruz, Gatón e Villafrades; ó S. con Ceinos e ó O. con Villacid. Unha chaira en xeral e de boa calidade, sendo 600 *xugadas* de 1^a. clase, 1.006 de 2^a. e 2.800 de 3^a, que fan un total de 4.406 *xugadas*. Producción; trigo, cebada, avea, legumes e uva. Críase gando lanar e mular, con caza de lebres e perdices. Industria, a agrícola, a dos arrieiros e un tear de panos ordinarios, e mais outros oficios indispensables. Expórtase algún gando e la e o sobrante de froitos, en particular os cereais, que se levan ós mercados de Villalón, Reinosa e Santander.

Comentario: non son de despreza-los datos de Madoz; a súa data de edición, 1849, revalorízao co paso do tempo. Sequera como punto de partida; un dicionario debe limitarse a unha ficha elemental de cada vila. Xa é expresivo sumando os datos do *nomenclátor* nacional. Basta ver a Cuenca de Campos dentro da súa comarca, alomenos en relación coas vilas limítrofes. Datos mínimos son o número de casas, o de habitantes e a extensión do termo municipal. Sendo o mellor dotado dos que rodean a capital do partido, vemos que Cuenca significa un tercio do que di de Villalón. A produción agrícola da nosa terra só coñece o trigo, a cebada e a avea, a parte están os legumes e ervellacas. Estas segábanse en maio e xuño, a cebada en xuño e o trigo en xullo.

A máquina de segar

A falta de galegos solucionouse usando a máquina e, ó contrario, a máquina púdoos deixar fóra. Teño oído falar dunha folga de braceiros, non sei onde, pola chegada destas máquinas. Xa en 1827 o escocés Bell ensaiou a segadora simple ou gadañadora, que máis adiante foi substituída pola engaveladora. Seguiu a segadora atadora. Hoxe son colleitadoras. En Valladolid introdúcese a mediados do século XIX. Segundo a prof. Redondo Cantera, o introductor da segadora mecánica foi o deputado Fernández Maqueira, ó que se considerou por isto benfeitor da cidade; nun dos muros do salón de sesións do Consistorio estivo exposto o seu retrato, pintado por Esquivel en 1852. “Único importador en España de la máquina de segar “Hussey’s American Reaping Machine”, presentada en la Exposicion Universal de Londres de 1851, regaló una a la ciudad” (*Actas del Congreso “Valladolid, Historia de una ciudad”*), p. 141 e 148. Dato que lle agradezo.

Segundo Abela, en Madrid a segadora estase empregando en 1875 con dificultade, polo que hai que mandar técnicos. “La siega la hacen con la hoz, lo que tiene justificación en los terrenos de sierra, pero no en las llanuras de campiña, despues de ensayadas con tan buen éxito varias máquinas de segar, entre ellas la de Wood, con rastrillo automático. Algunas de estas, sin embargo, emplean pocos labradores todavía y debe tenerse en la provincia por caso excepcional”, p. 76. “Es ciertamente admirable que estas máquinas no se hayan generalizado más: el único inconveniente algo efectivo que tienen es el exigir cierta inteligencia en los operarios encargados de dirigirla”. Sendo o autor profesor de agricultura en Jaén anos antes, “muchas de estas segadoras introdujo, tomándose el trabajo de ir a armarlas y dar principio a las faenas de la siega”, p. 129. Discutiuse moito sobre o gran que se perdía no campo segando con maquina, crendo que era mellor segar con fouce. Se gañou a máquina, foi mellorando a súa función.

A fins do XIX non son de uso xeral en Terra de Campos. As normas de Gatón para o verán, igual texto ano tras ano, din: “2ª Que las cuadrillas de segadores han de ir a las fincas de sus amos por los caminos o sendas, buscando en las travesías las linderas, sin que sus caballerías salgan de los rastrojos, para lo cual estarán destacadas. 4ª Que se prohíbe el espigar entre morenas y sólo podrán hacerlo después de levantada la última y de sol a sol” (*Actas do Concello, ano 1898*). O mesmo que hai séculos. As Ordenanzas do concello de Peñafiel (1345) falan destes despropósitos. A n.º 24 di: “Los segadores, después que escomiençan a segar las mieses, andan en pos d’ellos entre gavillas e fuera las espigaderas... non catan por al si non por tomar de la mies. E puede seer que plaze a los segadores del daño que veen fazer. Mandamos que fasta que la mies sea toda sacada del rastrojo que non entren espigaderas en él”. Se o segador goza do dano, sinal de que non é o amo.

Polas festas de San Pedro de Villalón viñan as cuadrillas de galegos a contratarse para a sega. É vello o refrán: “A gallego pedidor, castellano tenedor”. Podían ir cada verán a lugar distinto ou volver co mesmo amo. Próbano as vodas que se anotan, por escasas que sexan de formulario; mellor, outros escritos máis expresivos, os mesmos testamentos, no cal haberá que empregar máis tempo. O mundo que reflicten os Cancioneiros é variado e moi interesante, repertorio que outros lembrarán aquí. Quero cita-la copla máis coñecida, versión recollida en Salto das Conchas. Grou Lobeira: “Castellanos de Castilla, / qué lles fagheis ós gallegos; / cuando van van como rosas, / cuando vén vén como negros”, del *Cancioneiro Popular Galego*, I, n.º 33. Quizais haxa que pedir perdón. Eles ben gañaron a súa soldada; só así Castela recolleu o seu pan. Máis de douscentos anos.

Preguntándolles a meus pais onde foron de lúa de mel, respondían: “En Cuenca segando”. A voda foi o 14 de maio de 1924, tempo oportuno de segar mélicas ou forraxe. Daba o mesmo responder: A mellor lúa era entón a que alumeaba os camiños e as lindeiras. En serio, a partilla do meu pai incluía algunhas terras en Cuenca; non obstante, comezou de segador na casa de don Domingo Cleméntez, a casa do morgado. Coa familia dos Millaruelo houbo sempre boa relación. Sendo estudante mandáronme a Cuenca comprarlles unha elevadora-ensacadora de segunda man. Din na casa que as primeiras segadoras de Gatón usámolas nós. Eu non o diría. As máquinas que vin de neno eran de marca Cormick e de marca Deere, antes que a Ajuria, fabricada en Vitoria, ou a de Urbón en Medina de Rioseco.

Non vin segadores galegos, pero oín falar de parameses. Tres veráns detrás da máquina collendo gavelas, valóroos como aprender latín. Xa non era aquilo de dobrarse de sol a sol por un trago de viño ou a merenda de queixo con cebola. Antes de chega-la colleitadora, os obreiros que se axustaban en Villalón o día de San Pedro, ou viñan de máis cerca ou eran da mesma vila. Xuntábanse tamén as mulleres, con pano á cabeza e sombreiro e armadas de zamarra e manguitos, non faltando a xente miúda para arrastralas filas de feixes. Parece estraño que na provincia de Valladolid, en Bocigas e en Almenara concretamente, se segase aínda á man polos anos 60, pola sinxela razón de que se sementaba *a cerro*. Terra chá en xeral e de boa calidade en Bocigas, quizais por ser solta e areosa.

Quero rematar agradecendo as novas dadas e comentarios feitos por cantos me oíron falar do tema. Algúns nomes citáronse máis arriba. Fáltame engadi-lo de Lina Borbujo Marín, que me trouxo cancións de Galicia e de Castela, e o de Juan Bautista Varela de Vega, con temas da súa terra máis que musicais. Non quedarán sen a miña gratitude os rapaces que viron os libros de Cuenca, para axudarme cos seus apuntamentos. Isto sen dúbida chegoume tarde; agora saben máis de galegos en Terra de Campos e considéroos bos peritos en letras antigas.

Documentos e bibliografía

Arq. dos Duques de Frías. Foron señores da vila de Cuenca. Ver Peña Marazuela e León Tello: *Inventario del Archivo de los Duques de Frías, I. Casa de Velasco*. Madrid, 1955.

Arq. Xer. Dioc. de Valladolid:

* Cuenca de Campos. Libros Sacramentais. Ata 1900.

* La Mudarra. Libro 1º de Bautizados, Casados y Difuntos. Desde 1679.

Arq. Mun. de Gatón de Campos:

* Actas del Concejo, anos 1880-1905. Normas para el tiempo de verano.

Arq. Mun. de Peñafiel:

* Ordenanzas dadas por don Juan Manuel al concejo de Peñafiel. Ano 1345.

Arq. Mun. de Villalón:

* Padrón de veciños de Cuenca de Campos. Ano 1835.

Arq. da Rl. Chanc. de Valladolid:

* Pleito entre el concejo de Villalba de Alcor (Valladolid) y el monasteiro de Valdebusto (Palencia). Ano 1712. Escribanía Zarandona, 2.358-7.

* Auto del Presidente e oidores de la Real Chancillería de 22 de junio de 1741, tocante a que las gallegas non acompañen a los gallegos cuando vengan a las siegas. Valladolid, 28 de xuño de 1741. 2 f., fol. (Alcocer, *Catálogo*, n.º 2.148).

* Carta orden para que las justicias non molesten ni hagan vejaciones a los gallegos que vengan a segar con motivo de las quintas, ni a las mujeres e hijos que traen en su compañía. Valladolid, 30 de abril-14 de maio de 1762. 2 f. Alcocer, *Catálogo*, n.º 2.238.

* Expediente sobre la costumbre de salir a espigar las mujeres y muchachas. Ano 1785. Ortega y Rubio: *Documentos curiosos*, p. 11-24. Ganaban más en el campo que hilando.

Sobre Galicia:

Curros Enríquez, Manuel: *Aires da miña terra*, e outras obras.

Feijoo, Benito Jerónimo: *Teatro crítico universal*. Tomo VIII: *Honra y provecho de la agricultura*. Madrid, 1739.

- Ferreiro, Celso Emilio: *Viaxe ao País dos ananos*. Madrid, Akal Editor, 1981.
- Gil y Carrasco, Enrique: *Los españoles pintados por sí mismos*. Madrid, 1843. *Obras completas*.
Artigo “El segador”, p. 280-284.
- Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, 1974, vol. X, 15-36. A. R. L. Art. “Emigración”.
- Madoz, Pascual: *Diccionario Geográfico-Histórico-Estadístico de España*. Madrid, 1849-1850, 16 vols.
- Palmás, Ricardo: “La emigración”, en *Los Gallegos*. Madrid, 1976, p. 503-535.
- Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón: *Cancioneiro popular galego*. Vol. I: Oficios e labores. Tom. I. Melodías, II: Letra. A Coruña, Imp. “La Voz de Galicia”, 1984.

Sobre Castela:

- Abela y Sáinz de Andino, Eduardo: *Memoria sobre el estado de la agricultura en la provincia de Madrid y mejoras convenientes para su desarrollo*. Madrid, Imp. Aribau, 1876.
- *Catálogo descriptivo de instrumentos y máquinas de Agricultura que se fabrican en la fundición de Félix de Aldea y Compañía, de Valladolid. Modelos presentados en la exposición general de Agricultura de 1857*. Marcilla, *Curiosidades bibliográficas*.
- Duque Herrero, Carlos: *Mucientes: Historia y Arte*. Valladolid, Grupo Página, 1997.
- Hernández Luquero, N.: “Segadores en Castilla” (1918). Soneto. *Almanaque Agrícola Ceres*, ano 1974, p. 238.
- Jovellanos, Melchor Gaspar de: *Diarios (1790-1801)*. Madrid, 1915. Suc. de Hernando. Habla de Valladolid, Tierra de Campos, Simancas, Alaejos, p. 14.
- Jovellanos, Melchor Gaspar de: *Informe sobre la Ley Agraria*. Madrid, 1793.
- Olavide, Pablo de: *Informes en el expediente de Ley Agraria*. Madrid, 1768. Reed. 1990.
- Redondo Cantera, María José: “Arte, historia y modernidad en la imagen de Valladolid a mediados del siglo XIX (1858)”, en *Actas del Congreso “Valladolid. Historia de una ciudad”*.
- Senador Gómez, Julio: *Castilla en escombros. Las leyes, las tierras, el trigo y el hambre*. Valladolid, Impr. Vda. de Montero, 1920.
- Senador Gómez, Julio: *Los derechos del hombre y los del hambre*. Valladolid, 1928.
- Soldevilla, Antonio D.: *Sobre la agricultura, la política agraria y el desarrollo social*. Valladolid, Gráf. Ceres, 1975.

Sobre a Terra de Campos:

- Castro Toledo, Jonás: “Gallegos, Leoneses y Asturianos”. Programa de festas de Gatón de Campos. 4 ó 7 de agosto 1999.
- Corral Castanedo, Antonio: *Villa por Villa. Un viaje por los pueblos de Valladolid*. Valladolid, Gráf. Andrés Martín, 1984. 3 vols. Ver La Mudarra, I, 243, Santervás, 353.
- Fernández Martín, Luis S. J.: “La feria de Villalón durante la Guerra de las Comunidades”, en *Cuadernos de Investigación Histórica*, 2. Fundación Universitaria Española.
- González Garrido, Justo: *Tierra de Campos, región natural*. Valladolid, Librería Santarén, 1941.
- Macías Picavea, Ricardo: *La Tierra de Campos*. (Novela). Madrid, Lib. Victoriano Suárez, 1897-1898. 2 vols.
- Madoz, Pascual: *Diccionario Geográfico-Histórico-Estadístico de España*. Madrid, 1849-1850. 16 vols.
- Martínez Fernández, Mateo: *Tierra de Campos. Cooperativismo y sindicalismo agrario*. Valladolid Gráf. Andrés Martín, 1982. Comprende o partido de Villalón.
- Merino, Eugenio: *Tierra de Campos*. Novela de costumbres campesinas para fomentar el progreso agrícola, sin menoscabo de las costumbres cristianas. Barcelona, Edit. Políglota, 1930. 2 vols.
- Ortega Rubio, Juan: *Los pueblos de la provincia de Valladolid*. Valladolid, 1895. 2 vols.
- Peña Sánchez, Martiniano: *Crisis rural y transformaciones recientes en tierra de Campos. Estudio geográfico del sector noroeste*. Valladolid, Gráf. Lafalpóo, 1975. Valle medio del Cea y Valderaduey; no del Sequillo.
- Pérez García, Andrés: *El libro de Cuenca de Campos*. Villalón, Imp. Juan Guerra, 1886. Ed. facs. Valladolid, 1980.
- Ponz, Antonio: *Viaje de España*. Madrid, 1787-1794. Varios tomos.
- Rueda Hernánz, Germán: *La desamortización de Mendizábal en Valladolid (1836-1853). Transformaciones constantes en el mundo rural y urbano de Castilla la Vieja*. Valladolid, 1980. Cita Cuenca varias veces.
- Simón y Nieto, Francisco: *Los antiguos Campos Góticos*. Madrid, 1895.
- Tomás (pseudónimo): *Tipos de Castilla. Dos Bachilleres de Campos*. Valladolid, 1888.
- Torbado, Jesús: *Tierra mal bautizada*. Barcelona, Seix Barral, 1969.
- Valencia Casteñada, Benito. *Crónicas de antaño... de Medina de Rioseco*, de Mancio de Prado. Valladolid, Impr. Vda. de Montero, 1915. Datos ata 1624.
- Yun Casalilla, Bartolomé: *Economía y sociedad en la Tierra de Campos, 1500-1830*. Valladolid, 1985. Tese de doutoramento inédita.

NOTAS SOBRE OS SEGADORES DESDE TERRA DE CAMPOS

José Luis Alonso Ponga
Universidade de Valladolid

Cando escoitei por primeira vez os versos de Rosalía que me recitaba un amigo galego¹, confeso que me quedou un non sei qué de inquietude e, á vez, de dúbida. Non acertaba a comprender como os casteláns en xeral trataron tan mal ós galegos, tamén en xeral.

A verdade é que os galegos que eu coñecín de pequeno na Tierra Llana leonesa, non eran exactamente segadores, eran vendedores ambulantes que traían no asento da bicicleta caixa e maletas onde se atopaba de todo. Coidadosamente vestidos con traxe de pana e ulindo a xabóns e outras esencias eran, alomenos, respectados. Viñan coa primavera, e eu non sei se farían ou non “o agosto” polas vilas dos arredores, pero eran vistos como señores, e ata eran mellor considerados ca outros tendeiros, os da terra, que traficaban en ultramarinos cun carro, pasando unha morea de penalidades polos camiños.

Os tendeiros ambulantes galegos tiñan unha casa fixa onde viñan parar. Unha casa na que, a base de anos e visitas, colleran certa confianza. Neste sentido podían equipararse ós montañeses que baixaban a Campos desde as montañas, que tamén tiñan unhas familias ás que acollerse, ou ós *trilleros* que viñan de Canalejo (Segovia), e que ás veces madrugaban tanto que en Semana Santa xa estaban cambiando as pedras dos trillos. Ben é verdade que no imaxinario colectivo o galego sempre aparece como personaxe máis desconfiada cós outros dous, considerados máis francos e abertos.

¹ Teño unha débeda de gratitude co meu amigo Juan Antonio Souto Prado, ourensán, porque desde hai moitos anos púxome en contacto con Galicia, sobre todo con toda a poesía de Rosalía de Castro, de Curros Enríquez, de Celso Emilio Ferreiro, etc. Este coñecemento e cariño que sinto por Galicia débollo principalmente a el.

Os afiadores² chegaban na entrada do verán para afiar tesoiras e navallas, pero sobre todo fouces. Sempre pasaban unha ou varias noites na vila na casa do mesmo veciño. O trato e a hospitalidade que se dispensaba ós afiadores contrasta con outro oficio que sen ser similar tiña certa concomitancia. Era o ferralleiro, que, daquela —non puiden indaga-lo que acontecía antes—, era un profesional verdadeiramente marxinado. Curiosamente eran da terra. Marxinados polo tanto polos seus conterráneos, situábanse nas ruínas do castelo, prendían a fogueira e buscaban pola vila algo que estañar ou ferragachar e co pouco diñeiro que sacaban ían malvivindo e “malbebendo” porque tiñan fama de posuír unha desmesurada afección ó viño. Non sei se isto era causa ou efecto da súa condición de marxinados, pero nunha sociedade rural de moral bastante pechada, onde a embriaguez estaba fortemente reprobada, estigmatizaba a quen a padecía.

Entón, loxicamente, a imaxe que tiñamos dos galegos era unha imaxe achegada, de xente que periodicamente nos visitaba e coa que non tiñamos ningún contencioso.

OS SEGADORES

A partir de aquí intentei coñecer algo destes personaxes, figura aínda fresca na mente das persoas maiores. Deime de conta de que a figura do segador aparece invariablemente en toda a literatura costumista. É un colectivo de emigración estacional, de duración curta ou longa, a terras achegadas ou máis afastadas³ da montaña á chaira, dunha rexión a outra máis afastada ou, ás veces, entre bisbarras próximas. Estas migracións de período curto cumpren a misión de fornecer de man de obra ás zonas onde hai unha demanda, aínda que sexa conxuntural.

En moitos casos as migracións dos segadores a comarcas veciñas de curta duración eran compatibles coa actividade agrícola e gandeira que exercían nos seus lugares de orixe. Por poñer un exemplo, os dos Ancares baixaban ó Bierzo a segar, mentres esperaban que madurase a súa colleita. Os que permanecían na casa loxicamente estaban preocupados polos ausentes. Estas noticias que recollemos en traballo de campo quedaron inmortalizadas nunha canción moi común naquela bisbarra que di:

² Sobre este colectivo pode verse o espléndido estudio de Fidalgo Santamariña, X. A.: *O afiador*, Ir Indo, Vigo, 1992.

³ Carmona Badía, X.: “Merceros de Castilla: Estacionalidad agrícola y desplazamientos estacionales en la España cantábrica”, en García Merino, V. (coord.): *Los espacios rurales cantábricos y su evolución*, Universidad de Cantabria, Santander, 1990, p. 33 e ss.



Foto: Taller de la Imagen

A segar para el Bierzo
van mis amores
quisiera Dios que no caigan
muchas calores.

No caso da sega en Castela, e máis concretamente en Terra de Campos, que é o que agora tratamos, non é tanto porque a bisbarra carecese de poboación para desenvolve-las tarefas, senón que precisaba moita máis para face-lo labor no menor tempo posible.

Neste momento tódolos brazos eran poucos. O labrego vivía ollando o ceo, confiando en que non chegasen as tan temidas tormentas de verán, alomenos que non chegasen mentres os cereais estaban sen segar, porque despois, xa en moreas, o dano da sarabia era menor. Por iso, procurábanse segadores e por isto, segundo os nosos informantes, quería-se que fixesen as tarefas o máis axiña posible. Isto propicia o contrato “por alto” porque aínda que podían facer peor traballo, sen embargo, garantíase unha maior rapidez.

Hai unha explicación *emic*, que quizais para o antropólogo sexa excesivamente simplista, pero que non hai que perder de vista á hora de entende-lo tan manido individualismo do home do campo, baseado neste feito precisamente. Cada un quería ser auto-xestionario para non depender de ninguén e así face-las súas faenas no momento que

considerase óptimo. Segar cando o trigo estivese a punto, sen esperar a que lle tocase a quenda, arar nas mellores condicións sen ter que depender dun apeiros que non eran seus. Isto explicaría, segundo os informantes, a compra de maquinaria de forma individual, en vez de adquirila colectivamente⁴.

A estrutura social nas vilas de Campos, baseada na propiedade da terra, propiciaba desigualdades na distribución dos campos que se reflectía en tódalas manifestacións da vida, pero tamén, e sobre todo polo que aquí nos interesa, na posesión ou non, ou na posesión en maior ou menor contía dos instrumentos de traballo: apeiros, arados, carros, trillos, o que facía que o propietario tentara apañarse só. Isto pon de manifesto de xeito acusado a desigualdade entre veciños. A solidariedade veciñal que imperaba noutros niveis, por exemplo nas xuntas para arranxa-los camiños e outras actividades nas que o traballo común era de moita importancia, non chegaba ó campo laboral.

Esta estrutura laboral propiciaba outras estratexias baseadas en arranxos tamén individuais, axudas mutuas conxunturais, nunca duradeiras. O autoabastecemento mesmo en materia de apeiros, trillos e cabalerías para o traballo está presente como manifestación deste individualismo⁵.

Hai que ter en conta que ó sur do Esla non adoitaban darse as veceiras para o coitado do gando, aínda que había pastos comunais e barbeitos que se aproveitan en común, e que estes bens comunais eran moitas veces básicos para a subsistencia da veciñanza ou dalgúns menos podentes. Moi raramente danse algunhas veceiras de gando mular.

Seguindo co dito anteriormente, quero sinalar que, ás veces, mantéñense certos lazos de solidariedade baseados noutros máis profundos, os familiares. Moitas veces dábanse asociacións de tipo familiar polas que os irmáns, despois de falecidos os pais, porque antes non había repartimento de herdanza, xuntábanse no verán para face-la colleita xuntos, pero trillando por separado cada un na súa eira coas súas moreas de cereal. Isto permitía xuntar esforzos, xunta-lo gando e, sobre todo, uni-la man de obra, sobrando así brazos para face-los traballos do verán. Estes, que adoitaban se-los mozos máis capaces, contratábanse con labranzas máis podentes como traballadores estacionais de verán. Con isto as familias obtiñan uns ingresos engadidos, que completaban a colleita.

⁴ Repito que esta explicación é moi simplista, aínda que a escoitei contar centos de veces polas vilas de Campos. Simplemente, anótoa aquí, á vez que chamo a atención sobre a necesidade de facer un estudio en profundidade sobre as causas económicas, sociais, as ideas, etc., que contribuíron a forxar mentalidades. Mentres tanto hai algúns libros que abordaron o tema indirectamente, sobre todo ó estudia-lo cooperativismo e sindicalismo. Entre eles é interesante Martínez, M.: *Tierra de Campos. Cooperativismo y sindicalismo agrario*. Instituto Cultural Simancas, Valladolid, 1982.

⁵ Non é o momento de estudar en profundidade se a estrutura económica é a que potenciou estes modelos de actuar reforzando o individual por riba do colectivo, ou se foi a estrutura social a que desenvolveu este sistema máis ben baseado no individualismo, onde ser rico ou ser importante se manifesta nos sistema de explotación.

Sen embargo, para remata-lo cadro das relacións laborais de verán, hai que sinalar que había un momento en que si se facía unha especie de reunión comunitaria na que non participaba todo a poboación, senón un dos grupos de idade, os mozos.

Dábase da seguinte maneira. O rico da localidade, á hora de mete-lo trigo na hucha ou no sobrado da casa, invitaba ós mozos que acudían a axudarlle porque ó finaliza-la tarefa convidáboas a unha cea que case sempre acababa cun animado baile. Para esta ocasión adornábase o carro e os bois ou as mulas. Tampouco isto é unha relación baseada na solidariedade senón que é un reforzo do status dentro do mundo rural.

Segadores e segadores

Estendese un estereotipo posiblemente xustificable dese traballo de campo feito en Galicia, segundo o cal as cuadrillas que viñan se axustaban con familias podentes que os trataban mellor ou peor, segundo os casos. A partir de aquí, de forma case inconsciente, no imaxinario colectivo asociáronse estes contrarios: rico-pobre, explotador-explotado, casteláns-galegos, e convertéronse nun universal que creo que está lonxe da realidade. Loxicamente é un reduccionismo excesivo.

Debo sinalar que todo isto ten a súa parte de verdade desde o traballo de campo feito en Galicia. Cando os segadores galegos de Campos contan as súas experiencias, loxicamente falan do traballo, do alimento, etc. e contan casos reais, non inventan nada. Pero para dar unha visión máis obxectiva, creo que se deben facer unhas puntualizacións que nos poden axudar a centra-lo tema. Nin tódolos segadores eran galegos, nin tódolos que empregaban ós galegos eran os ricos e terratenentes.

Non tódolos segadores eran galegos. Como veremos había outro colectivo moi importante: os parameses, que facían o mesmo traballo, e un terceiro: os nativos, mozos que se axustaban para o verán, e mulleres que segaban, xuntaban e ataban os feixes.

Non tódolos que alugaban a man de obra dos segadores eran ricos. Algúns malamente podían paga-la soldada que lle ofrecían ós operarios. Na tradición oral recóllense datos e máis datos sobre xente que sen moitos recursos se vía obrigada a empregar algún día a segadores galegos para poder recolle-la súa exigua colleita, pero despois el e a súa familia ían gañar outro xornal.

Sen embargo, non hai que negar que nos lugares onde traballaban eran vistos como colectivo, úñase unha imaxe dos “galegos” de grupo e polo tanto facilmente identificable. Como sucede en tantas ocasións, depende do lugar para que o estereotipo teña connotacións positivas ou negativas. En Langayo por exemplo, na Ribeira do Douro, din os vellos que os galegos deixaban para o final unha terra preto da vila. Cando a segaban acudían tódolos veciños a ve-lo espectáculo “porque era digno de admirar la profesionalidad que demostraban”. En Soria din que preferían ós galegos a outras cuadrillas como

os “murcianos” porque estes tiñan fama de ladróns, mentres que os galegos eran honrados. Nas comarcas achegadas a Campos, das que tamén saíron segadores, como o Páramo leonés ou a Maragatería, din que os galegos non sabían o oficio, “andaban como les daba la gana no se sujetaban a la fila”. Loxicamente, de ter tempo, deberíamos detallar máis en profundidade estas aseveracións. Salta á vista que onde peor fama tiñan eran nas bisbarras de onde tamén saían segadores a Campos, pero por agora abundan estes exemplos para ve-la complexidade do problema.

Un dos grupos aínda sen estudar convenientemente formábanos os *parameses*.

Viñan do Páramo de León, mesmo do outro lado do Esla, e atravesando por “Valencia de D. Juan pasaban por Alcuetas, Valdespino, Albires, Monasterio, Santervás —en donde hacían noche— Zorita y Villada, destino final para efectuar la distribución”⁶. Ó revés cós galegos, que viñan en cuadrillas, e unicamente homes, salvo raras excepcións, no caso dos parameses viaxaban familias enteiras; con nenos de peito incluídos, estes quedaban deitados nas moreas á sombra dun paraugas ou dalgún mato, mentres súas nais segaban.

A vida deste colectivo non era máis regalada que a dos galegos. Todo o contrario, era bastante peor, xa que toda a familia tiña que botar unha man e pasar todo tipo de calamidades para poder levar algún xornal para a casa.

Os informantes que cheguei a entrevistar xa hai varios anos e que aínda viñeran a Campos déronme datos bastante desalentadores. Un deles díxome: “un hermano mío, no murió de milagro; estábamos segando cerca de Villalón en un pueblo de esos y el crío estaba echau en la morea mientras mi madre y todos segaban. Cuando nos quisimos dar cuenta había desaparecido y vengá a buscarle por un lado y por otro hasta que apareció del otro lado de la vía poco después de pasar un tren por allí”. E engadía: “la verdad es que era una vida muy esclava, siempre durmiendo en el campo, nunca te dejaban ir para el pueblo, si estabas ajustau a jornal el amo lo que quería era que trabajases... Recuerdo un día que hubo una tormenta con unos truenos y unos relámpagos que pa’ que te cuento, después se cerró en agua y vengá a caer agua, estábamos cerca del pueblo y decidimos ir a cobijarnos a casa del amo, pero este no nos quiso abrir, dijo que nuestro sitio estaba en las tierras. Menos mal que los criados de otro señor nos dejaron meternos en la cuadra, pero sino ya sabías, a la estrella, que era como dormía el segador”.

Para entender na súa xusta dimensión a vida dos segadores inmigrantes hai que comparalos con outro colectivo que eran os *mozos de verano*. Estes contratábanse por San Xoán para toda a tempada. Mesmo se o facían na mesma localidade, non ían para a casa nada máis que cando o amo os deixaba, que eran unhas horas o domingo. O resto do tempo traballaban sen descanso durante todo o día, durmían pola noite na corte ou no palleiro, noutros casos na caseta da eira ou simplemente ó relente entre a seitura.

⁶ Pastrana, L.: *El páramo. Introducción histórica*. Ediciones Leonesas, León, 1982, p. 140.

Aínda tendo en conta estes exemplos, seguimos estando de acordo con Rosalía cando dicía dos seus conterráneos “cando van van como rosas; cando vén vén como negros”. Efectivamente sucedía iso, pero os de aquí quedaban peor, máis negros se cabe. Mesmo se pode ir máis alá e afirmar que non só os que se axustaban, senón moitos dos propietarios. Unha boa parte da poboación de Campos eran pequenos propietarios, que sen chegar á proletarización ían máis ben malvivindo⁷ pero sobre todo resignados sen saber como remedia-lo abandono ó que os governos (pode que centralistas pero non castelanistas) os someteran. D. Julio Senador, máis famoso que lido, a prosa do cal, por desgracia, non perdeu actualidade, nun dos parágrafos da súa *Castilla en escombros* quéixase: “Desde el desfiladero de Pancorbo hasta Despeñaperros, no hay un solo labriego que no esté absolutamente persuadido de que nadie remediará sus infortunios y de que sus únicos derechos son obedecer, pagar, sufrir y callar, porque sino le *afusilan*”⁸.

Outro parágrafo⁹ do mesmo autor detállanos como vivían os “propietarios” (pequenos propietarios) e os que tiñan terras arrendadas, sempre pendentes de paga-las débedas ó dono e ó prestamista. A verdade é que a situación non era nada prometedor.

Os veráns eran dunha dureza sen paliativos. Días de madrugar antes do amencer. Ás catro ou ás cinco da mañá, á unha ou ás dúas na época de carrexo, para traballar durante todo o día, salvo un par de horas para a comida e a sesta, concluír ás dez ou ás once da noite. Cheos de cansazo, faltos de sono, mantíñanse como podían. Unha comida algo mellor cá do resto do ano, posto que entón consumían os manxares máis nutritivos. A xente que me informou destas xornadas, adoita dicir: “Lo hemos pasado y no lo creemos, con que si nos lo cuentan... ni hablar”.

Así pois, se encadrámo-lo traballo dos segadores neste contexto máis xeral, sen desmentir totalmente algunhas afirmacións, vemos que estas hai que matizalas. Todo o mundo traballaba forte, moi forte co mesmo alimento, porque cando os segadores eran mantidos comían cos amos, pero o efecto que facía o traballo nun ou noutros era naturalmente diferente. A falta de costume, tanto do traballo como das comidas, normais en Terra de Campos, pero algunhas veces estrañas para os galegos, facían que estes as viran como malas, aínda que eran as propias da terra¹⁰.

⁷ Martínez, M.: op. cit., 1982, p. 23 e ss.

⁸ Senador, J.: *Castilla en escombros. Las leyes, las tierras, el trigo y el hambre*. Ámbito Ediciones, Salamanca, Diputación de Palencia, 1993, pp. 129-30. (A 1ª edición é de 1915).

⁹ *Ibíd.*, p. 106 e ss.

¹⁰ Quero dar aquí unhas notas de arquivo para que se vexan as relacións laborais tanto económicas como en comida que se lle daba ós segadores. A ola adoitaba ser de garabanzos con touciño, carne de vaca e de ovella. Velaquí os documentos da Cofradía de Ánimas de Melgar de Abajo:

¿Había explotación ou condicións laborais xerais das que por desgracia todos participaban? Independentemente do significado que lle deamos á palabra explotación, hai que ter en conta o contexto xeral dos de fóra e os de dentro. A dureza era para todos. A mortalidade infantil a causa das penurias era grande nas vilas de Campos.

Os que tiñan que vende-lo seu traballo efectivamente eran explotados, e nisto, como vimos, non había diferenza de orixe nin de comarca. Atreveríame a dicir, a risco de pecar de esaxerado, que entre a dor e a miseria de todos, os galegos, se é que isto pode servir de consolo, tiveron alomenos unha boa pluma, unha alma sensible que inmortalizou os seus sufrimentos, que converteu en poesía o que realmente non era poético. Esta sorte non a tiveron nin os leoneses do Páramo nin os casteláns de Terra de Campos, que pasaron ó esquecemento sen ben nin mal. O uso que se fixo dos escritores e os seus escritos é outro tema, que non é obxecto deste artigo.

Sempre me preguntei qué sentirían os segadores do outro lado dos portos ó chegar aquí.

Da Terra de Campos díxose de todo. Chairas, grandezas pasadas, ruína angustiada e constante, etc. Creo que esta é unha terra cargada de poesía, de beleza interior, que atrae poderosamente ós foráneos que teñan unha certa sensibilidade, pero o sol de xustiza do verán non é precisamente, ou non era nas épocas duras de traballo, o mellor momento para pararse a contemplar estas belezas. Engaiola ós que veñen das montañas e ós que medraron aquí, sobre todo en primavera e outono, pero no verán... o verán é outra cousa.

A luz cegadora do mediodía esmaga as vilas contra a terra esvaecendo, se non borrando, os perfís que poderían dar certa sensación de profundidade, ata facer disto unha chaira sen resalte. Sen árbores de referencia, sen nada que marque fitos. Sen ríos onde refrescarse. Un nativo doutras paisaxes máis verdes que de súpeto se ve abandonado nestas superficies sen horizontes, todo o día encurvado sobre a fouce e as segas, desde logo non debía pasalo moi ben.

Nos anos 1755 e ss. lese por exemplo. No ano 1755: “Pan cozido: Más se le recibe en data una f^a (fanega) y seis zelemines de trigo (que) se gastó en pan cocido con los gallegos y por recoger las senaras. Siega: Más setenta y quatro rs. de la siega de los gallegos de la senara”.

Ano 1757:

“Pan cozido: Más se le recibe en data una f^a (fanega) de trigo que se gastó en pan cocido con los gallegos y recoger la senara.

Siega: Más se le recibe en data sesenta y seis rs. que en dinero costo la siega de la senara.

De tres ollas: Mas quatro rs de tres ollas de los gallegos”.

Ano 1758:

“Gallegos: Más una f^a de trigo que se gastó en pan cocido con los gallegos, y ochenta y tres rs. y medio de su trabajo y ollas”.

Rosalía vía nesta escaseza de árbores unha das maldicións que pesaban sobre Castela e que, por certo, merecía. Non andaba tan descamiñada como agora nos pode parecer. Case un século antes D. Antonio Ponz, na súa *Viage de España*, di falando da Terra de Campos: “se dan bien las viñas y es muy a propósito el terreno para árboles frutales y silvestres: pero la aversión que se les tiene es tal, que o los plantan mal, o luego que prenden, los arrancan, por ser este un delito que no se castiga”¹¹.

Esta afirmación parécelle esaxerada a Mateo Martínez¹², sen embargo non debe selo tanto cando aínda hoxe os vellos xustifican o despoboamento forestal, porque a árbore preto dos sementados atrae ós paxaros e polo tanto é un perigo para as colleitas. Isto que a nós nos pode parecer unha esaxeración non o era tanto nas economías precarias onde o dano das aves podía representar unha mingua na colleita, fundamental para seguir mantendo o equilibrio económico.

Pero acudamos outra vez a Senador, quen, despois de falar das ensinanzas de homes con sensibilidade persuadindo ós labregos de Castela para que respecten as árbores, engade: “Todo ha sido inutil. El [o labrego de Castela] continúa considerando al árbol como enemigo capital y lo extermina donde lo halla”¹³, para continuar unhas páxinas adiante, despois de facer boas consideracións que nos axudan a entender parte da idiosincrasia da xente e o motivo desta animadversión, dando outra explicación, seguramente *emic* do labrego castelán: “Se le considera (a árbore) como un parásito que con sus raíces roba el jugo a las tierras y con su pompa roba el sol a los sembrados. Todo gañan, al pasar junto a él, se cree en la obligación de dirigirle una mirada de odio. En medio de esta general animadversión el pobre solitario languidece como un desterrado; y parece que, hasta en su aspecto, muestra la melancolía amarga del que sabe que está irremediabilmente condenado a perecer”¹⁴.

E a escaseza de auga... Nesta terra no campo hai moi poucas fontes, moitas delas simples mananciais que máis que fontes parecen pozas, sen arranxar, coa auga saíndo entre a lama de onde a recollían os mozos ou os axudantes os cales ás veces tiñan que percorrer longas distancias para chegar a eses lugares. Sol e falta de auga eran os dous castigos que tiñan que sufrirlos segadores sen poder remedialo.

¹¹ Ponz, Antonio: *Viage de España. En que se da noticia de las cosas mas apreciables, y dignas de saberse que hay en ella*. O seu autor... Carta V. Tomo duodécimo, 2ª edición corrixida e aumentada. Madrid, MDCCLXXX, pp. 128-129.

¹² Martínez, M.: *La tierra de Campos...*, p. 14.

¹³ Senador, J.: *Castilla en escombros*, p. 144.

¹⁴ *Ib.*, p. 148.

UNHAS NOTAS DE ARQUIVO

Alá onde non chegan as tradicións orais, podemos contar cunha serie de datos sacados dos documentos eclesiásticos. Son datos escasos, pero moi útiles para axudarnos a comprender un pouco do mundo dos que viñan e sobre todo dos que tiñan a desgracia de deixar aquí os seus restos.

Hai, había, ata hai pouco, ata que a concentración parcelaria cambiou a paisaxe agraria, algunha cruz de madeira nos lindeiros das terras onde se dicía que morrera algún segador. Lembro que cando empezaban as tarefas de recollida as persoas maiores rezaban sempre unha oración por el, para entón xa un ser anónimo, un galego. Estes fitos perdéronse, e con eles a memoria histórica da paisaxe rural.

Así pois non é estraño que, como afirma Vázquez Martínez¹⁵, ó pasar cara a Castela, fixesen as súas oracións e as súas ofrendas nos dous santuarios limítrofes, pedindo un bo retorno.

Vou facer referencia a algúns documentos entresacando só os datos dos meses nos que se efectuaba a sega, a través deles podémonos face-la idea do panorama que vivían os galegos. Nalgúns casos son noticias xerais. Por exemplo nun dos libros de defuntos da parroquia de San Juan de Villalón aparece “En treinta y uno de Julio de este año de 1727 murio en el Hospital de la Cruz Juan Antonio dijo ser del lugar de Gruñado obispado de Lugo. Recivió los Santos Sacramentos; no testó por ser pobre y se enterró en esta Iglesia de S. Juan...”¹⁶.

Outros achegan algunha noticia máis: “En diez días del mes de Agosto de este año de mil setecientos y quarenta y siete murió en el Hospital de la Santa Vera Cruz de esta villa de Villalón Juan Boedo natural del Lugar de Santa Elena tres leguas apartado de la ciudad de Santiago recibio los Santos Sacramentos no testó porque dijo no tenía de que, declaró como era casado y su muger se llamaba Agustina Peña, mando enterrarse en esta iglesia de Sn Juan en donde esta...”¹⁷.

Noutros casos parecen dar a entender que o defunto era un necesitado: “En veinte días del mes de Agosto de este año de mil setecientos y quarenta y siete murió en el Hospital de la Santa Vera Cruz de esta villa de Villalón un pobre gallego que se llamaba Pedro de Uria recibió el Sacramento de la Extramaución porque el de Penitencia y Sagrada Comunión dijeron se les avían administrando en Villafrades, enterrose en esta Yglesia de San Juan, por no aver podido decir su voluntad...”¹⁸.

¹⁵ Vázquez Martínez, A.: “Galicia y la siega en Castilla”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XVI, xullo-decembro 1948, p. 335.

¹⁶ Archivo General Diocesano de Valladolid (A.G.D.V.), Villalón de Campos. Parroquia de San Juan. *Libro de Difuntos 1722-1786*, f. 4v. O traballo de documentación débollo a Roberto Losa e Eduardo Sanz.

¹⁷ Ídem. A.G.D.V. Libro de Difuntos 1722-1786, f. 41v.

¹⁸ Ídem. A.G.D.V. *Libro de Difuntos 1722-1786*, f. 42.

Así mesmo, polos documentos sabemos doutros oficios exercidos durante o verán: “en veinte y cinco del mes de Agosto deste presente año de mil setecientos y cuarenta y nueve años, enterré en esta Parroquia de San Justo y Pastor a un mozo soltero cabador que se llamaba Domingo Oytero, natural que dijo ser del lugar de San Juan del Campo, Arzobispado de Santiago de Galicia, el que murió de repente y sólo recibió la Estremaunción. No dejó bienes algunos más que su ropa ordinaria y cincuenta reales que declaró Esteban Cabañas tenía ganado de su trabajo. Dijo ser hijo de Francisco Oytero y su madre no se sabe como se llama. Y para que conste lo firmo día mes y año fecha ut supra”¹⁹.

Conscientemente deixo para o final os máis expresivos, onde se fala expresamente dos segadores: “En siete días del mes de Agosto murió en el Hospital de la Cruz Domingo González marido de Josepha de Proberos era natural del lugar de Luján feligresia de Sta. Regina obispado de Lugo recibió los Santos Sacramentos no testó por ser pobre mando que del dinero que había ganado en la siega se le dijese ocho misas...”²⁰.

Pero quizais un dos testemuños máis expresivos onde se dá conta da vida, a morte, o sistema de organización, os deberes de mordomo, encargado como se ve de velar polo traballo e a saúde, tamén espiritual, dos seus, é o que se atopa na parroquia de Santa María en Cuenca de Campos. Atopámonos a finais de xuño, despois de San Xoán, e polo tanto os segadores están xa en plena faena, o rapaz encargado de levárllle-la auga e a comida ós segadores fai o seu oficio, neste caso cunha cabalgadura nobre, un cabalo, e alí morreu: “En treinta días del mes de junio de mill setecientos quarenta y quatro años fallecio en el hospital Joseph García natural del lugar de Santa Colomba Arzobispado de Santiago, no texto por ser pobre de solemnidad y de hedad de diez a once años. Y por averle caido un cavallo le revento. Y por incuria del medico no me avisaron murio de repente sin sacramentos. Enterrose en Santa María. Pago la limosna de la misa y sepultura el maioral D. Joseph Trigo”²¹.

E, para finalizar, unha curiosa noticia que deixa o párroco referente a outro enterramento. Dada a trasfega constante de galegos que van e veñen periodicamente, confía en que quizais algún día alguén poida reconece-lo descoñecido personaxe que nese momento se enterra. Ademais, fálanos doutra modalidade de oficios dos galegos, os que quedaban e axustaban por un ano polo menos: “En onze días deel mes de Enero de este presente año se enterro en esta iglesia de Santa María del Castillo de Cuenca de Campos un mozo de edad de diez y seis años pobre en el ospital, llamado Gregorio dixo ser de la Raya del reyno de Galicia y no le entendimos el apellido ni el lugar, estuvo sirviendo en Villavarros con Fernando Ceynos el año pasado esto lo pongo por si viene alguna persona preguntando por dicho Gregorio y en fee de ello lo firme fecha ut supra dicha y recibio todos los Sacramentos de confesion Communion y extremaunción”²².

¹⁹ A.G.D.V. Parroquia de San Justo y Pastor, de Cuenca de Campos. *Libro de Difuntos 1740-1852*, f. 23.

²⁰ A.G.D.V.Idem. *Libro de Difuntos 1722-1786*, f. 18.

²¹ A.G.D.V. *Libro de Difuntos* da igrexa de Santa María en Cuenca de Campos, f. 25v.

²² A.D.G.V. *Libro de Difuntos* de Santa María del Castillo, Cuenca de Campos, f. 53.



Testamento de Pedro Sanjurjo, gallego
 Cuenca de Campos, 4 de septiembre de 1728

In Dei nomine. Amen. Sépase por esta escriptura de testamento, última y postrimera voluntad vieren cómo yo, Pedro Sanjurjo, natural de reyno de Galicia, vezino del lugar de Santa María de Zezare, arzobispado de Santiago, estante al presente en esta uilla de Cuenca de Campos, obispado de León, y en el ospital de Santi Espiritus de ella, estando enfermo en la cama, de enfermedad corporal que Dios, Nuestro Señor, a sido seruido darme, en mi sano juicio y entendimiento natural, creiendo como bien y fielmente creo en el misterio de la Santísima Trinidad, Padre, Hijo y Espiritu Santo, tres dibinas personas y vna esencia, en cuja fée y crehencia e vibido y protesto vibir, tomando como tomo por mi intercesora y abogada a la siempre Virjen Maria, Madre de Dios y amparo de pecadores, para que por mí yntereda ante su preciosissimo Hijo, mi Señor Jesu Christo, y acordándome de la muerte, cosa zierta a todo criatura vibiente y su ora dudosa, ago y ordeno este mi testamento en la forma siguiente :

Primeramente encomiando mi ánima a Dios, Nuestro Señor, que la crió y redimió con su preciosissima sangre, muerte y pasión, y el cuerpo a la tierra; y quando la boluntad de su dibina Magestad fuere seruido llebarme de esta presente vida, mi cuerpo sea sepultado en la parrochial de Santa María del Castillo de esta dicha villa, donde se enttierran los pobres, y por el rompimiento de la tierra no se pague cosa alguna por no tener vienes, ésta es mi boluntad.

Yten mando se me eche por mortaxa vna camisa de las que io dexo, la mejor, que ésta es mi boluntad.

Yten suplico y encargo asistan el día de mi enttierra y onrras cura y beneficiado de dicha yglesia y demás curas junto con la xusticia y regimiento de esta uilla, como es constumbre, y la cofradía de Ánimas sita en dicha yglesia, por estar fundada en caridad, sin que por vno y otro se les pague cosa alguna más que la misa de cuerpo presente, atendiéndome como tal pobre, que ésta es mi voluntad.

Yten mando que en dicho mi lugar me agan los funerales como de constumbre y los pague María López, mi muger, de mis vienes, que ésta es mi voluntad. / f. v

Yten mando se digan por mi ánima dos misas rezadas en la capilla de Ánimas del Apóstol Santiago y su limosna se pague de mis vienes, que ésta es mi voluntad.

Yten mando que la lexítima materna de Margarita Manteca se cobre y sin más aumento de la herencia que de mí an de auer mis hijos y dicha mi muger, por no me auer entregado ni perziuido cosa alguna, ésta es mi voluntad.

Yten mando que después de mi fallezimiento se saque vn tanto de este mi testamento en manera que aga fée para conduzirle a dicha mi muger y hijos y su costa se pague de el dinero que me rrestare deuer Pedro de Soto, natural de dicho reyno, mi compañero, que ésta es mi boluntad.

Yten mando a la Redenzión de Cauttivos, Casa Santa de Jerusalén, a cada vna treinta y cinco maravedis; convento de esta uilla y ospital, a cada vna dos maravedis, como que les aparto de mi vienes, que ésta es mi voluntad.

Y para cumplir y pagar este mi testamento, mandas y legados en él contenidas, deyo y nombro por mi testamentario, cumplidor y albazía de él a la dicha María López, mi muger, para que de lo mejor y más bien parado de mis vienes cumpla y pague este mi testamento y, cumplido y pagado, en el remanente de todos mis vienes, derechos y acciones deyo y nombro por mis vniuersales herederos a Ynés y Donisia López, mis hijas y de dicha mi muger, los que quiero los partan y diuidan ygualmente con la bendición de Dios y la mía, y por este mi testamento reboco y anulo, doy por ninguno y de ningún valor ni efecto otro testamento o testamentos, cobdizilio o cobdizilios, que yo antes de este aia echo, por escripto o palabra, que no quiero valgan ni agan fée en juicio ni fuera del, salbo éste que al presente ago, que quiero valga por mi testamento, por mi cobdizilio y por mi última y postrimera voluntad y en aquella vía y forma que mejor en derecho lugar aia. -

Así lo otorgo por firme ante el presente escrivano y testigos en la uilla de Cuenca de Campos, a quatro días de septiembre de mill setezientos y veinte y ocho, siendo testigos Santiago Calbo, Pasqual López y Manuel Trigo, vezinos de esta uilla; y el otorgante, a quien doy fée conozco, no firmó por no sauer, a su ruego lo firmó vn testigo, y firmé. Testigo, Santiago Calvo [Rubricado]. Ante mí, Melchor Martín Paniagua. [Rubricado]. -

Sacóse en 20 de octubre de 1731.

Archivo Histórico Provincial de Valladolid. Prot. 13.111.

Transcripción : Jonás Castro Toledo. Interpretación de las Estadísticas de Bautismos y Matrimonios

O SEGADOR

Enrique Gil y Carrasco

Os que falan da despoboación de España e se lamentan dos moitos páramos e eiras roubadas á benéfica man da agricultura seguramente non visitaron nin sequera de paso o antigo Reino de Galicia. Tan fértiles son as entrañas desta terra, tan fecundas as súas femias e tan parca e soportable a vida, que os galegos parece que nacen como a herba seca dos prados, ou como as follas das árbores, segundo o número de habitantes que rebolen e se axitan nas praias do océano, beiras das súas rías deliciosas, e nos cumios e vales dos seus frescos e empinados montes. Unha familia que en calquera outra parte atafegaría calquera casa medianamente acomodada, non pasa en Galicia dunha cousa ordinaria e corrente, e son moitos, moitísimos os fogares arredor dos cales sentan con seus pais dez ou doce nenos rexos a come-la cunca de caldo ou leite mazado nas noites de inverno. Engádase a isto que as poboacións lindan unhas coas outras, e vai ser fácil decatarse de que sen as frecuentes sangrías que sofre o país, con só media ducia de anos que a xente se estancase, non caberían de pé, como adoita dicirse.

Afortunadamente Galicia prové ó resto de España de xente que, se non desempeña altos cargos na república, non por iso deixa de ser útil e aínda necesaria en todo o mundo. De alí saen a maior parte dos mozos de corda que sosteñen as esquinas da capital, cando non van con algún tercio sobre os seus anchos e rexos lombos; de alí gran parte dos criados de almacén que se empregan nos comercios; de alí porción non pequena de panadeiros e xente doutros oficios que esixen asiduidade no traballo e fortaleza de fibra; e de alí, finalmente, unha nube de carreiros e un enxame de segadores en canto os estendidos campos de Castela, Estremadura e A Mancha comezan a coroarse cos dourados dons do verán.

No galego está vinculado desde tempo inmemorial o traballo de desposuír a Castela dos seus cereais e envialos á faena da eira, e como con cada colleita volve irremediabilmente a mesma tarefa, isto é causa de que, entre os diversos alivios e desafogos que proporciona a emigración a aquela terra, ningún sexa tan perenne e ó mesmo tempo máis

curto có da sega. Alá por abril e maio sae o segador da súa casa e en agosto e setembro dá volta, ó mesmo tempo que os demais galegos que se dedican a outras ocupacións adoitan saír por tempo indeterminado e só volven ó seu país co seu capital feito. Sen embargo, a sega é un beneficio tal vez máis positivo, aínda que modesto, que este sistema lle proporciona a aquela comarca, porque son moitos os que del participan e se aproveitan. Cos tres meses que pasan vivindo sobre país alleo e o pouco que á custa do seu ímprobo traballo se aproveitan, descargan a súa casa do peso do seu mantemento e á volta compran algúns artigos de vestir cos cales cobren a maior parte das súas necesidades.

Co mes de maio, segundo xa dixemos, empeza o movemento e os preparativos da viaxe, se preparativos poden chamarse os que caben nun saco e veñen ás costas do seu dono para volver do mesmo modo. Un molete de pan de centeo con algúns torresmos dentro, algunha camisa de estopiña e se cadra outra prenda de vestiario dentro do consabido zurrón de lenzo, e por fóra un mal sombreiro portugués, chaqueta, pantalón e chaleco da mesma tea que a camisa e uns zocos ou zapatos con sola de madeira compoñen o atavío dun galego que vai á sega. Sen embargo, se o piadoso lector quere darlle a última pincelada, debe engadirlle o caxato do que colga a súa taxada equipaxe, a fouce, símbolo do seu oficio, e sobre todo un aire abatido e frouxo, cunhas faccións en que non se sabe se é a humildade ou a malicia a que predomina, e uns membros nos que baixo certa languidez aparente se esconden forza e vigor non pequenos. Con todo, hai segadores que, un pouco acomodados, adoitan axudarse nesta viaxe, quer por si sós, quer entrando á parte cos seus compañeiros, dalgún obxecto de comercio como son: lenzos, xamóns ou peixe seco, o cal acostuma ir nalgunha *haca galiciana*, descendente por liña recta das que por atrevemento de Rocinante deron tal motivo de pesadume ó cabaleiro da Triste Figura, e que pola súa vez é tamén artigo de especulación. Os galegos que van a Estremadura adoitan introducirse en Portugal e os que van cara ás dúas Castelas tiran dereito polo Bierzo. Destes, os que por primeira vez fan a viaxe, rapazolos aínda polo común, vense obrigados polos seus compañeiros a botar unha pedra máis no montón inmenso que ten o da *Cruz de Fierro*, punto culminante da cordilleira de Foncebadón e desde o cal a un tempo se distinguen as peladas e espaciasas chairas de Castela por diante e os frescos vales e frondosas ladeiras do Bierzo, que queda ás costas. Semellante uso, que sen dúbida vén dos peregrinos que nos séculos medios ían visita-lo sepulcro do apóstolo Santiago polo camiño francés, tense por de bo agoiro para a viaxe.

Non hai razón para detérmonos a conta-los incidentes deste porque non o merecen, e apuremos para chegar coas nosas pobres xentes ós sitios onde teñen que mete-la súa fouce en cereal alleo, aínda que non contra a vontade do seu dono. O seu primeiro coidado é vender, se xa polo camiño non o fixeron, o que para vender traían desde a súa terra, e logo con todo desembarazo e bo ánimo entran de cheo na súa penosa faena. Naquelas inmensas chairas onde non hai unha árbore á sombra da cal refuxiarse, nin un fío de auga con que molla-los beizos, a calor é insuportable na metade do día; pero o

segador, atento a rematar axiña o seu traballo se axustou polo alto e aguillado polo amo se sega a xornal, fai pouco caso dos raios de sol e mentres coa súa fouce vai abatendo os cereais, outro, inferior en clase e salario, así como tamén en anos, vainos recollendo en gavelas para cargalas nos carros e do campo levalas á eira.

Hai no Escorial, na habitación que se lle chama de “Las amas de cría”, un tapiz cun cartón que se atribúe a Goya e que representa unha esmorga de segadores galegos que remataron xa o seu traballo. Á dereita un deles, que pola estólida alegría da súa faciana, roupa descomposta e calzóns medio caídos descobre o estado da súa cabeza, ten na man unha escudela que un compañeiro está enchendo de viño no media da risa de todos. Cara ó medio unha muller, de agraciado aspecto, estalle dando a papa a un neno que a mira cun xesto choroso, difícil e roñón. Á esquerda un vello dorme a sesta nunha morea de feixes e unhas eguas pexadas andan apañando espigas do chan, mentres polo fondo se estende un campo segado, chan e monótono. Este tapiz, que como tódolos daquel eminente pintor destaca pola chispa, verdade e excelente composición, é, exceptuando a muller e o neno, unha viva copia da escena que ofrecen os segadores ó remate das súas fatigas, sempre que por boa sorte dan cun amo amigo de ver correr esta fonte de alegría só con deixar correr pola súa parte durante uns poucos minutos a espita dunha cuba. Esta é condición precisa, pois se lle ha custa-lo diñeiro, o segador saberá absterse con moita fortaleza e ser parco como os mesmos *padres del yermo*.

Por fin, tras moito afanarse e moita calor e sede e cansazo, saca o segador da súa faena os seus pantalóns e chaqueta algo menos brancos, a súa cute algo máis tostada, o seu bolso algo máis cargado e, como é de presumir, o ánimo algo máis coidadoso co amor daqueles marabedís a tanta custa granxeados, e ós que tantos enganos agardan ata chegar en especie ou en equivalencia á súa patria de adopción. Porque en efecto coa súa riqueza empezan no ánimo do pobre galego dous mil afáns e angustias, e toda precaución parécelle pouca para conducila a porto de salvación. Vímolos chegar a Castela dous a dous e tres a tres como xente a quen a súa pobreza serve de escudo, porque todo o que entón puidera serlle arrebatado de entre as mans acostuma ser cousa de vulto e ademais de pouco valor para tenta-la cobiza dos encargados de restablece-lo equilibrio das fortunas, como de Schiller, ou dos cabaleiros de Diana, segundo os apelida Shakespeare; pero, á volta, os afeccionados a ve-la cara do rei teñen ocasión de satisfacer as súas inclinacións, e isto razoablemente é o que desexa impedi-lo segador, moi afeccionado tamén pola súa parte á numismática. De aquí o feito de xuntárense cuadrillas moi numerosas que moi a miúdo adoitan elixir por capataz unha persoa moi experimentada na vida dos camiños; de aquí reducir sempre a ouro ou prata polo menos o seu curto caudal; de aquí o esmigallalo axiña e reparitilo xa no roñoso sombreiro, xa nos zapatos de tres pontes, xa servindo de forma ós botóns, xa entre a peluxe das esquinas do chaleco; e de aquí, finalmente, cantos enganos, astucias e argucias puideran ocorrérsele ó máis hábil forxador de novelas.

Finalmente, atados os cabos todos con tanta prolixidade, a cuadrilla bótase ó camiño e entón é cando o drama que se aproxima ó seu desenlace chega a cobrar máis interese. A terra mala para os nosos homes é, como poden supoñe-los nosos lectores, a que media entre o seu punto de partida e as cordilleiras de Foncebadón, é dicir, as chairas estendidas de Castela. Nelas, en efecto, a favor do aberto do terreo un par de ladróns montados poden descubrir desde lonxe a desarmada e tímida cuadrilla e desvalixala impunemente. Ó galego non lle tocou en sorte aquel valor presto e determinado que distingue á maior parte das provincias de España, e, por outro lado, a humildade dos oficios que fóra do seu país desempeñan e a condición dependente en que polo xeral viven non contribúen a desatar este nobre xerme; pero a pouca resolución que xeralmente o caracteriza desmaia enteiramente en terra estraña. Así, pois, todo o seu afán é pasa-los portos e verse polo menos nas beiras do Sil e do Burbia, veciñas xa da súa patria. Con tan poderosos estímulo figúrese calquera se o segador levara ás nos pés. As marchas son en efecto realmente forzadas, e chegan a facer unha dilixencia increíble. Este pavor e ansiedade continua producen ás veces resultados repugnantes, pois sucedeu que ó cruzar un río deixaron afogar un compañeiro por medo de chegar tarde ó seu socorro e verse envoltos en procedementos xudiciais, e tódolos días se observa que o que enferma polo camiño queda abandonado á caridade allea. O único obsequio que lle fan os seus camaradas é recollerlle o diñeiro para entregarllo á súa familia.

O peor do caso é que nin por moito madrugar amañece máis axiña, e como os ladróns teñen todo o tempo por seu, poden apostarse onde mellor lles conveña ou seguirlle a pista ó pobre segador ata chegar ó sitio máis conveniente para alivialo do seu peso. Fácil é de imaxina-lo pranto, pregarias e xemidos que acompañan a semellantes transos, así como o pouco proveito de que serven os agochos e trazas enxeñosas de que se serviu o pobre segador para garda-los seus amados marabedís daqueles ollos de lince e daquelas mans tan áxiles e exercitadas en buscalos; pero o que non é fácil de comprender é como vinte ou trinta homes se deixan roubar por dous, aínda que viñesen armados co melloriño coma os Cabaleiros da Mesa Redonda. Non hai moito tempo que unha destas coitadas cuadrillas entraba nun lugar murcha, demudada e cadavérica. Inquirido o caso resultou que só dous ladróns eran os autores da falcatuada. —Pero homes —díxolles un veciño—, ¿de dos pícaros nada máis os habeis deixado maltratar? —Ya vei señor —responderon eles—, como veniamus solus, nus encojimus! Por este fío poden saca-los nosos lectores o novelo da enerxía moral desta pobre xente á que ninguén que non estea deixado da man de Deus é capaz de quita-lo valor dun alfinete. Así é que este roubo considérase máis vil e ruín que tódolos demais, e de Chafandín, que era no seu tempo o Robin Hood ou Diego Corrientes de Castela, nunca se contou semellante cousa.



Afortunadamente non sempre acontecen tales desventuras, e o máis común e ordinario é que cheguen os nosos segadores sans e salvos, desfeitos e malandantes ó porto de Foncebadón. En canto pasan da Bañeza as cuadrillas, ata alí unidas e compactas, comezan a diminuír e a espaxarse, e os máis cansados a demorarse, de xeito que o camiño vén a ser unha corda de galegos. Á baixada do porto e á cabeceira do fresco desfiladeiro de Molina hai un santuario da Nosa Señora das Angustias, onde en agradecemento da boa viaxe adoitaban deixa-los segadores as súas fouces e nós vimos infinidade delas amontoadas no centro da igrexa como mostra da súa devoción. Hoxe en día xa son poucos os que colgan alí as súas armas.

Aínda que agora topa xa o segador polo camiño bastantes mercados en que deixa-lo froito do seu traballo, sen embargo adoita se-la vila de Ponferrada, por máis veciña do seu país e tomada en posesión desde antes, o paradiro dos seus capitais. O mes de agosto é o máis animado do ano pola morea de galegos que por alí cruzan e pola actividade do comercio, verdadeiramente notable para unha vila de tan pouca importancia e arredada do camiño real. Os soportais da praza énchense de bancos e mostradores portátiles e altas perchas con cravos onde flotan infinidade de panos de algodón e se estenden baetas de diferentes cores xunto cunha boa reserva de sombreiros portugueses ou do reino, que son os artigos que máis lle gustan ó segador. Na maior parte de Galicia as mulleres gastan dengues encarnados de baeta e panos de cor á cabeza, e de aquí xorde o gran consumo destes xéneros. Da baeta de Manchester hai quen chega á media *grana* e do algodón pasa á seda, pero tan galante proceder raia en prodigalidade e atopa, por conseguinte, poucos imitadores entre esta económica xente.

O xeneral máis prudente e previsor non recoñece de maneira máis escrupulosa o campo en que vai dar guerra que o segador a tenda que ha ser sepulcro dos seus oitavos. Por fin, despois de moitas idas e vidas, despois de moito mirar e remira-lo xénero e cotexalo na súa imaxinación co do comercio veciño, resólvese a da-lo salto mortal e entra en axuste. A verdade é que o comerciante, aínda que gañaba bastante diñeiro, tiña que ter moita paciencia, porque contar tódalas trampas, argucias e regateos de que se vale o noso comprador para saca-la súa mercadoría un *cuarto* e aínda un oitavo máis barata sería cousa de nunca acabar. Por último, ó cabo de infinitos tirapuxas péchase o trato e entón vese saír do forro do sombreiro algún escudiño de ouro de vinte reais, unhas cantas pesetas de a cinco envoltas nun trapiño que deixan nun canto da chaqueta, e algunha outra moeda prisioneira con igual traza e estilo, das cales, aínda que ben empregadas, non deixan de despedirse con pesadume.

Despois de tan importante operación tempera o paso o segador e fai de vagar o resto da súa viaxe, se comprou sombreiro, co novo por riba do vello, e co resto do que mercou ó lombo dentro do seu saco branco. O desenlace deste drama é sempre tranquilo e sosegado como a vida doméstica en que van perderse ata outro ano todas estas penali-

dades e desacougos, da mesma maneira que un regato turbulento se perde nun lago apracible. Para moitos dos galegos solteiros este termo acostuma se-lo das nosas comedias antigas, é dicir, unha voda cunhas galas que se compran co diñeiro da sega, e que co tempo vén dar por froito abundante número de novos segadores. E supoñendo que o que non ten xa compañía a busque por este camiño, os nosos lectores non tomarán a mal que privemos ou, mellor dito, libremos, ó noso heroe da que ata agora con tanta puntualidade lle fixemos en tódalas súas alegrías e desgustos, desexándolle en todo caso boa sega para o ano que vén e pote ateigado ata entón.

GALEGOS A CASTELA¹

Abelardo Moralejo

Entre as máis vivas lembranzas da miña nenez conta a do paso polo meu pobo das cuadrillas de segadores cara a terras de Castela. O meu pobo chámase Argujillo, ten uns douscentos veciños e está na Terra do Viño, entre Zamora e Fuentesauco, a 26 quilómetros daquela e 12 deste por estrada. Polo camiño vello de Zamora, que era o acostumado daquela e o que seguían os galegos, había catro leguas e media e nel dous pobos pequenos, Jambrina e Pontejos. Ata Zamora creo que chegaban pola estrada xeral de Vigo a Villacastín; pero pouco máis alá deixábana seguir cara a Salamanca, onde torce en ángulo case recto, e con experiencia máis vella sen dúbida cá estrada, atallaban en dirección SE. cara a Fuentesauco e Peñaranda de Bracamonte, onde a volverían encontrar, evitando o seu rodeo e marchando seguramente con maior comodidade por camiños mortos. Neste atallo encontrábase o meu pobo.

O paso de cuadrillas de segadores adoitaba empezar cara a mediados de maio e duraba varios días. Dicían ou dicíase que traían xa dez ou doce de camiño con cincuenta leguas polo menos e quedábanlles outras tantas deica La Sagra de Toledo, a onde se dirixían. Ós rapaces parecíanos un detalle de importancia, e afagábanos que o noso pobo marcasse a metade do camiño. Para nós era case unha festa cando saíamos da escola ó mediodía contemplar a chegada dos primeiros galegos. Formaban cada cuadrilla o maioral, os peóns ou seitureiros e os rapaces, voz esta que xa designaba por aquela terra ós nenos que engavelaban e ataban o cereal e que serven ou atenden ó restrollo, ou sexa o aprovisionamento das cuadrillas. Levaban cadanseu faco, que debía ser do maioral, cargado de roupas, fouces e provisións; pero cada individuo acostumaba levar o seu fardelo ó ombro e pendurados nel uns zocos ou unhas sandalias tamén de madeira, indo moitos

¹ Reproducimos aquí o artigo citado na p. 28 do prof. Abelardo Moralejo, "Gallegos a Castilla". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 17, 1950, pp. 441-443 (n. do ed.)

deles descalzos. De aquí nacían contos coma o de: “¡Pobre zapatiño se te levo posto!” do rapaz que bateu e feriu un pé contra unha pedra.

Xa desde as aforas do pobo, desde a ponte sobre o humilde e constante arroio Talanda e a fonte da auga, viñan quedando algúns a descansaren da fatiga ou a beber; pero logo seguían todos deica a Praza, e nela ou pola Calle Larga acomodábanse no chan á sombra das tabernas e das veciñas casas. E mentes chegaban e dispoñíanse a tomar un pouco de touciño, que xa levaban eles, con pan e viño, os pícaros cantabámoslles a coñecida letra:

Los gallegos en Galicia
cuando van en procesión
llevan un gato por santo
y una vieja por pendón.

Ou “un gallego” por “una vieja”. E estoutra, especialmente ós rapaces, con quen nos atreviamos máis:

Gallego moruso,
quién te compuso,
tu madre con la rueda,
tu padre con el huso.

Onde “la rueda” entrou no canto de “la rueca”, debido a que por alí a penas si quedaba algunha vella que fíase aínda, e “moruso” non sei que significaba, pero creo que tamén se dicía “maruso”, quizais por “maruxo”, tirado de “Maruxa”, e nós mesturámoslle algo de “moro”. E repetíámoslles a interxección que tanto lles oíamos, poñéndolle un consoante parecido a “moruso”: “¡Barallo morallo!”.

Cando as cuadrillas eran grandes ou chegaban nun día máis de unha, prestaban certa animación ás rúas, e co barullo en torno ás tabernas non era difícil que xurdiran altercados e liortas coas taberneiras, que non daban despachado nin cobrado, cousa que tamén nos divertía ós pícaros. E non faltaba tampouco algunha cuestión xa polo camiño ou no pobo por se as cabalerías que levaban pastaran á beira dalgún campo sementado ou por se entre a herba que para elas ían segando polas lindes se deslizara algunha mada de trigo ou outro pan verde. Pero sempre volvía a calma, e os segadores, despois do seu pobre xantar e mentres os seus facos comían aquela herba, botábanse a durmir a sesta e como benditos durmían reclinando as cabezas nos pobres fardelos.

Así os encontrabamos cando volviamos á escola da tarde e a sombra das casas, ó variar, ía deixándoos ó descuberto. E cara á hora do recreo, cando o sol xa empezaba a devalar, ían eles levantándose, recollendo os seus fatos e botando rúa arriba uns tras outros para ir durmir polo menos a Fuentesauco, primeiro pobo que encontraban. Uns tras outros, aquí dous e alí tres e logo un e despois outro, era como adoitaban chegar e marchar as cuadrillas. Por isto se dicía por alí en casos semellantes “ir como los gallegos” ou “parecer gallegos”.

O regreso dos que volvían polo mesmo camiño acostumaba ser a fins de xullo ou principios de agosto, cando alí se estaba aínda en plena sega; pero xa o facían moitos polo tren, e cada ano máis. Lembro que unha noite de verán apareceron pedindo polas portas varios rapaces sós, e contaban que “o maoral” levara polo tren o diñeiro, enviándooos a eles a pé. A viaxe por ferrocarril foise facendo cada vez máis usual tamén para a ida, e con iso e a diminución de tal emigración anual a terras de Castela, o paso de segadores galegos polo meu pobo creo que cesou totalmente.

Pero por aqueles camiños e pobos por onde pasaban quedan recordos deles, polo menos entre os que alcanzaron a coñecelos. No camiño de Zamora había unha Puertica de los Gallegos. Outro conto dicía que pasando unha cuadrilla pola ponte do Douro, en Zamora, comentou un: “¡Si toda a agua que leva fora viño...!” E contestoulle outro: “¡Caldo que fora!”. E tamén quedaban para sempre algúns deles, como dous que no meu pobo casaran e envelleceron e morreron: o tío Antonio el Galleguito e o tío Zumbia, o meloeiro, que se chamaba José Vázquez, apelido que, tan corrente en Galicia, era alí o único.

GALICIA E A SEITURA EN CASTELA¹

Alfonso Vázquez Martínez

Tódolos anos, chegado o mes de San Xoán, cando o tempo se consolida e os campos amosan nas súas parcelas a cor dourada das meses, comeza a verificarse o movemento de desprazamento humano cara ás terras de Castela, para realizar o duro labor da seitura nas terras chas e mesetarias onde o cereal, trigo principalmente, acadou o seu ciclo vexetativo e espera a man do home que o ha segar, recoller e almacenar para que máis tarde sirva, panificable, para o noso pan de cada día.

Hoxe, o labor da seitura está mecanizado polas grandes máquinas que realizan soas tódalas operacións da sega, ata a clasificación de grans, labor que se realiza continuado e cun grande rendemento. Fun curioso por coñecer os particulares deste labor na época antiga. Hai máis de cen anos que o desprazamento humano era dun continxente moi numeroso, ata o punto de que Lisardo Barreiro di: “Han pasado por Quereño, en distintas épocas, más de cinco mil quinientos segadores, sin contar los que pasan por Piedrafita y por las Portillas”².

Este labor era moi lento e penoso, con incidentes, notas, organización hoxe case perdidos, e por iso, a piques de desaparecer todo, intentamos recoller algo disto, nas informacións verbais obtidas directamente de veteranos seitureiros que fixeron a xeira durante máis de trinta anos, e doutras informacións, non tan directas, pero con datos suficientemente precisos para, nas súas liñas xerais, establecer toda unha relación de feitos, incidencias, vicisitudes e demais, daqueles homes que, en condicións moitas veces malas, ano tras ano, ían ás terras de Castela recoller unha fortuna, pequena para o esforzo realizado,

¹ *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XVI, xullo-dec. 1948, pp. 317-346 (n. do ed.)

² L. Barreiro: *Álbum de Galicia*. El Ferrol, 1897.

Xa no prelo este traballo, publicouse na Edit. Aguilar na súa Colección Obras Eternas, polo Catedrático E. Correa Calderón, a magnífica obra *Costumbristas Españoles*, na que achamos, no seu primeiro tomo, un traballo de E. Gil y Carrasco titulado “El Segador”, no que se nos dan datos e notas interesantes, que recellemos e se suman ós datos obtidos e expostos neste pequeno traballo.

pero aproveitando un pouco o descanso que as faenas do campo de Galicia lles daban durante o verán, en que outras terras esixían a máxima intensidade de labor³.

Por iso, a esas informacións xuntamos as daqueles pobos nos que se conserva aínda unha lembranza bastante viva daqueles tempos e da súa historia.

Tense escrito sobre o tema da seitura moita literatura, dispersa ou sen recoller, adversa unha, favorable outra, encontrando varios aspectos dos que a mesma poesía se fixo eco, presentando nos seus versos ó home desafiando os ardorosos raios do sol, un día e outro día, que deixaba pegada na súa curtida e tostada pel, fortemente queimada. Así se le nos versos de Rosalía de Castro cando di:

... cando van van como rosas
cando veñen, como negros.

No tocante á súa orixe, é moi antigo o costume da emigración dos seitureiros, de séculos, a época da progresiva emigración anual da clase xornaleira de Galicia, repartíndose por Madrid, Extremadura, ambas Castelas e Andalucía, onde traballan sen que o produto de tanto esforzo renda ós traballadores a máis mínima utilidade⁴.

Á narración do noso seitureiro de terras vilalbesas, e ás informacións recibidas máis tarde, tratamos de lles dar unha ordenación, pois as preguntas feitas eran contestadas desordenadamente en conversa libre.

Idade

A idade en que máis correntemente iniciaban as súas inscricións para o traballo da sega era a de 15 anos, aínda que algúns se alistaban xa ós 8 e 10 anos.

Formaban parte nela homes de tódalas clases e idades, dos que o alistamento se realizaba cara á última quincena de maio polo maioral en cada pobo ou parroquia, en virtude de noticias recibidas de Castela, que daban a coñecer a fase vexetativa en que se atopaba o trigo e, con iso, o sinalamento aproximado da data de iniciación dos traballos. O maioral chamaba ós antigos que formaran na súa cuadrilla o ano anterior.

³ Gil y Carrasco, no seu magnífico artigo “El Segador”, publicado en *Los Españoles pintados por si mismos* (Madrid, 1843) e estudiado por Correa Calderón na magnífica obra *Costumbristas Españoles* de Edic. Aguilar, fai unha descripción magnífica do segador galego que reproducimos da p. 1.168 do dito libro: “Una hogaza de pan de centeno con algunos torreznos por entrañas, alguna camisa de estopilla y acaso tan mal otra prenda de vestuario dentro del consabido zurrón de lienzo y por fuera un mal sombrero portugués, chaqueta, pantalón y chaleco de la misma tela que la camisa y unos zuecos o zapatos con suela de madera componen el atavío de un gallego que va a la siega ... debe añadirle el garrote de que suspende su tasado equipaje, la hoz símbolo de su oficio...”.

⁴ Vicetto, *Historia de Galicia*, tomo 7, p. 12.

O que era fixa era a idade de xubilación ou retirada dos traballos, que corría aproximadamente polos 50 anos.

Os diferentes traballos encomendábanse, regularmente, segundo a idade; de 18 a 45 para os segadores, de 14 a 16 para os atadores, e a dos servidores de 16 a 18.

O continxente era numeroso nalgúns lugares. Xa deixamos indicado o número dos que pasaron por Quereño e a ese continxente engadiremos os grupos que se formaban en distintas vilas, como os 175 ou 200 que se reunían en Bande, os 200 de Allariz, os 50 a 60 de Muíños, os de Verín, Xinzo, Celanova, O Bolo, Vilariño en Ourense e os que, procedentes das fértiles terras de Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Santabaia, San Lourenzo, San Simón, Santa Marta en Lugo, e Pontes de García Rodríguez na Coruña e aínda de Pontevedra, daban o seu continxente, pois Arbo e o Partido da Cañiza subministraban brazos para tal labor, achando que aquel, no ano 1847, enviou segundo datos oficiais 59 homes.

Dos de Ourense sabemos formaban as cuadrillas os naturais de Calvos, Corbelle, Bande, Cadóns, Carpazás, Gúin, Ribeiro, Nigueiroá, Garabelos, Baños, Santa Comba, Vilarello de Cota (Vilardevós) e pobos próximos de case tódolos dos concellos xa ditos, non faltando algúns de nacionalidade portuguesa aveciñados nalgúns destes concellos.

A saída de Galicia era xa organizada, pois formaban parte as cuadrillas grandes ou pequenas capitaneadas ou dirixidas, como xa dixemos, por un maioral, que seguiría sêndoo durante o período da seitura. O día anterior á partida reúnense no rueiro para ultimar os detalles da marcha, hora, lugar de reunión, que sempre era ó romper a alba, ó canto do galo, como di a canción popular:

Cantan os galos pro día...

Os de Lugo organizaban, en Fonmiñá, unhas festas de despedida, partindo despois das súas casas co fardel ó ombro.

A viaxe

Facíase a pé en xornadas sucesivas, levando algúns unha cabalería onde transportaban roupas e algúns artigos de alimentación. A data de saída oscilaba case sempre dentro da primeira quincena de xuño e organizábanse para saíren nun nutrido grupo que ía engrosándose consonte ían pasando por diferentes localidades, nas que xurdían novos segadores que con eles ían compartir o labor.

Este nutrido grupo acadaba ás veces o número de 200 que facían a súa primeira etapa de Allariz a Escornabois, no concello de Trasmiras onde pernoctaban, despois dunha lixeira cea, animada, dinos o relator, “por un cuartillo de viño, ó prezo de 0,15”. Novamente, ó abrir o novo día, proseguían a viaxe chegando cedo a Laza, capital do concello, onde almorzaban para chegar cara ás doce a Eiras, en Campobecerras; a fonte á entrada do pobo mitigaba a sede da viaxe.

Era o seu primeiro xantar de viaxe, tralo cal, ás dúas, seguían camiño atravesando a Serra Seca polas Ventas da Tresa, Capela e Cerdeiras, escurecéndolles na Gudiña onde ceaban “unha taza de caldo galego” que lles custaba —segue o relator— dez céntimos, acompañado por unha peza de pan trigo pola que pagaban 0,15 centimos, engadindo algo do que formaba parte das súas provisións, e durmindo nalgún parador no seu segundo día de viaxe. Datos concretos témolos da Venta da Capela que transcribimos literalmente do informador e que di así:

“Os seitureiros pasaban en cuadrelas que oscilaban de catro deica os coarenta ou mais.

Quen mandaba n-eles era o mayoral. Un levaba un touciño colgado n-un pau. O do touciño, e algún máis, iban diante pra facer a comida denantes de que chegasen os outros.

A xente vendialles o caldo e arroz con cabra, tamén pan.

O velos vir en toda-las Ventas (Venta do Bolaño, Venta da Capela, Venta da Tresa e Venta do Espiño) saían as mulleres a rua e ofrecíanlles comida, decíndolles ‘Caldiño da malla, teño un caldiño do mellor...’.

‘Eu teño arroz con cabra’.

As mulleres da Venta da Tresa baixaban a Carracedo a pedir emprestadas as cuncas mais pequenas que había, pra lle vender o caldo os seitureiros”.

Parecidas noticias temos do paso dos segadores pola Venta da Tresa, na que nos dan nomes dos grupos dos seitureiros e de parte da súa vestimenta. Así relatan:

“Os seitureiros que pasaban pol-a vereia, eran os Barrosos, os Chanqueiros, e os Zarradáus ou Rabadáus.

Naide se lembra de onde eran os Barrosos, nin os Chanqueiros, os Rabadáus eran de Rabeda.

Os Chanqueiros e os Barrosos calzaban os zocos, que consistían no pau suxeto o pé, por unhas correas cruzadas.

Os Rabadáus vestían pantalóns de estopa branca.

Os Chanqueiros e os Barrosos eran moi boa xente, os Rabadáus eran moi malos.

Estes últimos levaban recuas de cabaleirias pra vender na Castela. Na Venta do Espiño tamen se fala de estes grupos, de modo mais concreto dos Zarradáus, entre os quais e os da Serra Seca, houbo moitas paliougadas.

Metíanse con toda a xente. Os d-eiqui enzurrábanlle os cás. N-unha paliougada quedóu un Zarradau, tan mal ferido, que pra que non se enterase a Xusticia, levárono pra Carracedo e tuvérono escondido deica que sandou. Atendérono ben”.

Rompíalles o terceiro día á saída da Gudiña, terminando a xornada en Pedraio durmindo en Reboredo, os que ían monte a través por atallos e sendeiros, pero os que seguían a estrada acampaban no empalme.

Á saída do sol, no cuarto día, pasaban a barca de Sandín recorrendo a caravana Codesal, Nacional, Otero de Bodas e Valer, chegando a pasar a noite en Puente de la Estrada.

Zamora ou Montemarta, fin da quinta xornada, era o termo dalgunhas cuadrillas que alí facían xa os seus labores de sega, concretamente en Lubián, Padornelo e Puebla de Sanabria, etc.

O resto seguía Castela adiante, deica Piedrahita, Marganeses, Castro Nuevo, Cerecinos e Villaba en sucesivas xornadas, volvendo xeralmente ó punto onde estiveran o ano anterior. Outros seguían a Corrales, Morales, da provincia de Salamanca, así como Peñaranda de Bracamonte.

Os de Lugo concentrábanse na capital onde acudían, principalmente os da zona centro (Vilalba) e arredores, pois os de Ribadeo e Mondoñedo pasaban tamén a Lugo que tanto uns coma outros consideraban como final da primeira etapa, que comprendía, para os máis afastados, unha distancia aproximada de 9 a 10 leguas.

Da dita cidade pasaban a Corcovel e de alí a Trabadelo, centro aínda da provincia de Lugo, pasando xa a cuarta xornada a Molina, en Ponferrada, e entrando na Maragatería pasando a noite en Val de San Lorenzo.

Ó pasar Foncebadón, que era a despedida de Galicia, desde onde quizais avistasen por última vez as serras e somontes galegos, nun acto último de lembranza e afecto á terra que os viu nacer e deixaban temporalmente, recollían unha pedra que botaban mirando cara a Galicia nesa dirección e rogaban a Deus os axudase e lles permitise volver.

Bucelo de Páramo era a 6ª xornada, rematando a 7ª en Cerecinos e seguindo despois por Vega, 8ª xornada, Ataquines 9ª, Alabajas 10ª, Perito (*sic*) de Guadarrama (Puerto de Guadarrama) 11ª, e última xa Majadahonda ou Rozas, segundo onde comezasen o seu labor.

Os diferentes relatos, segundo as provincias, coinciden no fondo en que case todos, nos descansos, facían en encanastrados palleiros ou chouzas, ó aire libre ou nos tradicionais mesóns, pagando 2/4 por durmir no santo chan. A comida era touciño, posto a escote, e uns garavanzos ou arroz que condimentaban nunha ola mercada por eles.

Xurdían incidencias de non boas acollidas, burlas pola condición da súa pobreza no vestir, algúns esfarrapados, chegando nalgúns puntos a seren alcumados de escravos.

Grupos había que, rematadas as provisións, poucas en cantidade, para terminar as xornadas e chegar ó final do seu destino, tiñan que implorar a caridade pública. Aínda pesaba sobre eles a exclamación dos seus concidadáns desexándolles ventura e pedindo que “o ceo os guie”... “Diol-os volva con ben”...

Á fin da viaxe presentábanse ó alcalde quen, nun bando, anunciaba a súa chegada para formalizar os contratos con “los gallegos”, se chegaban a aquelas terras e non tiñan compromiso de labor, ou para asegurar maior traballo e maior permanencia naquelas comarcas.

Da súa viaxe, os de Lugo lembran como, ó pasar pola Maragatería, vían traballar ás mulleres nas cardas e coberteiras, así como no tecido por elas executado, non descoñecendo o labor do campo, pois labraban tamén as mulleres.

Dos de Lugo poucos eran os que rendían a súa viaxe máis abaixo de Madrid.

Os de Ourense pasaban case todos pola Gudiña, camiño tradicional que tamén seguían, cos seitureiros, os arrieiros. Por iso A Gudiña era pobo de moito tránsito e, aínda hoxe, ten bastante importancia comercial. É un pobo itinerario, de tipo antigo, cos seus mesóns e casaríos de forte e sólida construción.

A organización do labor

As cuadrillas compoñíanse segundo un número variable, que dependía do maioral ou xefe das mesmas. Habíaas de sete, catro seitureiros de fouce, dous obreiros para atar os feixes e un servidor para o carrexo das comidas e auga, desde a casa dos patróns ás terras de traballo; este tamén traballaba, segaba e ataba nos intermedios.

Outros maiorais dispoñían de máis xente, poñendo ringleiras de catro en fondo cada unha, baixo a súa dirección e, cando a faena o esixía, por cantidade e superficie de labor, maiorais había que organizaban varias cuadrillas en frontes de doce ou máis seitureiros, aumentados polos “atadores” e “servidores”.

Esta organización consistía para outros maiorais no saber dispoñer ós segadores de tal xeito, que a cada un lle correspondesen tres sucos. O primeiro que alcanzase o final, sería o que recibiría maior salario. O maioral mesmo acompañaba o seu gadaño, non por obrigación, senón por animar coa súa voz de “aire, amiguiños”.

En Lugo puidemos ter detalles máis concretos e precisos mostrando unha curiosa organización.

Contratas

O maioral axustaba cada predio e, en consecuencia, estipulaba o xornal e cobraba máis do que os seitureiros.

Este axuste tiña por base o contrato que, en virtude de carta de chamada do administrador ou propietario, facían ó máis veterano xefe das cuadrillas, antigos maiorais, partindo para a base do contrato do labor executado o ano antecedente. Non era raro ir un pouco ó chou, realizando os compromisos nos propios campos de sega, vistas as circuns-



Foto: Museo Etnolóxico de Ribadavia

tancias das colleitas e do terreo, que se axustaban, como se dixo, cos mesmos propietarios dos predios e, cando non estaban presentes, cos administradores dos grandes propietarios, que polo xeral viven en Madrid, previo coñecemento do terreo, do que o propietario ou administrador amosaba as estremas, montado en soberbio cabalo, mentres o maioral ía en pobre burrico.

Cando non había conformidade no axuste, decidía o alcalde partindo a diferenza, ou procurando solución que podía ter por base o realizar o axuste “a seco” ou “a mantido”.

A duración da faena esixía duras xornadas de permanencia en Castela, polo que tiñan que remediar o problema da vivenda que, para os máis, era á luz das estrelas nas claras noites estivais, utilizando parte das gavelas como cama, ou no medio da palla mallada, sen máis cobertura ca unha manta.

Outros volvían ó poboado, se non estaba moi lonxe, pasaren a noite nos palleiros ou cortes do propietario, para saír ó día seguinte de mañanciña ó labor. Algunhas veces estaba o poboado a distancias relativamente cercanas, polo que o pobo era o centro de permanencia.

Non deixaba de xogar papel importante, para a vida dos segadores, a boa ou mala vontade do propietario no trato con estas xentes, que suavizaba ou non a súa dura situación de permanencia e labor. Os de Xinzo —dinos outro informador— durmían e comían na casa dos patróns.

O traballo ó aire libre, aínda que duro, era san, e só cando a forza da calor estival os levaba a beber moita auga ou facelo de augas estancadas, sobrevivíanlles o paludismo, mais o que ordinariamente sufrían como trastornos fisiolóxicos eran insolacións, dada a elevada temperatura que tiñan que aturar e o duro do traballo a pleno sol e en plena canícula.

Alimentación

Non deixaban de sentir polo mesmo clima o cambio de augas e o tipo de alimentación, producindo frecuentemente trastornos intestinais que axiña vencían coa aclimatación.

Ó finalizar o labor diario, os que se reunían en poboados ou formaban cuadrillas bastante numerosas tiñan as súas festas, bailando os seitureiros e atadores coas mozas do pobo, segundo se facía na provincia de Segovia.

Ás enfermidades anteditas, dinos o relator de Vilalba, uníanse as tercianas.

Se a algún home lle custaba aclimatare, era coidado polo amo ou administrador para quen traballaba.

Algunhas veces, as vexigas presentábanse entre eles e entón era conducido o enfermo ó hospital. Dada a característica da enfermidade, non querían —nun caso acontecido— darlle bagaxe a aloxamento, pedíndose unha cabalería para conducilo e queimándose loureiro no lugar onde estivera antes de trasladalo ó hospital.

Cando os demais compañeiros remataron todo o labor, foron buscalo para levalo á súa casa, pero non puido acompañalos por estar moi feble. Días máis tarde regresou no tren, viaxe para a que lle deron 3 pesos, e 3 pesetas para o xantar.

Raro, por non dicir ningún, era o que contraía matrimonio en Castela. Algúns quedaban por aquelas terras, pero en calidade de criados. Como formaban sempre grupos, reuníndose a ser posible das mesmas aldeas ou veciñas, o aprecio ou estima de que era obxecto cada cuadrilla ou grupo e que as distinguía das demais baseábase no barato do contrato ou labor a realizar e na frugalidade dos compoñentes.

A vida na tempada de seitura

¿Como distribuían a vida durante a tempada de seitura polas terras de Castela?

Primeiramente, como o labor era urxente, o traballo era de sol a sol, e como os crepúsculos son longos en Castela, bastante despois do solpor, ata preto das 10 da noite, seguíanse traballando, incluso domingos e días festivos, sendo normalmente a tempada de 60 días.

As poucas horas libre de que disfrutaban, para un ben merecido descanso, excesivamente aproveitado algunhas veces en tabernas ou tomando bebidas alcohólicas, eran relativamente escasas, se exceptuamos as propias do descanso nocturno.

Estes descansos non se facían, frecuentemente, no mesmo terreo da sega, onde almorzaban, comían, ceaban e durmían, sempre que non remataran o labor nun pobo ou cun patrón, pois daquela impoñíase o cambio de residencia por obrigado cambio de terras.

Por iso, os servidores, moitas veces, eran os que desde o poboado máis próximo ou da casa do propietario ou administrador realizaban o transporte das comidas, se o trato era “a mantido”, ou a adquisición de provisións, se era “a seco” e tiñan que apañalalas os mesmos seitureiros.

O período da sega era normalmente —como xa indicamos— dunha duración de 50 a 60 días, o que imposibilitaba ós segadores levaren as suficientes provisións para a temporada, de xeito que estas esgotábanas ás veces durante as mesmas xornadas de viaxe e soamente touciño, chourizo, etc., podían conservarse longo tempo. Isto obrigáboas a se someteren ó réxime alimenticio castelán, que, xuntamente coas augas, producía, como xa se fixo notar, trastornos gastro-intestinais de curta duración.

Realizaban, pola mañá, o almuerzo coa toma dunhas sopas de allo ó que engadían, algúns, augardente e pan, ou un gazpacho composto de pan e allo esmagado en aceite e vinagre.

Cando o contrato era “a mantido”, recibían ás 7 da mañá, para todo o día, unha libra de pan de 16 onzas e unha botella de auga con vinagre.

Ó mediodía facían o xantar no mesmo campo de labor, a base dun abundante cocido, condimentado con garavanzos ou chícharos, touciño e o seu correspondente pan e viño, en cantidades de 1/4 de quilo de garavanzos por persoa, 1/4 de quilo de carne de carneiro ou ovella, cun pouco touciño.

Pola noite, o mesmo do almuerzo, sopas de allo, pan e viño.

A provincia de Madrid distinguíase por un mellor trato, non dando vinagre nin pan taxado. De viño, recibían dous cuartillos por home, dándolle ademais merenda.

A comida variaba moito, pois, ó pan e a cebola que tamén recibían na primeira hora, seguía a sopa e ola de garavanzos do mediodía e remataba coa sopa e guisados, o que quixesen, dándolles casa e luz.

A comida que xa dixemos levaban da casa á partida, para algúns non chegaba máis que ata Benavente, que era, aproximadamente, a metade do camiño.

Os de Muíños infórmanos que a comida llela descontaban do salario, predominando a calidade xa dita de sopas de allo, e a maior salario, maior abundancia na comida.

O salario era independente da alimentación segundo o contrato, xa que o labor a realizar era todo a traballo feito.

Os de Xinzo facían só dúas comidas a base de porco, lanar ou cabrún, garavanzos e feixóns, relacionándose o salario coa comida.

Os de Vilardevós, e máis concretamente os de Vilarello de Cota, traballaban “a mantido”, con catro comidas a base de touciño e carneiro, correndo o viño “a papo cheo” e nalgúns lugares, segundo a maior ou menor esplendidez dos administradores ou patróns, durante o traballo “dáseles pan o vino con abundancia, con el fin de estimarles el trabajo, que, a fuerza de ser duro y continuado, apenas hace mella en aquellos cuerpos de hierro”⁵.

Labor e rendemento

Ben comprendían os patróns ou administradores a dureza da faena pero, non obstante, os obreiros non achaban compensado, co traballo intensivo, o labor que tiñan que executar que, en épocas de grande colleita, respondía con creces ó traballo desenvolvido, pero en épocas de malas colleitas, era camiñar para ver pouca laboura feita.

Non era doado de precisar o labor executado nun día, e só o total podería dar o termo medio do traballo diario. Inflúan moitos datos e factores como a idade, o estado físico do segador, a condición das colleitas, contrato ou axuste efectuado, así como o factor do tempo, de frío forte ou suave.

Xeralmente cada cuadrilla segaba ó día o que chamaban unha “carga maior”, que comprendía aproximadamente a superficie dunha hectárea, existindo cuadrillas que na xeira diaria, de sol a sol, segaban “tres obradas”, medida agraria frecuente en Castela, que representaba unhas 52 áreas, polo que correspondía, tomando isto como base, unha produción media diaria dunhas 20 áreas.

O informador de Vilalba deunos unha relación detallada e completa do traballo, que se iniciaba, para os rapaces, coa tarefa máis sinxela, a de atador, na que estaban case ano e medio, chegando a adquirir gran rapidez no atado das gavelas.

⁵ Lisardo Barreiro, ob. cit.

Cando a súa idade o permitía, ou as existencias da laboura o requirían, pasaban á categoría de “segador”, o que supoñía, para eles, un honor e como a lombeirada de “mozo”, do que se oufanaban ó volveren á aldea con ese título de home xa formado.

O seitureiro tiña ás súas ordes ós atadores, pois cada dous segadores necesitaban un atador.

Correntemente saían do mesmo pobo ou dos máis próximos, en grupos expedicionarios que, coñecidos uns dos outros, formaban o que xa denominamos “cuadrilla”, integrada por uns 19 individuos, con distintas ocupacións e labor na sega, segundo o traballo a realizar, reducíndose o seu número a 12 se o labor era pouco.

A distribución do persoal facíase do xeito seguinte:

O maioral, con 8 ou 9 cuadrillas ó seu cargo, exercía de xefe sobre quen caía a responsabilidade do traballo, era quen o organizaba todo, recrutando a xente, sinalando a data da viaxe, todo iso de acordo cos administradores con quen se concertaba dun ano para outro.

Este maioral, no labor, ía sempre o primeiro segando, “abría a sega”, dando o corte e seguíndoo os demais segadores, “repasando” o que facía.

Na agrupación dos homes había tamén os chamados “fouces” ou corpos nos que, en vez de ser seitureiros (2) e atadores (1), había tantos atadores como seitureiros.

Comezaba a xornada ó romper o día e remataba cun labor aproximado de 50 fanegas por segador e atador ó chegar a noite.

A fanega viña sendo aproximadamente de 600, 500, 400 estadais ou equivalentes a 6, 5, 4 ferrados.

As moreas de sega marcábanse con pedras, sendo aquelas do mesmo número cós individuos traballadores.

Axustaban a tiras, facendo o axuste directamente para unha finca o maioral ou máis se eran varios no concello, por exemplo en Sevilleja (Sevilla la Nueva) onde, reunidos os maiorais co alcalde, xuíz e administradores, contrataban por fanegas o labor, executando o xa dito de 50 fanegas.

Os anos en que a colleita era abondosa e que dicían os segadores “pintaba”, había loita de prezo polo traballo, que oscilaba en 20 reais a fanega se se incluía a comida, pois sendo a seco ascendía a 30 reais.

A boa colleita rendía beneficios ó obreiro que, pola cantidade de palla segada, percibía un real máis, e ó patrón, porque lle aseguraba para o seu gando abondoso penso.

O labor do día, é dicir, as 50 fanegas, rendían un beneficio duns 25 a 30 pesos por cabeza.

Os que realizaban toda a xeira estival da seitura eran denominados “iguales” e levantaban no seu labor o que chamaban “o rego” ou “igualá”, recortándoo os demais, nesta forma:

Se son 5 igualas, o maior ou máis antigo levanta o rego, do que o valor era aproximadamente de 5 pesos, o segundo igual 4 pesos, o terceiro 3, o cuarto 2 e o quinto 1.

O diñeiro que sobra, despois deste reparto, pasaba ó fondo común.

Os que formaban as xa ditas “fouces-igualas” levantaban “a pedra”, é dicir, recollían a parte que lles tocaba que era para os seitureiros, e saía do fondo común, e a “media pedra”, que era para os atadores.

A distribución, a base dun reparto curioso do dito fondo común, exprésaa o relator na seguinte forma:

10 individuos	a 25 pesos	250
5 fouces	a 25 pesos	125
2 ½ fouces		44
3 atadores ou ateiros		36
	Total	205 pesos.

Os 45 pesos restantes vense entregando na seguinte forma: 5-4-3-2-1, descontando, antes de nada, dous pesos, quer directamente, quer recibíndoos do amo ou administrador.

Quedan, por fin, 28 pesos dos citados 45, os que se reparten equitativamente entre os 5 “iguais”.

Ademais destes obreiros, así denominados, había os nominados “martuchos”, que recibían do maioral 5 pesos.

A información recibida de distintos puntos de Ourense dinos que a cobranza realizábaa do propietario o maioral, a quen acompañaba algún segador máis instruído ou serio, por orde de cuadrillas.

Cando o propietario tiña feita a entrega do estipulado, botaban os cartos nunha manta onde repartía ós demais segadores, despois de pagar ós atadores e servidores, que recibían unha insignificancia.

A temporada viña ter un rendemento para obreiro de fouce, é dicir, seitureiro, de 1.000 a 1.100 pesetas, e o atador ou servidor de 400 a 600, quedando para o maioral de 1.250 a 1.500 e aínda 2.000, que gardaba e viñan íntegras para a terra.

Esta cantidade era aforrada ou investida en terras, polo que algúns, en certo tempo, mercaron terras e fixeron unha boa propiedade.

Habíaos máis afortunados, chegando ata os 450 pesos.

Os de Allariz —infórmanos— reunían ó final de toda a seitura, os casos de urxencia, ata 2.000 pesetas o segador, 1.350 o atador, e de 3 a 4.000 pesetas o maioral, tendo en conta que esta cantidade é de tempos bastante achegados ós presentes, en que o valor da moeda sufrira xa a súa considerable desvalorización.

Se o reparto era ó final da sega, os casos de urxencia, abandono do traballo por enfermidade, etc., esixían o pago do realizado con información do maioral.

Labores

A seitura non se realizaba só para o trigo. Outros produtos agrícolas esixían en maior ou menor abundancia unha man de obra necesaria e dura, polo que, ademais daquel cereal, recolectábase polos seitureiros fabas, cebada, que era o primeiro que segaban, seguindo o centeo, por último o trigo, non deixándose de traballar se se realizaba contrato para a recolección da ervellaca e os garavanzos.

O termo da recolección de cada unha destas plantas sinalábase co obsequio dun cuartillo de viño ós traballadores.

A colleita de garavanzo era a que máis agradaba, pois no seu labor facían festas ó rematar, participando nelas homes, mulleres e nenos, e era tal a xolda que ás veces coas roldas de viño chegaban a embebedarse.

O labor do garavanzo pagábanos a 7 pesos a fanega.

Instrumento

O que pensara dedicar os seus brazos á seitura trataba de procurarse un instrumental propio para o labor, que consistía en: a fouce, o gadaño, os dedís, de cana ou coiro. Os de cana cubrían o dorso da man esquerda; nos de coiro metíase todo o dedo, introducindo os cinco; e, por último, a pedra de afiar.

Na confección da fouce, os ferreiros especializábanse para lle dar o temple preciso; eran confeccionadas xeralmente nas mesmas parroquias, o que para eles era un orgullo.

O corte dos instrumentos foi, nun principio, de dente de serra, moi miúdo, pero máis tarde fíxose liso.

Ó entrar en Castela mercaban algúns as pedras de afiar, as fouces e fouciñas.

Para unha maior garantía no traballo, algúns volvían, ano tras ano, efectuaren o seu labor cos mesmos propietarios que en maio os solicitaran, habendo algúns maiorais, especializados na seitura, que realizaban con perfección e rendemento o seu labor. Cando de xente moza se trataba, facían salientar orgullosos nos concellos e reunións e invocábano como garantía e servía, algunhas veces, de preferencia ós pais das mozas que cortexaban, para decidirse por un ou outro pretendente.

Esta renovación de contratos tiña ás veces unha tradición familiar que se herdaba, volvendo ano tras ano ó mesmo administrador ou propietario, como un ancián de 80 anos, de Rubiás, chamado Feliciano, que en distintas ocasións, cando tiña 23, xa facía 45 que seu pai ía segar á mesma casa de Castela, polo que nos di que, no ano 1846, Bande enviaba seitureiros a Castela. “O Valerio de Tourós” (Muíños) dirixía unha cuadrilla célebre,

remontándose a idea do tempo en que se ía á sega varios séculos. En Nocelo do Val, Ignacio Casalta, maioral moitos anos na casa do Toledano, “Estaquio”, ía pasando o cargo ós seus fillos Gregorio e Urbano.

En Vilalba-Lugo coñecíase unha familia, “os Paces”, que formaban eles unha cuadrilla e eran todos parentes, traballando nas mesmas localidades ano tras ano. Outro grupo era o de San Lourenzo-Vilalba, que se gababan de seren os segadores e atadores do Conde de Romanones, e a familia que ía alá un ano e outro era a de “os Hilarios”.

Folclore

Non podía faltar a estes segadores e demais xente que forman esta emigración temporal algo da espiritualidade da súa terra. A alma ía con eles e tristemente abandonaban a “terriña” por necesidade duns cantos “cuartiños” que remediaban algunha débeda, os atrasos da contribución ou a necesidade de mercaren un terreo co que ensanchar a eira que rodea a casa.

É bastante nutrido, aínda que non completo, o folclore referente á seitura, en cancións, contos e decires e, aínda que fai falta un labor investigador máis profundo sobre o particular, citamos o que puidemos recoller na esperanza de que abrirá camiño para máis procuras que poidan esgotar o tema.

O nome popular con que se coñecen, principalmente na provincia de Ourense, é o de *seitureiros*, e seitura o labor que han realizar, asistindo outros como gañáns constituídos por homes e mozos que cantan e aturuxan e tocan as frautas, cando, reunidos, chaman a atención dos que ignoran a súa partida para a sega, os mozos para despedirse das súas mozas, e os homes para facelo das súas esposas e fillos. Xa en terras de Castela, iníciase as conversas, algunhas picarescas e irónicas, p. ex., “E tu, fulano, ¿pra que vas a gañar?”, e outros din “E tu, citano, ¿a quen deixache encargada a túa muller? Non sei si algún irá gañar pra sacala dun parto”.

As expedicións únense unhas tras outras e case xuntas cruzan os portos da serra que os separa de Galicia e así, Pedrafita, as Portillas, introdúcenos en León e Zamora.

Aquí hai a Cruz de Ferro á que fai referencia Tirso de Molina na súa obra *Mari Hernández la Gallega* coa frase: “¿pasaste la Cruz de Ferro?”. Efectivamente, entre Galicia e Castela existía unha cruz de ferro na que os seitureiros galegos deixaban os seus farrapos⁶.

⁶ Taboada J., *Del Jardín de Tirso*, p. 23.

Non estamos moi conformes coa localización que E. Gil y Carrasco fai da “Cruz de Ferro” ó situala no cordal de Foncebado, en plena saída do Bierzo, e non en Zamora, nas Portillas, ó transpoñer as terras ourensás.



Foto: Museo Etnolóxico de Ribadavia

Pola parte de Lugo xa vimos como deixaban pedras ou as botaban en dirección á terra que abandonaban despedíndose dela e enviando, neste lanzamento, como o saúdo de despedida.

O que servía para ir a Castela era considerado como “home enteiro e cabal”.

Nunha nota a ese traballo citado, do Sr. Taboada, lemos algo interesante relativo á Cruz de Ferro.

A Cruz de Ferro achábase situada no porto de Foncebadón e ó pé dela botaban, os segadores que por primeira vez facían a viaxe a Castela, unha pedra nunha morea grande que alí había. De volta, se foran libres de latrocínios e aldraxes, deixaban as súas fouces como ex-voto no santuario da Nosa Señora das Angustias⁷.

Como non todos atravesaban os mesmos lugares, grupos había que ó pasar pola Venta da Capela —poñámolo atal se nos relata— “detíñanse diante da Capela da Virxen del Buen Suceso, descubríanse, e rezábanlle. Ofrecíanlle cuartos si lles iba ben en Castela. A volta, dábanllos. Un riuse dos outros, e atopouse tan mal en Castela, que cuasi morreu, non sandou deica que volveu pol-a Venta da Capela e lle pediu perdón á Virxe”⁸.

⁷ Ob. cit., p. 25, nota.

Gil y Carrasco, “El Segador” = Correa Calderón, *Los costumbristas españoles*, p. 1.171.

⁸ Ref. de Adelino R. de Carracedo.

Outros facían promesas xa en terras de Zamora e así, “ao pasar por Cabaos de Zamora ofrecíanlle a fouce a Virxen de Tuiza, pra non se cortar. Se non se cortaban dábanlla a volta”⁹.

Hai contos que se relatan duns a outros e os que xorden tódolos anos por incidentes ocorridos e que ó pasar varias xeracións nárranse como “historias”. Vexamos:

Os Zarradaus eran moi maus, percuraban escapar sin pagar o que comían.

Contaban os vellos que unha vez un seitureiro escapou sin pagar e andaba estudian- do pra crego, e que lle dixo a unha muller, que lle vendera unha cunca de caldo: ¡Desgraciado! Eres estudante pra ser bon. –El respondeulle: Hoxe non teño con qué, cando sea bispo xa lle pagarei. –Tempos andando, chegou a ser Bispo e veu a Venta a pagar- lle o caldo a vella.

Antre os Zarradaus e os habitantes da Serra Seca, houbo moitas pallougadas. Metíanse con toda a xente. Os de eiquí enzurrábanlle os cás. —Nunha pallougada quedou un Zarradau, tan mal ferido, que pra que non se enteirase a Xusticia, levárono pra Carracedo e tuvérono escondido deica que sandou.

Os seitureiros eran obxecto de burlas non só en terra de Castela, senón en terras de Galicia. Na nos límites da rexión e a veces neles mesmos, falaban de modo burlesco ou irónico e así, ó pasar “pol-a Verea cara a Castela” dicían ó chegar ós pobos:

¡O señora! ¿Poderanos dar pousadiña? Sómolle tantarrichiños, poucos. Sómolle tres mestres e tres medios mestres, e tres mestres enteiros e tres dos fardos, e tres dos cham- barría, i-outros tres que veñen detrás, i-o pai d-iles, i-o máis pequerrechiño. Déanos a pou- sada ña señora, que somos tantarrichiños, poucos.

Un seitureiro comeu unha cunha de caldo na Venta da Tresa e ao escapar sin pagar perdeu un zapato. Dille a ama da casa: Barrosoño, volve pol-o zapatiño. –Respondeulle o sei- tureiro: Caga n-il, caga n-il, que aunque fora de prata non che volvía por il.

A xente nova insultaba aos seitureiros que pasaban pol-a Venta da Verea, decindo: ¡Marra un, Marra dous, Marra tres... Oh mala rabia!.

Unha venteira díxolle a un Barroso: E ló, xa volviche? Farías moitos cartos? –El res- pondeulle: Trinta rás, trinta montós... ¡Castilla do demo, que tal quedache!.

Nun recente traballo publicado no Cuaderno XVII de Estudios Gallegos e co títu- lo de “Gallegos en Castilla”, o Dr. Moralejo fálanos da chegada dos galegos a terras de Zamora, camiño de Sagrajas en Toledo e tamén camiño de Jambrina, Pontejos e Fuente Sauco e Peñaranda de Bracamonte.

Deste artigo, no que hai notas, tiramos o conto do que indo descalzo deu un tro- pezón contra unha pedra e ó ver a ferida que se fixera, alegrouse de non ir calzado, exclamando: “Pobre zapatiño, si te levo posto”, e o das cancións con que se burlaban dos galegos e que tan populares son en terras de Castela:

⁹ Ref. de José P. de Pentas.

Los gallegos en Galicia
cuando van en procesión
llevan un gato por santo
y una vieja por pendón

existindo a variante do “gallego” pola “vieja”.

Tamén é curiosa a canción que cita e que os rapaces dicían ós galegos cando pasaban por aqueles pobos:

Gallego moruso
quien te compuso
tu madre con la rueda
tu padre con el huso

se ben aquí, máis que referirse ós seitureiros, era máis ben ós afiadores que tamén percorrían aquelas terras.

Existían algunhas crenzas respecto a supersticións de divindades protectoras dos camiños. Vexamos o que nos din os Sres. Cuevillas e Rui Serpa Pinto ó falar do culto ós deuses dos camiños:

Outro moi importante haino na fronteira de Galiza con Castela, no lugar chamado a Cruz de Ferro, feito pol-os segadores que en tempos pasados ían a pé a traballar nas segas da Meseta, e outros aínda hainos en Portugal. O mesmo os amilladoiros do Teixido que os da Cruz de Ferro semellan siñificar unha acción de grazas pol-a felicidade do viaxe, expresada no acto de tirar a pedra e ofrendala ao deus do camiño e debe relazoarse cas moreas de coios que por idéntico motivo formábanse ao pé das columnas que en Grecia servían de indicadores das vías, columnas e moreas consagradas a Hermes, o deus pegoreiro de Arcadia, que pol-o seu carácter de conductor de rebaños, pasou a ser conductor de homes cando vivos, e das súas almas despois de mortos e cuia imaxe, con tres ou catro cabezas, colocábase tamén nas encrucilladas¹⁰.

A ausencia durante a viaxe dos segadores a terras castelás deixaba un baleiro grande que se manifestaba nun certo deixado de tristura no pobo esperando ansioso o regreso, pois algunhas casas quedaban soas e case pechadas.

No verán quedan o galo e a galiña sós na casa co gato e este laméntase: –“¡Ay que tardes tan largas! ¿Onde irán nosos amos? El gallo, que tiene comida abundante, responde alegre: –Vanche na seitura... Pregunta el gato, aburrido: –¿E cando virán? Dice el gallo: –A noite escura”¹¹.

¹⁰ L. Cuevillas e Rui de Serpa Pinto. “Estudos sobre a Edade de Ferro no Noroeste da Península. A Relixión”. A.S.E.G., t. VI, p. 20-21 (316 - 317). Véxase tamén M. Macías, “Discurso”, *B. C. de Monumentos de Orense*, 1917, p. 288; Leite de Vasconcellos, *Religiões de Lusitania*, VIII, p. 156; Seuding, *Mitología griega y romana*, p. 83.

¹¹ V. Risco, “Creencias gallegas”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, t. III, 1947, cad. 3º, p. 377.

A canción popular ten as súas manifestacións no labor da seitura que dá mostras de ter penetrado profundamente na alma do pobo.

Atopámolas de tódalas manifestacións como son as dun labor a realizar:

Ei d-ir a tua seitura
ei d-ir a tua segada
ei d-ir a tua seitura
que a miña vai acabada.

Outras expresan o mellor de cada terra:

Castilla para segadas
para bo viño a Ribeira
e para nenas bonitas
solo Bande miña terra. (Bande)

A distancia esperta a morriña tratando de dominalas na expresión da seguinte canción popular:

Nas seituras de Castilla
tanta sede, da lembranza,
os sofrementos, nas nosas,
un río afogas con auga. (Bande)

e, non obstante, mantense viva a relebranza de Galicia aínda que o segador sexa das terras do Limia, terras de doados esquecementos:

Sego en alleas seituras
lonxe moi lonxe da terra
sonche d'a veira d-o Limia
e mais non m-olvido d-ela. (Bande)

Seguen outras tomando o Limia como motivo de esquecemento aínda despois de pasar o "río do Olvido" que non causou o maleficio tradicional no recordo das xentes:

Os rios da nosa terra
olvidan d-o amor os ciumes.
¡Eu sufro os d-unha rapaza
inda que o Limia traspuxen! (Bande)

Outra expresión de idéntico motivo é a seguinte:

N'as seituras castellanas
a sede d-auga, da penas
estamos lonxe do río
que nos fai olvidar d-elas. (Bande)

Como a emigración é reiterada ano tras ano, xorde ás veces na canción popular como, deixando terras coñecidas e ricas, van traballar outras terras:



Foto: Museo Etnolóxico de Ribadavia

Uns corren para Castilla
deixando a terra de Bande
¡en donde a fortuna está,
solo Dios é quen o sabe! (Bande)

e este camiñar constante maniféstase nunha serie de cancións que xustifican a razón dese abandono das súas terras, buscando por pouco tempo un pouco de fortuna e sorte cando está na casa:

A Castilla van os homes
a Castilla por ganar
Castilla queda n-a terra
para quen quer traballar.¹²

Desta hai unha pequena variante que non modifica o substancial:

A Castela van os homes,
a Castela pra ganar;
Castela queda na terra
pra quen queira traballar.¹³

¹² Pérez Ballesteros, *Cancionero popular gallego*, t. 1, nº 2, pp. 27 e 186.

¹³ Ídem, p. 186. *Terra de Melide*, nº. 31, p. 500.

Outra variante consiste no seguinte:

Veñen a Castilla os homes
a Castilla por ganar.
Castilla queda na terra
pra quen quere traballar. (Bande)

Pero non era só Castela punto obrigado de emigración, aínda que esta sexa temporal. A canción recolle outros lugares e úneos poñendo en dúbida a sorte que poidan alcanzar os que abandonan a terra:

Uns corren para Castilla
outros corren para Cáis,
e sólo Dios é quen sabe
en donde a fortuna está.¹⁴

Mais como a emigración é inevitable e en procura desa curta fortuna abandonan as súas terras, o pobo, que é o que xorde nas cancións populares, dexesa bo trato ós que marchan a terras castelás, pensando na rudeza do clima e a dureza do labor, e así pide, na coñecidísima canción que inspirou á insigne Rosalía unha das súas máis belidas cancións:

Rapaciños de Castilla
tratade ben os galegos.
Cando van, van como rosas,
cando veñen coma negros.¹⁵

ofrecendo variantes que, no substancial, seguen a mesma idea: o desexo de que en terras de Castela se lles trate ben:

Castellanos de Castilla
que lle faceis aos galegos,
cando van, van como rosas,
cando vén, vén como negros.¹⁶

Outra:

Castellanos de Castilla
tratade ben os gallegos
cando van, van como rosas,
cando veñen, veñen negros

e nela indicábase a impresión daquelas xentes que despois da temporada dura no seu labor da seitura, baixo un sol forte e canicular, regresaban coa pel tostada e ennegrecida polo Astro Rei que desfiguraba o rostro daqueles que case dous meses antes saíran coa pel case branca e tersa e volvían curtidos e negros.

¹⁴ Pérez Ballesteros, *Cancionero popular gallego*, t. 1, p. 189, n.º 16.

¹⁵ Pérez Ballesteros, *Cancionero gallego portugués*, t. 1, p. 189.

¹⁶ *Parroquia de Velle*, n.º. 437-10, p. 323.

Lope de Vega, na súa comedia *El Gran Duque de Moscovia*, fai indicación da influencia que o sol exerce neste rudo labor da sega nas terras onde se realiza este traballo e así, os segadores en escena, cantan o seguinte:

Blanca me era yo
cuando entré en la siega.
Dióme el sol, y ya soy morena.
Blanca solía yo ser
antes que a segar viniese
mas no quiso el sol que fuese
blanco el fuego en mi poder
mi edad al amanecer
era lustrosa azucena
dióme el sol y ya soy morena.¹⁷

Existen algúns outros contos cheos de grande humorismo e ironía, dos que debemos a referencia ós Sres. Taboada e Pereda:

“Regresaban de Castilla cuarenta gallegos que fueron robados. Se presentan al Juez –‘¿Como siendo cuarenta se dejaron Vdes. robar?’ – ‘Señor, viñamos solos’, contesta el mayoral”.¹⁸

“Un vecino de Trasestrada en la siega de Castilla encontró un nido de huevos. Quiso comer uno y apareció un pájaro dentro piando. – ‘¡Tarde piache!’ y lo tragó. Dicen es el origen de la citada frase”.

“Regresaban de la siega varios gallegos. Al atravesar un puente vieron reflejar la luna en el río. ‘¿Como poderíamos coller ese queixo?’ – ‘Pois moi ben. Eu cólgome do petril, outro agárrase as miñas pernas, outro das d-él e asi todos’. Cando xa estaban colgados, gritou o d-arriba, ô primeiro: ‘Agarraivos que vou cuspir nas maus’. E foron todos a auga”.

O camiño, ben que lentamente realizado, non deixaba de ser duro nas súas xornadas e iso reflícteo o seguinte cantar:

No camiño de Castilla
moito pican as areas.
¡Picarán a meu hirmán,
qu-anda por terras alleas!¹⁹

Os días de festa, cando remataban algún campo ou terra de labor dalgún patrón, facían a súa pequena festa, ou senón, os días que reunidos na praza maior do pobo castelán xuntábanse varias cuadrillas, xurdía de contado o amor propio dunhas e outras, producíndose o desafío que queda expresado na seguinte canción:

¹⁷ Lope de Vega, *El Gran Duque de Moscovia*, acto II, esc. XVI, p. 267, t. 52.

¹⁸ Outra versión semellante achámola referida por Gil y Carrasco no seu citado artigo “El Segador”, publicado por L. Correa Calderón, *Los costumbristas españoles*, p. 1.141.

¹⁹ Pérez Ballesteros, *Cancionero gallego portugués*, t. III, p. 37.

Vivan os do noso bando,
que viva a nosa coadrilla.
Vivan os do noso bando
que é a xente mais lucida.²⁰

Moitas veces o éxito da xornada de seitura non se vía na aportación da fortuna, tras da cal foran con ollos soñadores, e iso bótaselle en cara ó mozo que volve sen poder amosar un resultado positivo da súa viaxe ás terras castelás:

Non sei ler, nin esquirbir,
nin poñer o pé de roda,
o día que ti te cases
poñerei monteira nova.

Variante:

o día da tua boda
hei poñer monteira nova.

Anque a poñas queridiño
non fas moita maravilla
e logo ¿que lle fixeches
o diñeiro de Castilla?
Non me fales de Castilla
que me das no corazón
que o gastamos nos os dos
na taberna do Rebón.²¹

Hai unha variante que di:

Anque a poñas, galán,
non é grande maravilla.
¿Que fixeches do diñeiro
que trouxeches de Castilla?
O diñeiro de Castilla,
meniña, ti tés razón,
que m'o axudache á gastar
na taberna do Torrón.²²

Se eses malos tratos que lles cargaban eran recibidos durante a estancia na sega, a canción tamén busca a vinganza naquelas terras, aínda que esta teña un fondo inmoral, atal o expresa a canción:

Castellanos de Castilla
vós habedes rabear,

²⁰ *Parroquia de Velle, Cantigas de Ronda*, nº 414-5, p. 321.

²¹ Pérez Ballesteros, *Cancionero gallego portugués*, t. III, nº 4.

os galegos fan os fillos
vós habédesllos criar.²³

En previsión disto había moita prevención, e así dáse o caso de que nunha das viaxes que os segadores facían do pobo á terra de traballo, un permitiuse dicir galanterías á filla do administrador, que ía montada nun carriño con trigo para a eira, e a inmediateza foi prendelo, pasando parte da temporada en prisión.

Rematado o labor, e de volta á terra galega, as cancións teñen tamén o seu motivo de inspiración e reflicten o estado de ánimo dos que volven ós patrios lares:

Anque veño da seitura
tamén veño da segada
anque [veño] da seitura
non veño nada cansada.

Boas noites Maruxiña
que cansadiño che veño
dame un tallo pra sentarme
porque de pé non me teño.

Ambas as dúas, como se ve, contradínse e son un desafío da moza ó mozo como resposta ós seus labores de seitura.

E chegado o mes de agosto, época en que normalmente se dan por rematadas as angueiras do campo en Castela, data recollida na canción popular, a partir da cal regresaban os galegos a Galicia, é o día da Virxe o tempo da iniciación da volta:

Nuestra Señora do quince
sea ela moi ben venida
¡cantos galleguiños botan
Terra de Campo arriba!²⁴

Non queremos rematar sen indicar que aquí queda un portelo aberto para continuar a recolleita de datos e demais, respecto a este punto tan interesante como é o desprazamento humano circunstancial, pero notable, e de influencias en tódalas ordes da vida nunha e outra rexión para realizar un algo que sexa completo e nos dea unha visión de todo, visión que aquí non fixemos máis que esbozar.

NOTA:

Quero facer público nestas liñas o agradecemento ós que me facilitaron datos para este pequeno traballo, como foron os Sres. Secretarios de Bande, Muíños, Allariz, Xinzo, e a meus particulares amigos Sres. Taboada, Pereda de Verín e Laureano Prieto.

²² *Terra de Melide*, Folklore, n.º. 423-24, p. 528.

²³ *Parroquia de Velle*, n.º. 437-11, p. 323.

²⁴ Recollido por Laureano Prieto.

EXPOSICIÓN

GALICIA E A SEGA EN CASTELA Ó LONGO DOS TEMPOS

Xosé C. Sierra Rodríguez

A exposición temporal. Ferramenta obrigada da museoloxía

A museografía é unha práctica derivada dun discurso de partida —a reflexión museolóxica— e ámbolos dous son alimentados polo nutriente das ciencias sociais. Museografiar é configurar un espazo de mediación para producir información e establecer unha comunicación entre a institución museal e a comunidade que a utiliza. Polo tanto toda práctica museográfica necesita conxugar dous espazos físicos: o referencial do fenómeno museografiado e o contextual das salas e recintos subministrados polo propio museo para acolle-la experiencia expositiva.

A exposición *Galicia e a sega en Castela ó longo dos tempos*, pensada, en principio, para se adaptar ós dous recintos de acollida inicial, o Museo Etnolóxico de Ribadavia e o Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela, está deseñada para a súa exhibición noutros lugares, algún deles previsto. A vontade de que o fenómeno tratado posúa un marco autónomo capaz de centra-la atención do visitante nos elementos expositivos manexados polo discurso da mostra xustifica a estanquidade parcial da montaxe respecto das salas nas que se instala. Os elementos producidos operan como a ortografía que axuda á comprensión das imaxes e textos seleccionados e achega significantes útiles para orienta-lo visitante nas distintas seccións da exposición. Procúrase estimula-la asociación de imaxes tridimensionais (arquitecturas simuladas e vehículos para o transporte de viaxeiros) e bidimensionais (fotografías e debuxos) cos textos, cerna da cuestión museografiada, e (a meirande parte) documentos testemuñais que significan, describen ou valoran o movemento estacional de

traballadores agrícolas galegos cara a Castela. A palabra e a oralidade (reflectida nos vídeos) dominan o discurso expositivo, e as imaxes pretenden compensa-lo carácter fragmentario do relato textual. Os elementos escenográficos incorporados aduban a intertextualidade que se acocha baixo toda exposición museográfica e axudan, como indicamos, a crea-la sin-taxe do percorrido expositivo. Paradoxalmente, o secundario, no discurso museolóxico, é sempre o primario na concreción museográfica. A pretextualidade e a intertextualidade dos elementos físicos recreados e das imaxes implicadas impóñense visualmente á textualidade, favorecendo a súa comprensión. Nisto reside a peculiaridade da representación museal e a súa diferenza con outros soportes de información e comunicación sociocultural.


Na exposición aquí presentada, estes paradoxos e servidumes son particularmente visibles, porque a documentación dominante é a textual e porque a fonte oral, relativa-mente —fondos documentais de Historga (Universidade de Santiago) e do Museo Etnolóxico (Ribadavia-Ourense)—, só pode ter acomodo nunha pequena mostra temporal mediante unha utilización moi medida e asociada á imaxe (neste caso filmada). O fenó-meno da sega non produciu un patrimonio moble numeroso e variado, e a dispoñibilida-de de testemuños fotográficos e filmicos directos é moi limitado. O texto, noticias e opi-nións en prensa escrita, forma o repertorio máis denso e doado para museografiar nunha exhibición temporal e de síntese, un feito que posúe, en termos históricos, unha longa duración. Por outra banda, a exposición debía utilizar estes documentos como fío con-ductor do seu relato, o que levou a dota-los textos escolmados dunha centralidade mani-festa, reproducíndoos e xerarquizándoos de maneira semellante ás imaxes exhibidas.

Segadores a Castela. Nota introductoria á exposición

A exposición *Galicia e a Sega en Castela ó longo dos tempos* constitúe unha síntese visual do fenómeno migratorio temporal que converteu Galicia, durante varios séculos —Antigo Réxime e séculos XIX e XX—, en exportadora de man de obra cara ás rexións relativamente próximas de Castela, A Mancha e, en menor medida, Estremadura.

Os textos que integran o presente libro-catálogo achegan, dende a antropoloxía e a etnohistoria, a súa visión dunha práctica migratoria “andoriña” que adquiriu trazos de longa duración e que só o desenvolvemento, a mediados do século XX, de dous acontecementos tecnoeconómicos e sociais converxentes fixo esmorecer: a mecanización da colleita de cere-al no campo castelán e a demanda de forza de traballo procedente da Europa meridional por parte dos países industrializados do centro e do oeste do continente. Polo tanto, non é a nosa tarefa aquí analizar histórica ou etnograficamente esta cuestión, senón da-las claves para a comprensión da exposición a través do seu relato museográfico.

EXPOSICIÓN SEGADORES GALEGOS A CASTELA



Plano da exposición na primeira montaxe. Museo de Ribadavia (Ourense).

A exposición achégase a un mundo que pode ser observado dende o que a antropoloxía denomina culturas do traballo, onde a produción de bens e servizos e o mercado laboral tecen e destecen as identidades de grupos e comunidades, delimitadas pola segmentación social, a diferenciación de xénero e a etnicidade. A identidade como construción exterior e como mirada concibida polo outro é complementada dende dentro polos intérpretes, que proxectan imaxes alternativas da identidade construída entre todos.

A exposición estrutúrase en cinco seccións, precedidas dun espazo de acollida no que se coloca o título da mostra sobre un fondo que alude á luminosidade do campo castelán, no que emerxe, como protagonista, o trival. A terra amarela e os ocres e grises do solpor trazan a imaxe difundida da cor e a calor da meseta, feitos nos que inciden reiteradamente os textos dos autores que guían a exposición e que se constitúen, no seu momento, en cronistas e valedores dos seitureiros galegos.

Introito museográfico. *Castellanos de Castilla...*

A sección primeira introduce a cuestión museografiada. Unha imaxe de Rosalía de Castro acompaña os textos literarios que idealizan o sufrimento e as servidumes que pesan sobre unhas comunidades labregas obrigadas a emigrar para superar situacións de escaseza. A linguaxe poética como percepción dunha realidade social que se coida explotadora, pero tamén como encadramento emic dunha identidade construída sobre as características que informan o ser social duns segmentos do campesiñado identificado coa súa sociedade e coa súa terra. As bondades da terra orixinaria (Galicia) e as miserias e maldades da terra de traballo (Castela) configuran a oposición identitaria entre o propio e o estraño, no que a terra absorbe un potencial simbólico que se consolida no pensamento galeguista e nacionalista posteriores, e que vai dos imaxinarios do folclore ós idearios das elites e viceversa. O poema que lle dá a réplica ó tan coñecido de Rosalía desemboca na esperanza da rexeneración da terra galega que poña fin á lacra estacional da sega. Castela é a paisaxe que representa a inxustiza, que obriga os labregos galegos a procurar fóra os ingresos que precisan para pagar rendas ou sanear escasamente a súa economía. As contradicións interiores son exportadas, e a explotación, representada pola venda temporal da súa forza de traballo, facilita identificalo territorio exterior coa imaxe da explotación. Castela, escenario, e os casteláns, donos del, facilitan a asociación entre drama e alteridade e que se idealice positivamente Galicia e negativamente Castela, as terras respectivas.

Para ilustra-la profundidade histórica deste fenómeno migratorio, anéxase o mapa de Galicia no que se distribúen os focos maiores de emigración temporal; vai ademais unha Real Cédula de 1773 na que se exime das obrigas militares ós “jornaleros de temporada” que participan nos labores agrícolas das terras alleas e que abusivamente eran sorteados para o alistamento militar durante a súa estancia en Castela. Este documento constitúe unha mostra significativa da percepción, dende fóra, dunha identidade galega con relación ás xentes doutras “provincias” e “reinos.”

Móstrase, nesta sección introductoria, a capacidade do texto literario para edificar imaxes e establecer asociacións nas que a explotación polo traballo e a lonxitude histórica que posúe a migración estacional a Castela forman a trama e o urdido dunha identidade que conxuga os tres elementos da matriz estrutural identitaria:

A derivada da segmentación social

¡Buscan o traballo fóra
cal si eiquí non-o tiveran!

[...]

Vel-ehí veñen os gallegos
traballadores, d'a sega, [...]

Lamas Carvajal

A circunscrita polas relacións de xénero

Morreu aquel que eu quería,
e para min nin n'hai consuelo [...]

Rosalía de Castro

Chéganlles cartas a
moitos

traballadores n-as segas [...]
cartas queixosas e tristes

Lamas Carvajal

A definida pola etnicidade

Pola mala sorte inda hoxe
á buscar van á Castela
traballo de sega e malla
os fillos d' nosa terra [...]

Lamas Carvajal

A conciencia do endemismo do mal que se denuncia, e da fatalidade que oprime esta terra, contribúe a fixar crenzas que se asocian á esperanza nun rexurdimento económico e social sempre demorado

Non lonxe ha de vir un
tempo
en que sin saír da terra,
terán traballo os que hoxe
van á buscalo n-as segas.
!Canto tardás, cobizada
rexeneración galega!

Lamas Carvajal

A Terra Orixinaria

A segunda sección, denominada “A Terra Orixinaria”, pretende contextualiza-la situación do agro galego mediante textos e imaxes que remiten ós séculos XIX e XX e nos que se mostran e expresan as condicións que motivan as dinámicas migratorias, entre elas a sega estacional en Castela. A condición social do campesiñado, o parcelamento do

A TERRA ORIXINARIA



espacio cultivado e as arquitecturas representativas do poder económico e da dominación simbólica exercida polos grandes e medianos propietarios da terra constitúen as iconas sobre as que interpreta-la paisaxe territorial e social da Galicia decimonónica nos lindes da modernidade.

Penetramos nesta sala e atopamos un mapa de Galicia do século XVIII que nos lembra novamente a antigüidade do fenómeno museografiado. O minifundismo e o parcelamento extremo da superficie agraria cultivada teñen a súa réplica inmediata nas escenas do universo simbólico —a festa e a celebración cívico-relixiosa—, lugares para a sociabilidade

e ámbitos nos que se manifesta o código moral subordinado á Igrexa e ás prescricións dos seus representantes. Seguidamente, fragmentos da vida diaria na comunidade aldeá dan-lles o contrapunto ás grandes arquitecturas monacais e pancegas, metonimia construída da gran propiedade eclesiástica e da fidalguía intermediaria e propietaria, con moitos folgos aínda ó longo do século XIX. Discurso que se complementa con imaxes do traballo regulamentado polo vínculo veciñal e de parentesco, que se expresa igualmente nas relacións que se tecen nos momentos de descanso e naqueles nos que se comparten lecer e xantar. Concédesele particular protagonismo ó labor da malla, tan achegado á tarefa que os segadores estacionais ían desenvolver a Castela, e actividade caracterizada polos dispositivos de axuda e apoio mutuo creadores de xeitos e costumes “cooperativos”, fundamentais para comprendérmo-los mecanismos organizativos sobre os que se articulan as cuadrillas de segadores, e que proporcionan fórmulas aproveitables para unha maior eficacia e produtividade do seu traballo en Castela. Se parafraseamos a Raúl Iturra (1988), a decisión de ir á sega a Castela e a conseguinte configuración das cuadrillas responde ó esquema de construción de relacións laborais sobre a base das necesidades compartidas que demandan a obtención dunha ganancia económica e, para isto, precisan o mellor aproveitamento da forza de traballo dispoñible, maximizando tódolos recursos: contactos, saberes e redes de relacións dentro da comunidade aldeá e do seu contorno territorial máis próximo.

Unha recreación de valados e cubertos, ilustración obrigada para escenifica-lo repertorio de instrumentos de traballo, estimula a locuacidade da memoria silente que se acocha baixo apeiros e ferramentas: fouces, gadañas, forquitas, peneiras, mallos... Ó fondo da sala unha fiestra acolle un vídeo que nos fai un retrato visual e oral de sucesos e instantáneas ligadas ó tema da sega e que só logran unha comprensión doada cando o vello labrego conta as súas lembranzas da viaxe ás terras madrileñas para prestar a súa forza de traballo. Esta testemuña (rescatada dos arquivos da TVG), que aparece ó comezo do vídeo, despois de 15” de breves instantáneas, enlaza coas imaxes do arquivo de NODO e do cineasta Carlos Velo, onde figuras humanas da aldea son interpretadas pola voz en off que pronuncia o discurso (etic e distanciada) sobre a sega e os segadores. Aínda que o vídeo pretende ser unha síntese visual da exposición tratando, polo tanto, os diferentes aspectos nela contemplados, sitúase nesta sección para salientar que neste, como en tantos fenómenos sociais, os procesos se inician nos contextos de orixe. Eran e foron as condicións estruturais da agricultura galega, mediatizadas pola realidade económica, institucional e política envolvente, as que producen a migración estacional e a proletarianización eventual de continxentes significados do campesiñado galego. A opción por eles adoptada, en conxunturas diacronicamente distintas, é percibida na combinación do relato individual do vello segador coas imaxes dispaes que o vídeo ofrece de filmacións, fotografías e gravados pertencentes a períodos diferentes dos séculos XIX e XX; séculos

que fornecen a posibilidade de rescatar e patrimonializar as poucas imaxes dispoñibles sobre esta parte relevante da historia agraria de Galicia.

O vídeo pretende igualmente destacar a potencialidade da imaxe para expoñer os conflitos identitarios que agroman ó redor dun feito social que interpela, con forza, as relacións de alteridade entre individuos e comunidades diferenciados pola lingua, polas súas paisaxes e polas relacións que establecen coa terra, como medio de produción e como espacio de xeración de sentido para as súas respectivas vivencias. A construción negativa da imaxe do emigrante (polas comunidades receptoras) produce a construción reactiva da imaxe tamén negativa do pobo receptor dese emigrante (polo discurso crítico coa emigración), ó tempo que idealiza a figura do que sofre a experiencia migratoria. Os textos orais da voz en off do vídeo e varios dos documentos utilizados na exposición son expresivos neste sentido. Finalmente, a palabra do vello segador clarexa, ó falar do retorno, as intencións e motivacións dos desprazamentos a Castela que dan claves explicativas, cando menos, da conxuntura deste fenómeno migratorio na posguerra, cando a re-ruralización, o peche dos mercados e a imposibilidade para unha emigración exterior de ciclo longo motivaron o renacemento deste movemento estacional de labregos a xornal, carentes e moito máis necesitados que nunca de diñeiro. A memoria sólida do vello segador asoma por unha fiestra pola que se divisan as imaxes descritas e que nós observamos dende o interior da casa, sentados no escano que nos acolle para escoita-lo relato do avó que examina na distancia a precariedade de tempos xa idos, pero, para el, non esquecidos. Unha artesa acurrunchada baixo a fiestra do vídeo dá fe de que é na casa, e dende a casa, fronte ás leiras e cubertos que a circundan, onde vemos e escoitamos o son e a imaxe da narración que o segador e a voz cómplice do vídeo, xuntamente, relatan.

“Mañá vou para Castilla”. Viaxe dos segadores camiño dos campos de Castela

Nesta sección terceira o visitante inicia unha curta viaxe escenográfica que mostra a dimensión metonímica propia de tódalas museografías. Instrumentos e textos, montaxes e percorridos manexan fragmentos e signos parciais da realidade para construír un todo no que non cabe sempre a explicación causal dos fenómenos tratados, pero si a súa interpretación dende a condición limitada que ten articular o todo mediante a ordenación performativa de segmentos e partes. Se o potencial metonímico dunha exposición é, cando menos, parcialmente logrado, esta acadará o seu obxectivo: producir o interese por un fenómeno, dar pertinencia ó contexto museal para que os recursos museográficos produzan a mediación entre os fragmentos da memoria patrimonialmente rescatada

e a busca dos seus significados e valores polo visitante. A parcialidade interpretativa (hermenéutica) da exposición ó servizo da experiencia heurística (indagadora) dos que visitan e participan da exposición.

As xeografías de destino, a preparación da viaxe que inclúe a formación das cuadrillas e a consecución do préstamo para os gastos de transporte e mantenza durante o desprazamento son algúns dos aspectos que tiñan que solucionar os segadores e, concretamente, o maioral das cuadrillas. Tamén a disposición da intendencia e o equipamento básico para o traballo nos campos casteláns constituían unha preocupación dos segadores. Nesta sección un mapa coas rotas principais, unha pirámide xerárquica dunha cuadrilla-tipo e a imaxe do ferreiro fabricando unha fouce ou arranxando e cravuñando a vella dan pé o percorrido dende as terras de Galicia ata as dúas Castelas. A figura do segador camiñante, de memoria xa perdida, de ilustracións e recreacións en textos xa clásicos no achegamento a esta cuestión, contextualiza os testemuños etnográficos de autores como Vázquez Martínez e Abelardo Moralejo, autor o primeiro do único traballo monográfico sobre esta cuestión publicado (1948) cando o fenómeno estaba aínda activo; ámbolos dous textos reproducense neste libro-catálogo. A iconografía do segador lembra ó camiñante que facía o traslado a pé cando a sega en Castela non ofrecía outros medios de transporte que mulas e cabalerías, non sempre alcanzables ás economías de tódolos membros das cuadrillas. Esa figura esquematizada do segador dos ss. XVIII e XIX, encarnada polo retrato de Gil y Carrasco, responde ó tipo humano protagonista das prácticas migratorias intrapeninsulares que para o s. XVIII estudou no seu día Meijide Pardo.

A reprodución facsímile dun documento de 1754 prohibindo a presenza de mulleres nas cuadrillas de segadores introduce a distinción de xénero que emerxe novamente na descrición da viaxe de Vázquez Martínez cando alude ó aproveitamento que as poboacións do camiño, utilizadas como fin de etapa da viaxe, fan dos seitureiros servíndolles caldo e alimentos moi básicos. Un texto de Nicolás Tenorio alude á formación de cuadrillas de seitureiras que se formaban para traballar a xornal, nas casas dos propietarios e ricos labradores en Galicia, recollendo o centeo: correlación interna da *estratexización* (Cardesín, 1992) das familias campestres para optimizar tódolos seus recursos, particularmente a forza de traballo de homes e mulleres, coa intención de obter fóra da casa os demandados ingresos monetarios.

A escaseza de medios dos segadores e a visión elaborada dos galegos polos leoneses e casteláns das vilas e aldeas da ruta é constatada polas impresións do profesor Moralejo Laso. Unha referencia obrigada a Frei Martín Sarmiento é utilizada para encastrar o universo de crenzas profanas e relixiosas que se reproducen ó redor da viaxe dos segadores. O santuario de Tuiza, en Lubián, e a coñecida cruz de ferro de Foncebadón conxugan fe, nostalxia e tensión social interétnica entre os galegos camiñantes e os leoneses observadores da aventura solsticial dos primeiros.

CAMIÑO A CASTELA





Apeiros casteláns: *biello* e *pala de aventar*.

Colección etnográfica Caja España. Zamora.

A recreación do camiño con postes telegráficos encadra o momento de transición entre os séculos XIX e XX nos que a viaxe a pé se combina co desprazamento en ferrocarril.

Nesa sección o tren, protagonista sen dúbida do desprazamento das cuadrillas de segadores a Castela dende finais do s. XIX, ocupa un lugar destacado na exposición, manexándose o significado que tivo para a memoria dos segadores mediante a recreación dun vagón polo que atravesaba o visitante, ó tempo que se informa de itinerarios, prezos e horarios.

Doce horas diarias. O traballo da sega en Castela

As imaxes do sol, das cuadrillas organizadas para lograr a produtividade necesaria e ter garantidas novas contratacións, dos espazos que forman parte da súa experiencia castelá —campos de trigo, chairas interminables e muros de adobe sobre construcións con pórticos alintelados que dan acubillo nocturno e sombra nos reducidos momentos de descanso— constitúe o repertorio intencionado para ilustrar esta sección que confire ós textos escolmados o protagonismo dos aconteceres e traballos que presiden a vida dos segadores nos campos de Castela.

Novamente o ferrocarril é marco e referencia para testemuñas orais e escritas. A Estación do Norte en Madrid acolleu durante anos ós segadores galegos e a súa lembranza anota acontecementos e sucesos nos que se cruzan trazas descritivas sobre o aspecto dos galegos coas tensións e conflitos que produce a súa chegada. Editoriais e noticias da prensa magnifican con aproximacións numéricas o fenómeno migratorio e a editada en Castela calcula as cifras macroeconómicas que se moven para custearlos xornais dos traballadores agrícolas galegos. As identidades en conflito, cando os xornaleiros locais ven perigar as súas contratas, provoca reaccións fronte ó emigrante que posúen grande actualidade. A imaxe do segador descrita nos textos publicados ó redor de 1900, e reproducidos nesta sección, non contradín os fotogramas de anos posteriores, ó pasar xa ó século XX. A vestimenta do segador evidencia a súa posición social e a súa adscrición ós segmentos descritos por autores de comezos do s. XX (Nicolás Tenorio) e analizados pola investigación etnohistórica actual (Barreiro, 1981; Cardesín, 1993; 1992). Os sectores máis desfavorecidos —caseiros, caseteiros e camareiras—, os mesmos que optaron por acometer a aventura americana (Fernández Santiago, 1995), deberon se-los integrantes maioritarios das cuadrillas de segadores. Grupos aqueles, singularmente os caseiros, que producen unha prole numerosa ó servizo da súa estratexia reproductiva e que tecen densas e consistentes redes de relacións de parentesco e veciñais nas que xeiras e tornaxeiras e, en xeral, os dispositivos de axuda comunitaria favorecen a constitución de cuadrillas para distintos labores, como a organización de expedicións para a sega estacional nas terras da meseta.

CASTELA: A SEGA E A VIDA COTIÁ





Apeiros casteláns: *cribos*, *cerandas*, *media fanega* e *celemín*.

Préstase atención nesta sección ós documentos que rexistran a disciplina do traballo, a función xerarquicamente destacada do maioral, que asume tarefas de capataz agrícola durante o tempo de labor, e a xerarquía interna das cuadrillas, que colle maior relevo neste momento. As poucas imaxes expostas son moi expresivas da organización do proceso de traballo, reclamada polas produtividade esixida polos patróns casteláns, e doadamente acometida gracias ás experiencias aprendidas nas xeiras comunitarias polos labregos galegos. Xuntamente con estes testemuños, os apeiros principais para o traballo —a fouce e os dedís— teñen unha posición destacada nesta parte da exposición.

Os documentos críticos respecto desta emigración valoran positivamente o abren-te de mecanización, que se entende como unha posibilidade redentora para rematar con tanto esforzo e fatiga.

Seguidamente trátanse tamén os aspectos afectivos do fenómeno, a comunicación entre segadores e a súa familia, a esperanza de que os diñeiros gañados resolvan problemas familiares tan elementais como a adquisición de roupa e calzado. Imaxes de segadores traballando baixo un sol, que os testemuños converten en sinonimia de Castela e da propia fatiga, e que expresivamente describe o sombreiro de palla do xornaleiro, introducen ó momento do descanso e do lecer no que novamente a presenza da muller

toma sentido para falar dos noivados e matrimonios que se producen entre galegos e castelás. Matrimonio, enfermidade e morte xustifican a recreación do espazo relixioso e da arquitectura eclesial, onde actas de matrimonio e defunción e a lembranza dos segadores que non puideron retornar dá paso ó ansiado retorno.

A exposición intenta acoutar espacialmente o lugar do traballo, o do lecer e este último da vivencia relixiosa, pero dándolles a continuidade necesaria dentro das dimensións reducidas nas que se move o conxunto da Mostra. Asociado ó mundo do traballo, pero articulando un pequeno local propio, lémbrese a territorialidade castelá, coas súas arquitecturas rurais e cos instrumentos de traballo ligados á produción e colleita do cereal. *Balederas, biellos, escriños, cerandos* ou cribos, xuntamente cunha maqueta dun carro castelán son fitos materiais da cultura do outro (Castela) coa que estableceu contacto asimétrico un sector representativo da sociedade galega; asimetría nas relacións de produción, non na diferenza entre os apeiros e instrumental castelán.

No espazo un vídeo fai outro relato, a da vida e o traballo da sega en Castela, pero narrado dende a memoria castelá e tamén dende as lembranzas do segador galego. Con toda intención déixase en versión castelá, pois foi producido dende Castela. Constitúe un contrapunto expresivo do vídeo exhibido na sección “A Terra Orixinaria”, permitindo variadas interpretacións e, ¿por que non?, o debate.


Sen grandes aforros, coa cara torrada polo sol. O retorno a Galicia

Documentos do XVIII e de finais do XIX introducen esta sección. Preténdese insistir sobre a duración histórica do fenómeno considerado e preténdese tamén destacar a curiosidade que esperta en viaxeiros e observadores foráneos (como W. Dalrymple) as migracións estacionais dos galegos. O perfil máis tópico do campo castelán encadra estes testemuños: o campo de perfís infindos, a ausencia de árbores, o solo, implacable.

Despois as imaxes dos segadores no xantar final (probablemente semellante a tódolos anteriores) e reunidos para o repartimento das ganancias, tan escasas como agardadas, ten unha expresión visual e escrita. Os textos anotan as dificultades para custear o retorno, que non logra os descontos ofertados polo ferrocarril para a ida.

Un texto de Aurelio Ribalta de 1933 denuncia a creación dun “partido agrario nacional”, promovido por empresarios agrícolas casteláns e latifundistas do sur enriquecidos, segundo os seus testemuño, polas plusvalías xeradas polo trabalo dos xornaleiros galegos. Estamos xa na 2ª República e contamos con testemuños privilexiados como o do ex-segador e dirixente comunista Santiago Álvarez (1985), que alude á normativa protectora do mercado laboral local, productora de conflitos semellantes ós de Fuencarral, edito-

RETORNO A GALICIA



rializada en 1893, que non limitou substancialmente o fluxo migratorio galego, como indica Fernández Santiago no presente libro-catálogo. A conciencia política progresista e galeguista emerxe neste documento que utiliza o fenómeno da sega estacional de traballadores galegos como denuncia política.

A denuncia e o conflito identitario, interpretado dende Galicia, asoma de novo nos relatorios da volta dos segadores. O seleccionado de Leandro Carré é enormemente ilustrativo, como ilustrativa é a imaxe do horizonte no solpor, recreación da Castela deixada atrás diante da emoción que produce o reencontro familiar do segador coa súa familia na estación ferroviaria.

O universo das crenzas, a compensación necesaria para tanto esforzo e o peso da ideoloxía relixiosa emitindo mensaxes de salvación e redención fronte ás calamidades, humanas e naturais, que padece o segador, teñen no documento do glorioso milagre de comezos do s. XVIII, que cancela a exposición, un testemuño tan singular como expresivo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Ademais do conxunto de textos que integran este libro-catálogo, especialmente os de Alonso Ponga, Fernández Santiago, González Reboredo (co-comisario da exposición) e Vázquez Martínez, son de interese para a comprensión da exposición e do seu texto explicativo os traballos seguintes:

Álvarez, S.: *Memorias I. Recuerdos de infancia y juventud (1920-1936)*. Sada: Edicións do Castro, 1985.

Barreiro Fernández, X. R.: *Historia de Galicia. IV. Edade contemporánea*. Vigo: Galaxia, 1981.

Cardesín Díaz, J. M.: *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega*. (ss. XVII-XX). *Muerte de unos, vida de otros*. M. A. P. A. 1992.

Cardesín Díaz, J. M.: “Ricos labradores, caseiros y camareiros; transformaciones económicas y jurídico-políticas, y estructura social en una aldea de Galicia-NW de España”. *Ler Historia*, nº. 23 (1993), p. 79-99.

Durán, J. A. (ed.): *Clásicos agrarios. Aldeas, Aldeanos y Labriegos en la Galicia Tradicional*. A. Vicenti, P. Rovira, N. Tenorio. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación-Xunta de Galicia, 1984.


Fernández Santiago, M.: “Da Terra Cha a Castela: As migracións estacionais dos segadores galegos a Castela”. *Estudios migratorios*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, *Arquivo da Emigración Galega*, nº. 1 (1995), p. 170-202.

Meijide Pardo, A.: *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*. Madrid: 1960.

Iturra, R.: *Antropología económica de la Galicia rural*. Xunta de Galicia: Santiago, 1988.

Vázquez Martínez, A.: “Galicia y la siega en Castilla”. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*. XVI, xullo-décembro, (1948), p. 317-346 (reeditado en versión galega polo Museo do Pobo Galego, na súa serie Alicerces, nº. 9, o ano 1997).

Composición dunha cuadrilla



ISBN 84-95415-59-3



9 788495 415592



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Sección de Antropoloxía Cultural



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL
E TURISMO

MUSEO ETNOLÓXICO
RIBADAVIA

